



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 97

Sesión plenaria
5 de outubro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-xq9Vkzs2s-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.3 36955 (11/PNP-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350, do 26.07.2022

4.4 37488 (11/PNP-003336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

4.5 40963 (11/PNP-003471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

4.6 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

4.7 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 386, do 27.09.2022



Punto 5. Interpelacións

5.1 36128 (11/INT-001872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

5.2 39636 (11/INT-001955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre o impulso da economía circular en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

5.3 41162 (11/INT-001999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 41924 (11/POPX-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas de política social previstas para dar resposta ás necesidades da cidadanía galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

6.2 41925 (11/POPX-000080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a eficacia das medidas tomadas para garantir o dereito de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 39324 (11/POP-006098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a reindustrialización da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022



7.2 41923 (11/PUP-000280)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia ante a próxima caducidade, no mes de xaneiro de 2023, dos puntos de conexión á rede eléctrica previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

7.3 40635 (11/POP-006200)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Pérez López, Daniel**

Sobre os criterios empregados pola Xunta de Galicia para determinar o prezo do contrato de patrocinio do concerto de Muse

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.4 41296 (11/POP-006275)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións promovidas polo Goberno galego para resolver a situación xerada polo derrubamento rexistrado na estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.5 41037 (11/POP-006228)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións do Goberno galego para dar resposta á comunidade educativa da comarca de Curtis na demanda dun servizo razoable de transporte escolar que cubra as necesidades de bacharelato e formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 41904 (11/PUP-000279)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre o proceso de adxudicación das pantallas do plan Abalar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

7.7 39498 (11/POP-006109)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez Domínguez, Fernando e sete deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación do novo centro de saúde de Caldas de Reis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022

7.8 41195 (11/POP-006244)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre a situación actual do proxecto de aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de política social previstas para dar resposta ás necesidades da cidadanía galega. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia das medidas tomadas para garantir o dereito de acceso á vivenda. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 22.)

Proposición non de lei, dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 24.),

Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 26.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 28.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, respecto dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 34.) e Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 37.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 39.)

O señor Bará Torres (BNG) solicita a palabra por inexactitudes do señor Balseiro Orol (P) no seu discurso e intervén a continuación. (Páx. 41.)

O señor Balseiro Orol (P) entende que o deputado Bará Torres (BNG) reabriu o debate e solicita a palabra, que lle concede a presidenta (Candia López), para contestar á cuestión suscitada. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 euros poidan facer fronte aos gastos do inicio do curso. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 45.) e Sr. Rodeiro Tato (P) (Páx. 48.)

Nova intervención do señor Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 57.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 61.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 65.)



O señor portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, señor Álvarez Martínez, pide a palabra con base no artigo 76.3 do Regulamento e expón unha queixa sobre determinadas afirmacións da última intervención da señora Prado del Río (P). (Páx. 67.) A continuación ábrese un diálogo co señor presidente e finalmente intervén a señora Prado del Río (P), que retira a expresión obxecto da reclamación do portavoz do Grupo Socialista. (Páx. 68.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 74) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 77.)

Nova intervención do señor Puy Fraga (P). (Páx. 80.)

Votación das proposicións non de lei.

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, de 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010: rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados e deputadas máis, sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma: aprobada por 53 votos a favor, 14 en contra e ningunha abstención. (Páx. 82.)

Votación da proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento: aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 83.)

Votación da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Matilde Rodríguez Rumbo e dous deputados e deputadas máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e



Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga: *rexeitada por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Lourenzo Sobral e dous deputados e deputadas máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso: *rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Antes de proceder á seguinte votación, o señor presidente pregúntalle á autora da iniciativa se hai algún acordo sobre as emendas. Interven en diálogo as señoras Díaz Varela (S) e Prado del Río (P). Finalmente, a señora Prado del Río (P) solicita a votación por separado dun dos puntos da proposición non de lei. (Páx. 84.)

Votación do punto 2.4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución: *rexeitado por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 2.4, por iniciativa de D.^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución: *aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia: *aprobada por 37 votos a favor, 30 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia que se vai proceder deseguido á formulación anticipada de dúas preguntas da orde do día. (Páx. 85.)

Pregunta de D.^a Mercedes Queixas Zas e D. Daniel Pérez López, G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios empregados pola Xunta de Galicia para determinar o prezo do contrato de patrocinio do concerto de Muse. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 85.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proceso de adjudicación das pantallas do plan Abalar. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López)*. (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro da tarde.

Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso da economía circular en Galicia. (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 102.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 112.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reindustrialización da Mariña lucense. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 117.)



Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia ante a próxima caducidade, no mes de xaneiro de 2023, dos puntos de conexión á rede eléctrica previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións promovidas polo Goberno galego para resolver a situación xerada polo derrubamento rexistrado na estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 123.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para dar resposta á comunidade educativa da comarca de Curtis na demanda dun servizo razoable de transporte escolar que cubra as necesidades de bacharelato e formación profesional. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 128.)

Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D. Fernando Pérez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación do novo centro de saúde de Caldas de Reis. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Domínguez (P)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Domínguez (P)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 134.)



Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual do proxecto de aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 135.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 138.)

Remata a sesión ás seis e vinte e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de política social previstas para dar resposta ás necesidades da cidadanía galega

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Señorías.

Galicia vai ter no ano 2023 o maior orzamento da súa historia, e queremos centrar este debate na atención ás persoas máis necesitadas, porque na súa comparecencia no pleno da semana pasada vostede non despexou ningunha dúbida. Lamentablemente, coñecemos onte unha nova do Instituto Galego de Estatística segundo a cal a metade dos fogares galegos chegan con dificultades a fin de mes. E isto, señor Rueda, é unha traxedia, porque sabemos perfectamente a que tipo de fogares nos estamos a referir; e isto, máis alá de guerras políticas —créame que de verdade llo digo—, é un problema que temos que resolver entre todos, pero vostede é o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, no tema por exemplo de prazas en residencias, Galicia ten un déficit de máis de quince mil prazas, segundo a ratio recomendada non polo Partido Socialista de Galicia senón pola Organización Mundial da Saúde. E é unha decisión ideolóxica, porque si hai comunidades que superan ese 5 por cento, como pode ser Castela-León, Castela-A Mancha, Aragón, Extremadura ou Asturias. E eu preguntome: ¿por que non Galicia?, ¿por que aí non lles vale iso de que non queremos ser máis pero tampouco queremos ser menos? E pídolle que non cometa o erro de utilizar o ano 2009 como referente, porque a diferenza entre a media de prazas con financiamento público en Galicia e a media estatal é máis grande agora que no ano 2009, e aí lamentablemente non converxemos.

Pero tampouco nos dixo nada de se ían adoptar algún tipo de medida para corrixir ese erro lamentable de preto de dez mil persoas que non están incluídas en ningún tipo de demandas de dependencia. E mire, non o di o Partido Socialista de Galicia, dío a Valedora do Pobo: «A través das listas de agarda, comprobamos a insuficiencia das prazas residenciais, polo que recomendamos que o número de prazas ofertadas se axuste á demanda aprobada mediante os programas de atención.»



Unha pincelada: o tema da vacinación. Negueira de Muñiz, un matrimonio de dúas persoas maiores de 80 anos vai ter que gastar ao mes para ir vacinarse a Lugo máis de 200 euros en taxi, porque, grazas ao magnífico plan de transporte público de Galicia, en Negueira de Muñiz non hai autobús, hai taxi á demanda dous días á semana para ir ao mercado. (*Aplausos.*) Grazas por ese servizo.

A Tarxeta Básica, un programa que custaba 31 millóns de euros, os mesmos que van deixar de recadar como consecuencia desa demanda, que ninguén parece subscribir, de redución do imposto do patrimonio, 31 millóns de euros que van deixar de recadar, 31 millóns de euros que dedicaban a darlle unha axuda a persoas, cincuenta e cinco mil segundo os datos da propia Consellería de Política Social, para atender ás necesidades das persoas máis necesitadas. No sistema de axuda no fogar hai vinte e cinco mil persoas que teñen recoñecida esa axuda en Galicia e é un servizo no que existen listas de agarda, porque a autorización está supeditada á autorización —valla a redundancia— da Consellería de Política Social.

Acceso á vivenda. Vostedes acaban de presentar neste parlamento unha liquidación do primeiro semestre do ano 2022 na que teñen recoñecido o 3 por cento do Programa de acceso á vivenda. (*Aplausos.*) Mire —repítollo—, non é un debate de cifras, é un debate de política sobre atención ás persoas, e estes son os seus propios datos: 3 por cento do Programa de acceso á vivenda, e, aínda así, é evidente que hai un fracaso estrepitoso nas políticas de vivenda. E dicíao a presidente da Rede galega de atención contra a pobreza, na Comisión de reactivación económica e social: «A vivenda é o primeiro. É imposible unha reactivación económica e social se non se multiplica o investimento en vivenda digna e accesible».

Por iso, señor Rueda, á vista destes datos, non catastrofistas senón con evidencias, non do Partido Socialista de Galicia senón da propia Xunta de Galicia, de entidades sociais, pregúntolle: ¿que políticas sociais vai desenvolver vostede nos orzamentos de 2023, porque non dixo nada na súa comparecencia, para atender ás persoas máis necesitadas desta Comunidade Autónoma?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor Álvarez, vostede di que non dixen nada na miña comparecencia de políticas sociais. Máis ben eu diríalle que vostede ou non atendeu ou non quixo atender, coma sempre, nas partes que non lles interesan, porque lle rompe o discurso e probablemente lle rompe esta pregunta.

Ao contrario, eu creo que foi unha comparecencia centrada basicamente na capacidade que poidamos ter para o ano que vén adicada ao que máis se necesita. E vostede pregúntame:



¿que van facer para —exactamente o que me pregunta— desenvolver a resposta das necesidades da cidadanía galega? Eu máis ben dígolle: ¿que imos seguir facendo?

Polo tanto, aquí estanse facendo moitas cousas e hai que continuar facéndoas, con estabilidade; iso é importante; non a golpe de titulares, non pechando todo a última hora, como fan vostedes para manterse un pouquiño máis no Goberno. Non, non, aquí hai que facer as cousas con sentidiño, con estabilidade e con continuidade.

E dime que isto non é un debate de cifras. Non me estraña, é que non lles convén, señor Álvarez, que sempre pon a venda antes que a ferida. «Non me fale das cifras do Bipartito». ¡Oia!, pois entón vostede non me fale falsamente de que existiron rebaixas ou recortes, porque é todo o contrario. Claro, a vostede non lle interesa que fagamos comparacións, porque se verá como foron subindo, incluso en momentos moi difíciles, os orzamentos da Xunta adicados a políticas sociais respecto da época en que gobernaban vostedes, en tempos de bastante máis abundancia.

Polo tanto, si que teño que facer unha comparación tan sinxela como dicirle que nos orzamentos deste ano e no ano que vén subirán 930 millóns de euros adicados a políticas sociais no 2022, xusto o dobre do que adicaban vostedes. (*Aplausos.*) Fíxese a diferenza, ¡fíxese a diferenza!

¿Quere outra? Cartos adicados a inclusión social, que, por así dicilo, é a parte máis fonda e máis directa de todas as axudas sociais, que, efectivamente, estou de acordo en que son variadas e poden abranguer todo tipo de poboación. Pero 140 millóns; vostedes, 70,6. É que non me estraña que non queira vostede que falemos de cifras e de comparacións.

Mire, dende o ano 2009 multiplicamos por catro as persoas, os galegos acollidos a algunha prestación derivada da Lei de dependencia. Vostede di que se foi incrementando a ratio estatal. ¡Oia!, menos mal; é que, se estaba como estaba no ano 2009, aviados iríamos. E aínda así segue habendo unha porcentaxe, ese 20 por cento —sabe vostede que é 50-50— que o Goberno central non está pagando. Polo tanto, séguese acumulando a débeda en políticas sociais que ten o Goberno central con Galicia e xa estamos por enriba dos dous mil millóns.

É igual, nós imos seguir traballando, destinando 50 millóns de euros destinados á Risga no 2022, sete mil persoas acollidas a ela, tres mil persoas acollidas ás axudas de inclusión social, 8 millóns de euros para trinta e sete mil galegos que reciben ese complemento ás PNC —ás pensións non contributivas—, practicamente ningunha comunidade autónoma —e ningunha socialista— ten este complemento, nós xa o temos. Mil cincocentas familias acollidas ao bono alugueiro e social, 9 millóns de euros. 55 millóns de euros adicados á gratuidade das escolas infantís; vostedes a isto nunca lle dan ningunha importancia; son 55 millóns que desafogan moitísimas familias. Seis mil setecentos bonos para axudas ás familias para que paguen unha praza de residencia. Vinte e cinco mil dependentes atendidos a través do servizo de asistencia a domicilio; segunda comunidade autónoma en ratios. Incremento nun 25 por cento das persoas atendidas polos servizos de teleasistencia, de sete mil cen a dez mil só neste ano.



Mire, por facerlle un resumo, o índice DEC, que, como sabe vostede —vostede cita unha serie de informes e eu cítolle o informe DEC—, é feito por profesionais en materia de políticas sociais, di que Galicia é a sexta comunidade autónoma cos servizos sociais máis eficientes. ¿Conformámonos? Non. ¿É dabondo? Por suposto que non, queremos seguir mellorando nestas ratios, pero a sexta entre dezasete. Tendo en conta que hai comunidades autónomas con moita potencia económica, tamén as de réxime foral, creo que non é unha mala clasificación.

Habería moitísimas máis cifras que darlle e quedame a réplica, señor Álvarez. Pero, mire, a clave é a seguinte: nós temos claro que os servizos sociais —e máis nesta época de incerteza— son fundamentais. Temos claro que vimos dunha longa traxectoria onde en tempos moi difíciles se atendían e vanse seguir atendendo de xeito prioritario. Tamén no orzamento de 2023, coa máxima potencia que poidamos, dentro das capacidades das que imos dispoñer, pero cunha premissa: teñen que ser sostibles, non vale pechalos a última hora, non vale dar titulares, non vale ver se realmente se van poder soste no tempo simplemente para sosterse no Goberno. Un sostense no Goberno sendo coherente, tendo sentidiño tamén na política social, e por iso probablemente nós levemos catorce anos gobernando e vostedes ese tempo na oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, sabe vostede perfectamente que o atendín con atención na súa comparecencia e, mire, francamente a descualificación do adversario dicindo: non te enteraches de nada, non estabas aquí máis que de corpo presente, non lles resolve os problemas ás galegas e aos galegos. (*Aplausos.*) Que vostede me vilipendie como voceiro do Partido Socialista é absolutamente irrelevante e pode ter unha transcendencia limitada dentro da política galega, pero absolutamente inexistente dentro do impacto que ten sobre as persoas que están máis necesitadas.

Mire, vostede di: imos seguir facendo, e non quere converter isto nun debate de cifras. Eu non quixen convertelo nun debate de cifras, non citei ningún tipo de cifras nin comparación co Bipartito, que para vostedes está claro que é o argumento monolítico, por non dicir exclusivo. Vostedes utilizan esa referencia e xa está, como se non houberse un incremento nos custos de todos os servizos públicos, particularmente no servizo de dependencia, sobre o que non teño tempo para estenderme, pero sabe vostede que están afofando os concellos.

Saben vostedes que hai decenas de empresas que están renunciando ás prórrogas ás que tiñan dereito legalmente establecido, porque o custo que cofinancia a Xunta de Galicia supón sobre as arcas municipais un incremento moi dificilmente asumible, pero iso a vostede dálle igual. E, por certo, igual que eu teño certa querenza polo ámbito da educación, vostede debera ter certa querenza polo ámbito da Administración local, pero vese que tampouco.



Mire, ¿como é posible —pregúntome— que despois desa morea, esa chuvia de millóns que vostedes anuncian que levan investido desde o ano 2009 ata este momento, incluídos os orzamentos, difusos —ata onde coñecemos neste momento—, que vostedes van presentar, teñan como consecuencia a realidade que temos nesta comunidade autónoma? Porque os datos que lle citei non son datos —e repítolle que non sei se estaría vostede o suficientemente atento— que este portavoz invente, son datos do Instituto Galego de Estatística de onte, señor Rueda; son datos de onte.

Pregúntolle de novo: ¿que vai facer en materia de política social? Porque o que anunciou agora son macrocifras, e podemos coller aquí decenas de millóns de euros encima, pero a cuestión que vostede lle ten que responder á cidadanía é: ¿que repercusión teñen esas decenas de millóns de euros na miña vida diaria? ¿Vaime axudar a Xunta de Galicia para facer fronte á adquisición de produtos básicos? ¿Vaime axudar a Xunta de Galicia para pagar as facturas de electricidade, de auga, dos servizos de transporte? ¿Vai suplementar a Xunta de Galicia ata, por exemplo, o 100 por cento as axudas no transporte público metropolitano —ese que non chega a Negueira de Muñiz, como lle acabo de dicir—? ¿Que van facer vostedes de verdade?

E mire, fágolle unha oferta neste momento: paralice vostede a presentación dos orzamentos neste parlamento... (*Risos.*) (*Murmurios.*) —poderíamos facer un debate sobre a risa, pero non é o momento—, porque este partido, este grupo parlamentario, se vostede paraliza os orzamentos que teñen xa deseñados, porque xa os tiñan deseñados ata o último detalle a semana pasada cando vostede compareceu, e non son os necesarios, como cremos que non son para darlles resposta ás necesidades das galegas e os galegos pese a ter —repito— o maior orzamento da historia, este grupo parlamentario non lles vai poñer ningún problema. Podemos vir traballar aquí todos os días do mes de novembro e de decembro, festivos incluídos. Ten a nosa colaboración para reorientar eses orzamentos, porque —repito— nada do que vostede dixo creo que sirva para tranquilizar a xente que ten necesidades.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: E, como sei que esta oferta pode ter as súas complexidades, pídolle ao señor presidente —tampouco lle vou poñer ningún problema— que o minuto que non consumiu respostándome na segunda quenda no pleno da semana pasada, porque non tiña nada que dicir, llo ceda graciosamente neste pleno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, respostado encantado. Mire, este é un goberno serio. Aprobamos os orzamentos todos os anos en tempo e forma. Iso é o que permite facer políticas públicas, tamén de axu-



das sociais. Para improvisacións, para pactos de última hora, para ceder por manterse na Moncloa, para iso xa están vostedes. Nós temos orzamentos seguros. *(Aplausos.)*

E mire, a min non me importa que vostede me diga a min ou que vostede me recrimine cando llo digo eu. Vostede acábame de dicir: non, é que ao mellor non estaba atento. Eu sei que vostede estaba atento e sabe vostede que eu tamén o estaba. Outra cousa é que non lle interese recoñecer que, segundo a miña comparecencia, os orzamentos, efectivamente uns orzamentos xa planificados, traballados, non os improvisamos; xa lle digo: non os pechamos en reunións nocturnas de última hora onde a única condición é seguir un pouco máis no Goberno; non, están moi traballados e moi tendo en conta os recursos que van ter que sostener eses compromisos sociais.

Polo tanto, falei de todo iso na comparecencia e a vostede non lle interesa recoñecelo, porque sería tanto como falar en serio de orzamentos, que para iso se fan os orzamentos e para iso debíase ter unha oposición que tamén fora seria e construtiva. Se non está niso, mire, volve pedir un favor, falando de políticas sociais, e tamén lle lanzo unha proposta. Fale co ministro Escrivá e dígalle que todos eses anuncios que están volvendo poñer agora na radio e nos medios de comunicación sobre o ingreso mínimo vital dicindo que ninguén vai quedar atrás e infórmeo vostede de que polo menos en Galicia máis do 60 por cento das persoas que podían acceder ao ingreso mínimo vital prefiren quedar na renda de inclusión social. ¿Sabe por que? Porque a xestiona a Xunta e porque van poder cobrar; con vostedes non poden cobrar absolutamente nada. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, señor Álvarez, dígalle que ao mellor era bo un pouquiño menos de propaganda en políticas sociais e un pouquiño máis de eficacia. Porque, efectivamente, para a xente que está esperando a axuda das administracións e escoita anuncios dicindo que non van quedar atrás pero despois perdéndose nesas xestións burocráticas, eses líos que vostedes montaron co ingreso mínimo vital despois de tantas promesas e tantos progresos que se ían facer, están descorazonando moita xente, que ao final necesita esa axuda urxente. Por iso nos pide á Xunta de Galicia que sigamos coas nosas axudas, por iso tivemos que blindar 50 millóns de euros para atender á Risga, cando tiñan vostedes que estar atendendo —ou iso nos dixeron— polo ingreso mínimo vital, e por iso nós si que non imos deixar toda esa xente atrás.

Mentres, xa lle digo: dígalle vostede ao ministro Escrivá que ten dende o mes de xaneiro deste ano unha proposta da Xunta de Galicia para xestionar dende aquí, con eficacia, non como se está facendo agora dende o Goberno central, o ingreso mínimo vital. Como, por outra parte, están facendo no País Vasco; como, por outra parte, lle pedín ao presidente Sánchez na audiencia na Moncloa e como tantas cousas que lle pedín e que me dixon que o ía mirar, pero ségueo mirando tres meses despois e non temos absolutamente ningunha noticia. Pero é que aquí hai moita xente esperando e, polo tanto, necesitaría que a iso se lle dera unha solución. Aí si que serían vostedes unha oposición útil.

Mentres, xa lle digo: nós imos seguir traballando. Temos para o ano que vén unha senda fiscal cun marcado carácter social. Vostede iso tampouco o quixo atender nin escoitar nin ter en conta, pero mire, volvemos baixar o IRPF para as rendas máis baixas, do 9,4 ao 9. Volvemos deflactar os tres primeiros tramos onde hai máis xente con menos ingresos do



IRPF. Dámoslles por primeira vez un tratamento fiscal ás familias de dous fillos como se foran familias numerosas, 250 euros de aforro. Volvemos actualizar a Risga, esa Risga que nos van seguir pedindo porque non confían, como lle dicía, no seu ingreso mínimo vital. E volvemos darlle o mesmo índice que o índice no que sobe a vida para que estas persoas, que son as que máis o necesitan, non perdan poder adquisitivo.

E seguiremos facendo. Agora hai a pregunta da señora Pontón que ten que ver con vivenda, pero instalaremos un 20 por cento de aval para que a xente nova poida comprar unha vivenda; incrementamos un 14,2 por cento máis as axudas ao alugueiro; 50 millóns de euros adicionais para o coidado dos nosos maiores; multiplicamos por dous as axudas para o pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables; incrementamos nun 50 por cento o bono social térmico; multiplicamos por tres as axudas ao retorno, para eses galegos que queren volver, porque onde están o están pasando realmente mal; conxelamos —e van trece anos— as taxas universitarias; 230 millóns de euros en axudar as familias que teñen nenos e nenas en idade escolar e máis o necesitan.

En definitiva, espero ter aproveitado ben o minuto que vostede me concedeu de graza. Moitas grazas, señor presidente, por atender á petición do señor Álvarez. Creo que así se inviste ben o tempo. E podería seguir moitísimo máis. Outra cousa é que vostede me queira atender nunha cousa fundamental, e gustaríame que esa fora a mensaxe coa que vostede quedase para entender o que quere facer este goberno. Non estamos coas urxencias de mantermos no poder cos nosos socios, as políticas sociais non son cos socios de goberno que un día te atenden e outro día te deixan tirado, son cos galegos e coas galegas, que confían neste goberno e xa levan moitos anos confiando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia das medidas tomadas para garantir o dereito de acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, hoxe empeza o xuízo polo Alvia e quero trasladar todo o apoio e toda a solidariedade do BNG ás vítimas do sinistro, ás súas familias e ás súas amizades, que nove anos despois aínda están á espera de coñecer a verdade e de recibir xustiza e reparación. Nove anos, señorías, (*Aplausos.*) un veto do Partido Popular e do Partido Socialista a que esta cámara investigue o máis terrible accidente ferroviario que vivimos na Galiza. Nove anos sen que o señor José Blanco e a señora Ana Pastor asumiran as súas responsabilidades políticas; ao contrario, intentaron impedir un informe da Comisión Europea crítico co Estado español, un informe que saíu adiante grazas ao traballo man a man das vítimas co BNG en Bruxelas. Nove anos despois as vítimas seguen agardando xustiza, verdade e reparación e van seguir contando co apoio incondicional do BNG, porque é unha débeda con todas e cada unha das persoas que viaxaban nese tren Alvia e co conxunto da sociedade galega. (*Aplausos.*)



E, señor Rueda, en relación coa pregunta relacionada coa vivenda, eu quero lembrarlle que acceder a unha vivenda digna é misión imposible para miles de persoas no noso país, sobre todo nas cidades. Se tomamos como referencia o que nos din algúns portais inmobiliarios, veremos que en seis anos o alugueiro subiu un 47 por cento. Alugar hoxe en cidades como A Coruña, como Vigo ou como Santiago de Compostela significa de media 600 euros ao mes. Eu píddolles que boten contas, súmenlle os gastos e explíqueme como fai un mozo ou unha moza mileurista ou miles de familias no noso país para poder acceder a unha vivenda digna.

E, evidentemente, a crise de prezos fai que o problema sexa maior, pero é que levamos trece anos, trece anos que se di pronto, cun Partido Popular practicando a política de brazos caídos e dicíndolle á xente que se busque a vida porque non fixeron política social de vivenda. E é que os datos están aí e son demoledores, señor Rueda.

Vostedes recortaron nun 50 por cento o investimento en vivenda. Recortan e ademais non son capaces de executar. Por exemplo, no programa de vivenda o ano pasado deixaron sen executar 17 millóns de euros, o 67 por cento do total dese programa. E isto é o que fan ano tras ano.

No Plan de vivenda 2015–2020 vostedes prometeron que ían construír oitocentas setenta novas vivendas de promoción pública. ¿Sabe cantas construíron? Corenta novas vivendas.

No Plan Rexurbe anunciaron que ían rehabilitar mil cincocentas vivendas. Só foron capaces de rehabilitar nove.

Teñen tamén un fracaso absoluto no programa de mobilización de vivenda baleira, porque, se os datos oficiais que nos trasladan a este parlamento están ben, o que nos din é que só conseguiron mobilizar trinta vivendas baleiras en catro anos, señor Rueda, nun país como Galiza, que ten máis de trescentas corenta mil vivendas baleiras.

Pregúntolle, señor Rueda, que están facendo, que están facendo desde o Goberno para axudar a xente a poder ter unha vivenda digna. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, por suposto, o Goberno da Xunta de Galicia e eu mesmo tamén estamos desexando que se faga xustiza respecto do accidente do Alvia e por iso fixemos ese esforzo —creo que moi importante— da Xunta de Galicia, máis dun millón de euros, para preparar todo o aparato do xuízo que nos pediu o poder xudicial para que todo saia ben. Iso é o que desexamos, que se faga xustiza. Aproveitar para facer política partidaria, que parece que é o que realmente lle importa, para iso xa está vostede. Nós o que queremos é que se faga xustiza. *(Aplausos.)*



E mire, coincido con vostede en que é moi importante todo o que ten que ver coa vivenda, fundamental, é un tema primordial para as persoas, sabémolo perfectamente; polo tanto, tamén é primordial para a Xunta de Galicia e tamén coincido en que a vivenda é inclusión social; non hai inclusión social sen unha verdadeira política de vivenda.

A vivenda significa oportunidades —tamén estou de acordo— para a mocidade; a emancipación é un soño se non se ten en conta a posibilidade de acceder a unha vivenda. Tamén é vertebración territorial; isto é moi importante; hai que darlles oportunidade ás persoas, polo menos intentar que alí onde queiran vivir teñan dereito a esa vivenda digna en calquera parte do territorio galego.

Por tanto, é un tema prioritario e hai moita xente que está pagando un alugueiro e necesita axuda, hai moita xente que está pagando unha hipoteca e agora mesmo está vendo como lle soben os xuros e está pensando se vai ser capaz de pagala e por canto tempo. Hai xente que está plantexándose buscar un piso en alugueiro e non o atopa. Realmente é que ás veces xa non é cuestión de prezo, que —tamén estou de acordo— subiu moito, pero ás veces é que nin hai pisos para alugar.

Hai xente —e é certo, e este tema non lle gusta demasiado ao BNG, pero creo que hai que falar del, todo o que ten que ver con todas esas persoas— que ten unha vivenda que non está usando e que non se atreve a poñela en alugueiro. Polo tanto, haberá que falar nalgún momento, haberá que falar en serio. Nós estamos intentando falar co Goberno central e non hai maneira de que este tema o tome realmente en serio, todo o que ten que ver co réxime para loitar contra as ocupacións, un réxime xurídico duradeiro, eficaz e ben definido. (*Murmurios.*) Si, si, xa sei que este tema á esquerda non lle gusta demasiado, pero hai moitísima xente, de esquerdas e de dereitas, á que este tema lle preocupa, e que está moi preocupada ademais. (*Aplausos.*) Está moi preocupada porque vostedes intentan que non se saiba que na futura Lei de vivenda estatal se pretende que a ocupación ilegal sexa un xeito preferente para acceder á vivenda pública residencial. Polo tanto, isto tamén é vivenda e deste tema tamén hai que falar.

Á parte de falar, hai que traballar, e levamos anos traballando moi duro. Xa digo que este é un tema que lle preocupa a Galicia e, polo tanto, lle preocupa á Xunta de Galicia. E creo que temos bos resultados.

Na segunda quenda espero poder darlle bastantes exemplos, señora Pontón, pero vostede referíase á vivenda e á xente moza, efectivamente, problema fundamental dentro de todo o que ten que ver coa cuestión da vivenda. Mire, somos a sétima comunidade autónoma con mellor porcentaxe de mozos emancipados en relación coa posibilidade de ter unha vivenda de xeito residencial, sexa en alugueiro ou en venda, que son os menos. E non o dicimos nós, dío o Consello da Xuventude de España, ano 2021, no último informe, onde di que temos un mercado de vivenda menos excluínste que a maioría das comunidades autónomas, cun custo para aquelas persoas novas que deciden comprar ou alugar dos máis reducidos de España.

Polo tanto, creo que isto quere dicir que, tendo moitas cousas que facer, as cousas non se fixeron de todo mal.



Axudas ao alugueiro nestes últimos anos, dende o 2015, vinte e tres mil galegos beneficiados. Bonificacións fiscais: baixamos, como sabe vostede, o imposto de transmisións patrimoniais do 10 por cento ao 9 por cento, é unha baixada importante, outra baixada fiscal do Goberno da Xunta de Galicia; beneficiados dende a baixada, corenta e dous mil cidadáns. Tres mil cincocentas vivendas de promoción pública adxudicadas dende que estamos no Goberno. Douscentos oitenta inmobles rehabilitados, seiscentas axudas para adquirir vivendas en concellos de menos de cinco mil habitantes. Por iso lle dicía que é importante o tema do reequilibrio territorial.

En definitiva, moitas medidas. Dende logo, non son dabondo —estou de acordo—. O problema da vivenda é un problema fundamental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...marca o principio, o inicio de moitas vidas e marca os desvelos e as preocupacións de moitísima xente que ve como a vivenda se converte na parte fundamental das necesidades económicas que ten que atender e moitas veces o benestar para as súas familias. Por iso, seguimos traballando, sen demagoxias e con realidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, ¿sabe o que é política partidaria no caso de An-grois? Vetar unha comisión de investigación. (*Aplausos.*) Iso si que é política partidaria: negar-lles ás vítimas e á sociedade galega o dereito a coñecer a verdade. ¿E quere saber outro exemplo de política partidaria? Unha exministra como Ana Pastor manobrando en Europa para que non se coñecera un informe que falaba sobre os problemas desa liña. (*Aplausos.*) Iso é política partidaria. E teña o valor de dicírllelo ás vítimas, que levan nove anos vindo a este país reclamar coñecer a verdade. Pero ¿que clase de responsabilidade teñen vostedes cando despois dese accidente ferroviario lles interesa máis tapar o que pasou que coñecer a verdade? É realmente indignante. E iso é política partidaria. (*Aplausos.*)

E, señor Rueda, non sei se vostede coñece o informe Foessa. O informe Foessa dinos que Ga-liza ten o peor dato de exclusión residencial de todo o Estado, e a vostede parécelle que aquí está todo ben, e ten —non sei como dicilo— a ousadía de virnos dicir que o problema é que non hai vivenda para alugueiro. É que hai trescentas corenta mil vivendas baleiras, (*Aplausos.*) o que non hai é unha política social de vivenda e o que non hai é capacidade para poñer no centro as necesidades das persoas. E veñen aquí, ano tras ano, con anuncios e anuncios, e máis anuncios (*Murmurios.*) —señora conselleira, non sei se quere intervir no debate—, (*Mur-murios.*) si, si, anuncios e propaganda, mentres os galegos e as galegas, maioritariamente mozos e mozas pero moitísimas familias, non teñen a posibilidade de poder alugar unha vi-venda porque se converteu nun artigo de luxo que non está ao alcance da súa man.



Fíxense: construíron en seis anos corenta novas vivendas protexidas. É unha vergoña. Só foron capaces de mobilizar trinta vivendas baleiras en catro anos. E temos un problema, efectivamente, porque abandonaron a política social de vivenda. E nós o que lle queremos é facer unha proposta moi concreta, señor Rueda: desde o BNG queremos poñerlle sobre a mesa medidas concretas que xa poden levarse adiante nos orzamentos de 2023.

A primeira, duplicar o investimento en política social de vivenda. Segunda, complementar o programa do bono alugueiro para mocidade, como mínimo con 2 millóns de euros máis. A terceira, hai que reformular o bono social de alugueiro para evitar os desafiuzamentos e que realmente esas políticas cheguen a quen as necesita. E, por último, hai que apostar por vivenda pública de alugueiro, que é o que se fai en toda Europa e é o que necesita hoxe a xente deste país. E o que poderían é, como mínimo, establecer unha reserva do 5 por cento para vivenda pública de alugueiro.

Señor Rueda, menos pelotazos fiscais aos millonarios e máis política social de vivenda, menos anuncios que quedan en nada e máis atender ás necesidades dos galegos e das galegas, porque a vivenda non é un ben co que especular, é un dereito da cidadanía que hai que garantir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a conselleira responsable de vivenda non pode intervir no debate, pero afortunadamente eu si podoo facelo e voulle dicir o que lle estaba dicindo. Vostede está contabilizando nesas vivendas baleiras que non somos capaces de que a xente ocupe os garaxes e os soares sen identificar. Iso é o que lle estaba dicindo. Iso é a seriedade, *(Aplausos.)* iso é a seriedade das cifras que vostede dá. Probablemente non o sabía, e se o sabía é que lle dá exactamente igual, porque o importante é botar cifras enriba da mesa.

Como non ten a responsabilidade de gobernar, é moi fácil dicir todas estas cousas, igual que é fácil dicir que non executamos os plans de vivenda. Mire, executamos o cen por cento, non son anuais, teñen a vixencia que dura o plan, catro plans que tivemos que executar, catro plans executados o cen por cento. Probablemente non o saiba e, se o sabe, dálle igual, igual que o outro.

Somos, é dicir, a única, ben, eu quero pensar que haberá algunha comunidade autónoma máis que a día de hoxe xa ten en marcha todos os plans derivados dos fondos europeos que se nos concederon do mecanismo de recuperación e resiliencia, a pesar das dificultades, a pesar de todos os condicionantes; algúns deles non teñen moito sentido; xa os temos todos en marcha, a pesar deses atrancos, a pesar de todos eses problemas que hai para executar os fondos de recuperación que veñen do Goberno central.



E mire, cando remate esta lexislatura, teremos mil vivendas novas e duascenas rehabilitadas, nesta mesma lexislatura, e executamos máis do 90 por cento, moito máis do que executaban vostedes nos plans de vivenda.

Vostede dá esas cifras porque cre que quedan aí e quedan na súa intervención, pero menos mal que estou eu para rebatelas e dicirlle que, cando queira, vemos os niveis de execución que tiñan vostedes en vivenda e os que temos nós e verán que non están para dar leccións en absoluto. *(Aplausos.)*

Pero, ademais, señora Pontón, ¿que nos veñen contar? Pero se vostedes o instrumento de promoción pública do solo que tiña a Xunta de Galicia, que eran as xestures, o deixaron absolutamente quebrado, pero se houbo que rescatalo. Se aínda acabamos de rematar ese proceso de rescate, totalmente quebrado en catro anos; iso si que é para nota. E o IGVS tambaleándose, iso si, sen vivenda pública, pero sen un carto nas arcas para facer vivenda pública.

Polo tanto, non están para dar leccións, señora Pontón. Non sei se sabe eses datos, pero, cando queira, confrontámoslos e vemos o que puideron facer vostedes e o que fixemos nós.

Mire, claro, ao mellor é que nós acertamos coa política en vivenda porque intentamos falar con todo o mundo. Vostedes sabían todo, tiñan todo tan ben pensado que ao final non executaron absolutamente nada. Nós preferimos falar cos que saben e por iso asinamos o Pacto social de vivenda Galicia 2021-2025, e falamos e por suposto participa o IGVS, participa a Fegamp, participan os arquitectos, os apareladores, os administradores de fincas, os axentes de propiedade inmobiliaria, os consumidores, en definitiva, todos os que teñen que dicir algo en materia de vivenda; e así se acerta, ou polo menos se intenta, e así se van conseguindo cousas.

Mire, axudas. Vostede falaba de axudas para facilitar a adquisición dunha vivenda de protección autonómica, nova ou rehabilitada. Lanzámola por primeira vez en 2021, tivo moitísimo éxito, imos agora multiplicalo por cinco. Vostede pedía máis orzamentos, imos multiplicar por cinco esas axudas no orzamento do ano 2023, porque funcionan, porque é o que a xente pide, porque non é propaganda, porque é xestión, e xestión eficaz. *(Aplausos.)* Novo programa de mobilización de vivendas en alugueiro, trescentas vivendas á disposición da xente puxemos e queremos seguir poñendo, e iso é eficacia.

O tema dos avais, o 20 por cento. Ata o de agora a xente nova ao mellor non podía acceder a unha vivenda porque non chegaba a ese 20 por cento que vai poñer a Xunta de Galicia. A vostedes non se lles ocorreu poñer nunca iso.

27 millóns para bonos de alugueiro recollidos no orzamento do ano 2023, ese que non escoitou o señor Álvarez. Bono social, bono da mocidade e bono xeral, moi por enriba das cantidades deste ano, señora Pontón. Polo tanto, obxectivo conseguido, se é que vostede quere que aumentemos as cantidades.

Queremos dotar Galicia de mil duascenas novas vivendas públicas, mil de nova construción...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Rueda Valenzuela): ...e duascentas rehabilitadas, obxectivo para o ano 2023.

E, en definitiva, señora Pontón, queremos facer políticas reais en materia de vivenda, queremos axudar a xente, a que aluguen os que queiran alugar, a que compren os que queiran comprar, e aqueles que teñen un parque de vivendas —vólvollo dicir—, que está todo o mundo preocupado pola okupación, que é un problema; saiba que a vostede lle dá exactamente igual, pero a nós preocúpanos todo.

A vivenda é algo real, a vivenda é emancipación, a vivenda é futuro e a vivenda é un problema que lle preocupa moitísimo á Xunta de Galicia. Por iso seguiremos traballando, con cifras, progresando, executando orzamentos, iso si, sen facer demagogia e sen manipular cifras que non son reais; para iso xa están vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Retomamos o punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei, dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento

O señor PRESIDENTE: Ao ser unha proposición de formulación conxunta, os tempos para os grupos é dunha ronda única de cinco minutos por grupo.

Comeza formulando esta proposición non de lei o Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas. Bo día á xente que nos acompaña dende a tribuna.

A verdade é que, en primeiro lugar, creo que é necesario e obrigado recoñecer o valor das proposicións que a este parlamento chegan previo acordo conxunto e que, por tanto, van saír votadas a favor. Esta vez si creo que todos debemos congratularnos e, ademais, todos debemos ser conscientes de que é posible chegar a acordos cando as iniciativas teñen unha base ou un fundamento moi claro, moi necesario, e ademais teñen toda a lóxica do mundo.

Queremos estender dende o noso grupo... (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) —Grazas, presidente—. Insistía na necesidade de recoñecer, ademais do talante bo



que tivemos todos os grupos aquí, aínda que a sanidade é un espazo no que debatemos moito, creo que neste punto, como algunhas veces noutros, tivemos unha facilidade de acordo practicamente inmediata, e creo que hai que recoñecer o traballo de Fegerec á hora de impulsar con tacto, capacidade, astucia e habilidade a maneira de impulsar iniciativas que a este parlamento chegan e son aprobadas. Non en van as iniciativas conxuntas, que non son moitas, sempre un pode pensar que deberan ser máis, pero polo menos son algunhas no eido da sanidade. Fegerec xa non é a primeira vez que consegue esta iniciativa, e, por tanto, algo deben ter que fan ben e que, por tanto, nós tamén debemos de aprender de vez en cando. Por tanto, para eles e para elas a felicitación e o agradecemento por levarnos nesta liña.

Dende logo traballa esta iniciativa sobre unha cuestión necesaria e parte dun principio fundamental, dunha idea que coñecemos: as dificultades dos pacientes e das pacientes de enfermidades raras, non só pola cuestión da súa enfermidade, que obviamente, senón polo percorrido que teñen que facer a través dos sistemas sanitarios. Non é responsabilidade única do Sergas, senón que ocorre en todos os sistemas sanitarios en parecida formulación: a demora en conseguir un diagnóstico polas dificultades de atinar e axustar ese diagnóstico; a peregrinación polo sistema; as dificultades, moitas veces, de atopar certa parte de comprensión no contorno, porque a inseguridade e non ser consciente da realidade que está pasando pois trae moitas dificultades.

E tamén é certo que cos tratamentos existe a dificultade que teñen as enfermidades raras, que obviamente pola súa definición teñen moita máis dificultade de ser tratadas no sentido tamén de que ao ser un menor número o sistema ten máis dificultades para iso.

Por tanto, creo que a demora do diagnóstico, a falta de potencia na investigación, pois as liñas de investigación en xeral —aínda que existen e son boas— tenden a irse a liñas que están moito máis potenciadas por unha demanda de actualidade ou por outro tipo de cuestións, e o custo e a dificultade dos tratamentos engloban as enfermidades raras neste problema. Hai avances no Estado, na homoxeneización do acceso ás probas xenéticas, pero sempre é insuficiente.

Esta iniciativa nós desexamos que teña todo o percorrido, o percorrido de aprobarse e executarse, ao ser unha iniciativa de consenso. Eu non quero especialmente lembrar que a última que aprobamos, a iniciativa de Fegerec, que foi a petición ao Goberno do Estado de modificar un real decreto, cando chegou o Goberno ao Congreso dos Deputados, que era onde debía de aprobarse, non tivo todos os apoios que tivo aquí neste parlamento, pero aquilo foi unha cuestión que xa pasou e, por tanto, creo que non é necesario.

Por tanto, nesta proposta, nós, que evidentemente imos votar a favor, cremos que ten todo o fundamento. Hai unha dificultade para as persoas e para as familias das persoas que padecen enfermidades raras, que é o acceso aos tratamentos, que moitas veces non se poden dar no mesmo lugar ou no lugar máis próximo de residencia, senón que ten que ver co acceso a unidades de referencia que están constituídas en moitas ocasións lonxe dos domicilios, lonxe non é unicamente uns poucos quilómetros, senón moitas veces desprazarse a outras comunidades, a outros puntos, normalmente en España, e que necesitan da colaboración e da participación á hora do tratamento do sistema.



O sistema sanitario —nós defendémolo así— debe ser universal, debe ser público e debe ser de accesibilidade igualitaria para todo o mundo, o que traducimos en termos xerais como gratuíto, que non o é, porque pagámolo cos impostos, cos impostos, nunca o olvidemos, con impostos, e a partir de aí construímos un sistema de accesibilidade real para todo o mundo.

Non o é así agora mesmo para algúns pacientes en Galicia. Galicia e Andalucía son as últimas comunidades que poden incorporarse aínda a ter un sistema de bonificación e de axuda para as persoas que deben seguir tratamentos noutros lugares. É certo que esta iniciativa pode resolvelo e nós cremos que este é un bo paso. É certo tamén que estamos indo detrás doutras pero estamos indo, polo menos. Imos quedar hoxe co positivo e, por tanto, nós nesta iniciativa o que plantexamos é incorporar ao sistema galego unha liña de axudas de colaboración que impida, ademais, que sexa necesario avanzar cartos para ter unha axuda ou mellorar as condicións que están reguladas desde 2001, e a vida cambiou moito tamén nos prezos desde 2001. Cremos que todos estes avances que plantexa a iniciativa son bos.

Por tanto, creo que é necesario felicitarnos os grupos polo acordo, tamén felicitamos a consellería, porque é obvio que vai tomar este acordo como un mandato parlamentario, que ten vontade de facer. Nese sentido hai que felicitamos tamén e, sobre todo, a Fegerec, que é quen consegue os acordos. Igual de vez en cando os de sanidade necesitaríamos un pouco máis de Fegerec e un pouco menos de nós mesmos cando debatemos, aínda que eu teño por ben que o facemos todo con boa vontade e por iso moitas veces chegamos a acordos que desta volta son non só necesarios, senón diría imprescindibles e ademais absolutamente bondadosos para todo o mundo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día. Especialmente moi bo día ás mulleres de Fegerec que nos acompañan hoxe desde a tribuna e que eu tamén me vou sumar a parabenizalas, a parabenizalas polo traballo que fan cun colectivo realmente con moitas dificultades, como son as persoas que teñen enfermidades raras ou crónicas, e por ese traballo que fan de conseguir poñernos de acordo. Pero non xa de acordo á hora de votar, que iso facémolo de vez en cando, senón no de poñernos de acordo os grupos con representación neste parlamento á hora de que presentemos conxuntamente a iniciativa, que a iniciativa non sexa de ningún dos grupos, senón que sexa unha iniciativa conxunta, para que logo non se poida usar de arma arreboladiza de non apoio porque a presentou un ou outro. Isto, efectivamente, é de agradecer e responde ao traballo que facedes desde a asociación. Ben, pois hoxe, nesta iniciativa que traemos aquí, conseguísteo e parécenos moi ben.

Efectivamente, non é a primeira vez. No ano 2018 xa se debateu aquí neste parlamento tamén outra iniciativa que presentamos conxuntamente, que sacamos adiante conxuntamente, re-



ferida á modificación do decreto que regula tanto o catálogo de enfermidades consideradas raras como as aportacións a proxenitores, pais e nais, que teñen que paralizar a súa actividade profesional ou reducila, porque todos sabemos que falar de enfermidades raras, nunha parte moi importante, significa moita dedicación, significa persoas, moitos deles nenos e nenas con moitas dificultades, con moita necesidade de atención, con moita asistencia aos centros sanitarios, e iso significa para as familias perda de poder adquisitivo, máis alá de todo o gasto que supón atendelos.

Nesa iniciativa demandamos, precisamente, que se aumentara o catálogo e que se recoñeceran aportacións económicas para as persoas que coidaban estes nenos. Polo tanto, iso mostra a preocupación de traballar, por parte da asociación, e a preocupación de estar encima de quen ten que tomar as decisións para que se siga avanzando.

E é evidente que en enfermidades raras se ten avanzado, se ten avanzado en constituír catálogos, en facilitar eses tratamentos, o último paso dado no cribado neonatal, no que o BNG non ten ningún problema en parabenizar a consellería por estar dando eses pasos, pero é evidente que aínda queda moito por facer. Porque, cando falamos de enfermidades raras, falamos de que son pouco frecuentes, é dicir, en canto a volume de poboación, e dito así que poida significar que entre o 5 e o 7 por cento da poboación poida ter algún tipo de enfermidade rara pode parecer pouco, pero, cando logo vemos o conxunto e a dimensión e o problema que iso acarrea, realmente falamos de moito, falamos de que ese 5 ou 7 por cento da poboación a nivel de Galiza pode ser arredor de duascenas mil persoas, polo cal, cando xa falamos destes datos, a magnitude xa cambia.

E cando falamos de enfermidades raras falamos da primeira cuestión, que é a dificultade de acadar ese diagnóstico. Falamos de que son persoas que necesitan peregrinar polo sistema. Efectivamente, a media está en cinco anos, algúns conseguen nun ano ese diagnóstico, pero outros moitos tardan ata dez, seguen tardando ata dez anos, o cal significa, realmente, un auténtico problemón.

Enfermidades raras que nunha parte importante supoñen risco para a vida e infelizmente rematan en pouco tempo coa vida da persoa que a padece, pero que logo tamén requiren moita asistencia sanitaria, moita frecuencia e moita asistencia. Hai dificultade para o diagnóstico e hai dificultade para o tratamento, porque hai unha parte importantísima en que non hai tratamentos.

Polo tanto, é evidente que é un tema do que debemos preocuparnos e ocuparnos. O que nos trasladan desde a asociación é que, unha vez diagnosticado ou para ter o diagnóstico, en moitos casos hai que derivar a unidades e servizos de referencia que están situados fóra de Galiza, están concentrados nunha parte moi importante en Madrid, Andalucía e Cataluña, e iso significa custos económicos, máis alá de profesionais e outras cuestións, para as familias e que, polo tanto, hai que protexer as persoas que o necesitan.

Polo tanto, o que nos demandan hoxe, que é que se regule a prestación de gastos de aloxamento e dietas para esas persoas e que se actualicen as existentes, parécenos que é máis que razoable, parécenos que é de recibo que presentamos a iniciativa conxunta, creo que é unha mostra de que todos e todas consideramos que é así.



Logo, evidentemente, estando hoxe aquí presente o conselleiro de Sanidade, queda —eu agardo que así sexa— que se efective no menor tempo de espazo temporal posible para que canto antes se converta nun dereito real.

Remato reincidento nos parabéns a Fegerec.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Darles tamén a benvida ás persoas que nos acompañan da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas. Acordámonos tamén da familia de Leo, ese bebé de Meis que naceu cunha enfermidade rara que lle impide respirar. E, dende logo, tamén nos unimos, como o resto dos grupos, a esa felicitación por ese gran traballo que desenvolve a asociación coas persoas que padecen este tipo de enfermidades.

Enfermidades nas que, aínda que son patoloxías pouco frecuentes, as persoas que as padecen e os seus familiares teñen que pasar por extremas dificultades, porque son enfermidades que afectan moi pouca xente, teñen unha prevalencia de cinco por cada dez mil habitantes, e un dos principais problemas aos que se enfrontan estas persoas é a dificultade de obter un diagnóstico, porque isto é provocado en moitas ocasións polo descoñecemento que existe por estas enfermidades que son —como dicimos— moi raras. Entón, as familias, os pacientes, teñen que facer un longo percorrido para buscar ese diagnóstico certo e a espera para obtelo realmente faise desesperante. Nós, dende aquí, somos conscientes destas dificultades e unímonos a estas persoas manifestando tanto dende o Goberno galego como dende o Grupo Popular un claro compromiso con elas.

Na pasada lexislatura viron a luz dous importantes decretos: o decreto que regula o Rexistro de Pacientes con Enfermidades Raras da Comunidade Autónoma galega e o decreto que regula e crea a Comisión Galega de Enfermidades Raras. Son dous instrumentos moi importantes para mellorar a atención destas persoas. Por un lado, o Rexistro galego o que proporciona é a información tanto da prevalencia como da incidencia destas enfermidades raras en Galicia e, por outro, a comisión é un órgano que asesora, precisamente, e consensúa e desenvolve accións específicas tanto na prevención como no diagnóstico e o tratamento desta enfermidade.

Non cabe dúbida de que a información é moi importante nestes casos. O rexistro mantén unha información completa destas enfermidades en Galicia e actualmente hai dúas mil persoas rexistradas. Estamos a falar —non nos avídemos— de preto de sete mil enfermidades raras. E, ademais, a investigación galega é punteira no coñecemento sobre estas doenzas, a



través de centros como son a Unidade de Diagnóstico e Tratamento de Enfermidades Metabólicas Conxénitas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e tamén da Fundación Galega de Medicina Xenómica, que xoga un papel fundamental, incluíndo a garantía de acceso en condicións de equidade ás probas xenómicas de utilidade. Non esquezamos que unha altísima porcentaxe destas enfermidades raras ten unha orixe xenética.

E, nesta liña de seguir avanzando nesta lexislatura, concreouse un compromiso máis do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 2020, que foi o de instar a Xunta de Galicia a crear unidades funcionais multidisciplinares que proporcionen atención especializada aos pacientes con enfermidades raras e ademais que garantan uns tempos máximos para as súas consultas e as probas. E foi aprobada aquí, na Comisión de Sanidade deste parlamento, en novembro de 2020, por unanimidade tamén de todos os grupos, por iniciativa do Grupo Popular. O pasado mes de febreiro o Goberno galego, respondendo a este mandato parlamentario, puxo en marcha tres unidades multidisciplinares, en Vigo, A Coruña e Santiago.

Tamén en xuño de 2021 o Goberno galego —que está tamén comprometido con este tema— aprobou a Estratexia galega en enfermidades raras 2021-2024, que o que vai permitir é o acompañamento destas persoas ou destes pacientes que sofren unha enfermidade rara unha vez que entran no sistema sanitario, como dicía, acompañalo ata buscar un diagnóstico e ata atopar un tratamento e un seguimento axeitado á súa doenza.

Pero é certo que, a pesar de todo o que se ten avanzado no eido asistencial en Galicia, coa unidade da que falaba de metabolopatías —que tamén, por certo, dispón do cribado neonatal máis amplo de toda a sanidade española— e tamén a Unidade de Cardiopatías Familiares do Complexo Hospitalario da Coruña, as persoas con enfermidades raras pendentes de diagnóstico ou de confirmación dos mesmos son derivadas, como xa se dixo aquí moitas veces, polo especialista do Sistema galego de saúde a un centro ou unidade de referencia que está emprazado noutra comunidade autónoma.

Isto fai que a persoa afectada e os seus familiares teñan que desprazarse a outra comunidade autónoma e mesmo deban permanecer nela ás veces días, semanas, coa dificultade —como todos sabemos— de afrontar economicamente os gastos de aloxamento e manutención que isto supón, polo que é necesario regular esta prestación en Galicia para este aloxamento e manutención, e tamén regular a lexislación que tiñamos para desprazamentos de fóra da provincia a través da orde do 30 de marzo de 2021, que precisa actualizarse para dar resposta ás necesidades actuais. E por todo isto pois é polo que facemos esta formulación conxunta os tres grupos.

Felicítamos de novo o labor que fai a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas. E paso a dar lectura ao seguinte acordo conxunto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para:

1. Regular unha prestación que cubra os gastos de aloxamento e dietas das persoas con enfermidades raras pendentes de diagnóstico, ou confirmación deste, cando son derivadas, a



través do procedemento regulamentario establecido, a outras comunidades autónomas e, deste xeito, sexa efectivo o dereito a esa asistencia sanitaria.

2. Actualizar os criterios e importes recollidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro.>>

E, dende logo, quero felicitar os tres grupos por acadar este acordo conxunto. Ogallá academos moitísimos máis no resto da lexislatura.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vispo.

Bueno, pois en hora boa por este debate.

E aproveito para saudar as representantes da Federación Galega de Enfermidades Raras e tamén os alumnos de terceiro e cuarto da ESO do centro As Insuas, de Muros, que veñen hoxe tamén cos seus profesores e que nos visitan no Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, respecto dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 37488).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) Estableza, previo acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, un plan a dous anos dirixido aos concellos galegos que teñan menos de 50.000 habitantes para a realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga.

2º) Elabore un documento no que recolla todas as infraestruturas ou melloras de infraestruturas executadas para a xestión do ciclo integral da auga, dende 2010 ata a actualidade, executadas ou finan-



ciadas ben directamente pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ou a través do ente Augas de Galicia, no que se inclúa:

a) O concello onde se materializaron os investimentos

b) Importe dos investimentos feitos

c) Financiamento total dos investimentos

3º) Elabore un plan a cinco anos de cara a desenvolver as infraestruturas ou mellora das existentes coa finalidade de avanzar cara á universalización do subministro da auga, un consumo responsable e unha mellora da xestión eficaz e eficiente do ciclo integral da auga, no que se inclúa prazos, lugares, investimento e financiamento.)

O señor PRESIDENTE: Para formulala ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados. E bo día a todas as persoas que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

Hoxe os socialistas traemos unha PNL realmente de mínimos, unha proposta para que a Xunta de Galicia, de acordo con esa voluntariedade e esa axuda aos concellos que manifestou unha e outra vez a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no debate sobre a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, pois axude; para que esa axuda que ela mesma repetía unha e outra vez se materialice en accións concretas e se beneficie a toda a cidadanía independentemente do concello no que se viva.

Cabe recordar que a auga é un dereito, e que todos e todas estaremos de acordo en que é un ben esencial para a cidadanía e tamén para as actividades económicas. É un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal, polo que o sistema da xestión do ciclo integral da auga debería ser un proxecto de país para proporcionar garantía de subministración a toda a poboación, e unha garantía tanto en calidade como en cantidade.

Trátase, polo tanto, dun servizo de interese xeral no que deberían estar comprometidas todas as administracións públicas e a cidadanía no seu conxunto como actores activos para acadar os máis altos estándares na calidade das augas. E ¿como se debe facer isto? Pois garantindo un tratamento seguro, previsible e de calidade da auga; habilitando o conxunto de infraestruturas necesarias para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar; desenvolvendo unha xestión profesionalizada da explotación e do mantemento destas infraestruturas en condicións de calidade; informando e sensibilizando a cidadanía e adoptando un consumo responsable por parte de todos e de todas —incluídas as administracións e incluída tamén a propia cidadanía—.

Xa no ano 2010 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de augas de Galicia, na que establecía unha das súas finalidades: garantir as necesidades básicas de uso de auga da poboación e



favorecer o desenvolvemento económico e social compatibilizándoo coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. A verdade é que, doce anos despois da aprobación desta norma, esta garantía que se establecía para esta finalidade segue sen estar cumprida. No debate de hai uns meses sobre a Lei da mellora do ciclo integral da auga a conselleira de Infraestruturas anunciaba que levaban investidos 1.100 millóns de euros dende o 2010, dende a aprobación daquela lei, para dar cumprimento ao seu contido. Os socialistas —entendendo que se a conselleira fai un anuncio debería contar cun documento no que se recollen todos estes investimentos, os lugares onde se fixeron e as contías— solicitamos, a través desa transparencia que se lles debe aos deputados e deputadas desta Cámara para poder desenvolver correctamente o noso labor nos debates e contrastar aqueles datos, que a propia Consellería nos facilitase estes investimentos, tal e como dicía ao principio, sen que tivésemos absolutamente ningún éxito. É máis, a propia Consellería respóndenos con evasivas e dicindo que se pode atopar toda a documentación consultando os datos da propia Consellería. En fin, unha mostra máis desa opacidade a que nos ten acostumados a propia Xunta de Galicia.

No mes de maio o Consello da Xunta aprobaba o Plan hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027. E novamente aquí a conselleira facía un anuncio que contemplaba unha serie de investimentos cun montante de 1.887 millóns de euros ata o 2027. Dicía a conselleira que 973 millóns de euros serían para saneamento e depuración, e 560 millóns de euros para abastecemento. Tamén falaba de que serían financiados pola Administración autonómica 605 millóns de euros, sen que nos aclarase de onde viña o resto do financiamento. Entendemos e case estamos seguros de que, como a maioría dos investimentos deste tipo feitos dende Augas de Galicia, tanto para abastecemento, depuración como para saneamento, se prevé que sexan feitos tamén con fondos europeos, pois nas declaracións que facía a propia conselleira dicíanos que para o 2027 a Xunta esperaba rozar o cen por cento das augas en bo estado, unha intención que aos socialistas nos parece bastante razoable e coa que estamos de acordo.

Pero tamén caben destacar as novas que saíron unha e outra vez durante todo este verán. Tendo en conta os episodios da seca, a conselleira tamén advertía de que as fugas de auga en redes municipais superaban o 40 %, e que acadaban ata o 60 % naqueles concellos menores de 2.000 habitantes. A propia Consellería, no procedemento de aprobación da Lei do ciclo integral da auga, respondía literalmente, nalgunha das alegacións plantexadas, que a diagnose da problemática existente estaba feita, que os problemas se coñecen e que agora toca formular solucións, que urxen e que implican adoptar medidas de corrección e ofrecer solucións para afrontar os distintos retos.

Polo tanto, para poder acadar nese exercicio 2027, tal e como expón a propia conselleira neste Plan Galicia-Costa, ese cen por cento das augas en bo estado, pois os socialistas consideramos que é o momento xa de que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, como responsable de Augas de Galicia, elabore dunha vez por todas ese plan estratéxico que lle temos pedido unha e outra vez os socialistas; un plan estratéxico para seis anos que contemple o Plan de saneamento galego e o Plan de abastecemento galego, e no que se debullen eses 1.885 millóns de euros dos que nos falaba a Consellería. É un plan que, tal e como contemplamos nós na nosa proposta, e neste caso na autoemenda que presentamos á nosa pro-



posición non de lei nos puntos 1 e 3, pois debería establecer un acordo previo coa Federación Galega de Municipios e Provincias e elaborar un plan a dous anos dirixido aos concellos galegos que teñan menos de 50.000 habitantes para poder realizar esas auditorías municipais de abastecemento encamiñadas a elaborar os plans de actuación para minimizar as perdas de auga. Trátase de elaborar tamén un plan a cinco anos de cara a desenvolver aquelas infraestruturas ou aquelas melloras nas infraestruturas para avanzar na universalización da subministración da auga, de cara ao consumo responsable e á mellora dunha xestión eficaz e eficiente do ciclo integral da auga, na que se inclúan prazos, lugares, investimentos e financiamento.

Pois, miren, realmente vemos que a Xunta de Galicia convocou no mes de xullo unha subvención que realmente o único que fai é parchear unha vez máis e dunha maneira desorganizada, sen priorizar as necesidades e deixando novamente en mans dos concellos a realización desas auditorías —que lle van dar, por certo, unha información á propia Consellería, que lle vai poñer deberes ao propio concello—. Polo tanto, se os concellos non se suman a esa obrigatoriedade de xestión —aínda que a conselleira fala unha e outra vez de que é voluntaria esa xestión por parte de Augas de Galicia— pois terán —unha de dúas— que acometer esas deficiencias que teñen nos seus sistemas —ou facer novas infraestruturas— ou, noutro caso, esperar a que a propia Augas de Galicia —que é a que ten as competencias fiscalizadoras e neste caso sancionadoras— pois que lles poña multas. E, como vostedes saben, a maioría dos concellos non teñen capacidade económica nin para afrontar as deficiencias nin para construír as infraestruturas necesarias para desenvolver correctamente o ciclo integral da auga nin en moitos casos tampouco para poder pagar esas multas por non acometer esas melloras.

Polo tanto, na propia Lei de medidas de garantía de abastecemento e de episodios de seca en situación de riscos sanitarios pois establecía, nesa disposición adicional segunda, que nun prazo máximo de dous anos —aínda que tamén é verdade que xa pasaron practicamente tres da entrada en vigor— todas as administracións públicas responsables do sistema de abastecemento á poboación deberán levar a cabo esa auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Pois ben, o 23 de xuño Augas de Galicia convoca estas axudas, aproba estas bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos —iso si, unha vez máis en concorrencia non competitiva—, pois destinadas a realizar as auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuación para minimizar as perdas de auga, como medida de cooperación novamente necesaria destinada aos concellos responsables do sistema de abastecemento á poboación e cunha poboación total igual o inferior a 50.000 habitantes. Para isto a Consellería de Infraestruturas destina 300.000 euros. É verdade que, posteriormente —unha vez que rematou o prazo de solicitudes—, foi ampliada en 280.000 euros máis a finais de agosto.

E, coma sempre, no artigo 11 establece unha serie de documentación complementaria, e no seu momento xa veremos se nesta concorrencia non competitiva ocorre como con outras moitas que saca a Xunta de Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señora presidenta—, que ao final hai determinados concellos que teñen a información no momento preciso e que son os primeiros en acudir a estas subvencións e, polo tanto, en esgotar os seus créditos.

Como non teño máis tempo, pois seguirei a miña exposición na segunda quenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Grazas, presidenta.

A verdade, señora Rodríguez Rumbo, é que dixo vostede que era unha iniciativa de mínimos. Coa autoemenda xa non é tan de mínimos. Pasou de un a tres puntos. É un pouco máis extensa. En todo caso, o BNG vai apoiala, vai votar a favor, como non podía ser doutro xeito. Parécenos proporcionada e axeitada para este momento.

De todas maneiras, queríamos —para centrar un pouco o debate sobre a auga, e concretamente este debate sobre abastecemento— aclarar algunhas cuestións. A primeira —porque é un mantra recorrente da Consellería o tema das competencias— é que temos que dicir que no tema da auga hai competencias compartidas. Hai competencias dos concellos, tamén, por derivación, das deputacións, da Xunta e do Goberno central. E está claro que a Xunta ten competencias. Están na lei, ademais. Non hai que dicilo aquí. Pero a proba máis clara de que ten competencias é que elabora o Plan hidrolóxico Galicia-costa, que prevé, como dixo a señora Rodríguez Rumbo, eses investimentos multimillonarios de aquí a 2027. Pero, claro, hai unha anomalía, porque este plan de investimento só é para menos do 40 % do territorio. E ¿que pasa no resto do territorio que está baixo a xurisdición do Estado na demarcación hidrográfica do Miño-Sil, que é a máis importante desde o punto de vista territorial e tamén desde o punto de vista hídrico? Pois aí a Xunta non ten competencias, non hai plan de investimentos para este territorio. A realidade é que son un «gobierno bonsai», un goberno en miniatura, e que se conforman con ser un goberno que goberna unha Galiza en pequeno. Non teñen vocación nin intención de gobernar todo o país en materia de augas.

E a proba de que a Xunta ten competencias é que existe o organismo Augas de Galicia. Ou, se non, ¿que fai Augas de Galicia? Fai augas, fai augas, porque, se non, non se explica o que está pasando. Vostedes teñen competencias de coordinación, teñen competencias de planificación, teñen competencias de investimentos, teñen competencias de xestión. Por iso xestionan redes de abastecemento en alta en varios puntos do país, participan en consorcios e tamén por iso xestionan 28 depuradoras no país, porque teñen competencias. Se non, non as declarasen de especial interese. Bueno, hai unha, unha en todo o país, que —fíxense ben— declararon de interese público excepcional na lei, ¡de interese público excepcional! Só unha. ¿Cal é? A depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra para protexer os intereses de Ence.



¡Que non toque ninguén aí! (*Aplausos.*) Isto é cousa da Xunta. ¡Ollo, que ninguén toque aí! E despois andan dicindo que a tiña que xestionar o Concello. ¡Pero se a declararon de interese excepcional vostedes na lei! ¡Que nos están dicindo!

Miren, a Xunta ten tamén as competencias en materia de planificación. Ten que facer o Plan galego de abastecemento que lle levamos reclamando aquí reiteradamente e que está previsto na lei do 2010. Van doce anos e foron incapaces de facelo. Son moi malos xestores. Doce anos e non deron feito o Plan galego de abastecemento, xa non digamos os plans locais de abastecemento.

E, claro, non se fala agora moito do tema, pero vostedes fixeron en 2010 unha cousa á que lle chamaron «Plan auga», que prevía 823 millóns de investimento ata o ano 2025 e que, por certo, presentaron a bombo e prato o señor conselleiro daquela, o señor Hernández, e a presidenta de Augas de Galicia, a señora Ethel Vázquez. Presentárono en 2010 con grandes titulares: «O Plan auga eliminará a metade das perdas do sistema de abastecemento». Hai que facerlle unha auditoría ao Plan auga para comprobar o que fixeron vostedes con estes cartos para que teñamos esta situación calamitosa. (*Aplausos.*) Ían garantir o abastecemento de practicamente todo o país con 823 millóns, cun plan de 823 millóns para garantir o abastecemento e reducir as fugas á metade. ¿Que pasou con este maravilloso Plan auga? ¿Por que temos esta situación de perdas de auga en todo o país? Teñen que dar explicacións por isto. Imos pedirilles unha auditoría. Disto si que hai que facer unha auditoría.

E, miren, son malos xestores, á parte de que non deron feito este plan, porque vostedes son incapaces de executar os orzamentos europeos para infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento —que só deron executado o do período 2014-2020, ampliado ao 2023—. Nun informe da Xunta do 2021 recoñecían que só executaran o 35 %, que había 115 millóns sen executar. Poden botarlle a culpa ao chachachá, pero non deron executado eses 115 millóns para obras hidráulicas coas necesidades que hai no país.

E, se non fose suficiente, vostedes resulta que teñen un dos peores índices de execución orzamentaria xustamente na partida 542A —planificación e xestión hidrolóxica—, que está no 2001 no 60 %. Está no ránking do *top ten* dos peores resultados de execución orzamentaria coa que está caendo, coa cantidade de necesidades que hai en materia hidráulica.

E non se conformaron con isto, senón que lle pegaron unha tesoirada á partida nada máis e nada menos que de 11,4 millóns de euros. O 20 % do orzamento previsto recortárono porque non eran capaces de executalo. Non foron capaces de executar o orzamento. E, ademais, recórdolles que a Xunta recada 52,3 millóns de euros todos os anos do canon da auga, que, como lle pediu a Fegamp no Pacto local da auga, se debería repercutir —polo menos na metade— nos concellos onde se recada e o resto reequilibralo apoiando, sobre todo, os concellos que teñen menos recursos. Pero vostedes non quixeron asinar o Pacto da auga, entre outras cuestións, por esta.

Ben, xa teríamos que falar do modelo, efectivamente —do fracaso do modelo, que é a cuestión de fondo—, polo que vostedes estiveron apostando todos estes anos, que é o modelo lineal —dixémosllo mil veces— das infraestruturas grises, das grandes infraestruturas



grises, que está ao servizo dos intereses das grandes construtoras e que marca as directrices polas que se fan todos eses investimentos, que despois en moitos casos teñen erros de concepción, teñen erros de xestión ou teñen erros tecnolóxicos, que son totalmente ineficaces e que non están pensadas para un país como Galiza, que ten dispersión de poboación. Consiste en meter quilómetros, quilómetros e quilómetros de tubos, de bombeos e de grandes infraestruturas que son despois un desastre na súa xestión e están como están. Os concellos son incapaces, efectivamente, de xestionar iso. Pero son infraestruturas que lles foron impostas, en moitos casos, pola propia Xunta de Galiza. Levamos aquí reiterando e predicando no deserto por unha nova cultura da auga de infraestruturas verdes, por solucións baseadas na natureza, e seguirémolo facendo, non nos cansaremos.

Miren, a proba máis clara de que foron incapaces de desenvolver un modelo alternativo —á parte de que xa o recoñecen na estratexia verde de Augas de Galicia— é que levan dez anos e foron incapaces de crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga previsto na Lei de augas do 2010. ¿Cal é o problema? ¿Por que non queren crear este Consello para o Uso Sustentábel da Auga?

Pois ben, a realidade é que, de todos estes pos, esta lameira. A Xunta é incapaz de cumprir coas súas propias obrigas, de recoñecer os seus propios erros. E o que fai é botarlles a culpa aos demais, poñerlles obrigas aos demais, e obrigas que son totalmente desproporcionadas, que non teñen en conta a realidade, non teñen en conta a situación económica, non teñen en conta a situación orzamentaria dos concellos e que desbordan por completo a capacidade de investimento dos concellos. Fixérono a través de dúas leis: a Lei de garantía do abastecemento, do 2019, que entrou en vigor en xaneiro do 2020, e a máis recente Lei do ciclo integral da auga, que, efectivamente, obriga os concellos, no prazo de dous anos —é dicir, xaneiro de 2022—, a facer as auditorías da rede e a facer un plan de investimentos para corrixilas. ¿Saben cantos concellos fixeron as auditorías neste período obrigatorio por lei? Fixéronas 31. Dá a medida da realidade do país. Por certo, hai algún que non vou citar para que non se molesten —pero, se queren, despois dígollelo— que si cumpre a *rajatabla* e que é un exemplo en todo o país. Voulles dicir que empeza por «p», por se queren pensar no asunto. Empeza por «p».

Ben, ademais, no prazo de tres anos os concellos teñen que garantir que as perdas baixen do 20 %. É dicir, en xaneiro do ano 2023 teñen que conseguir que as perdas baixen do 20 %. Vostedes nas noticias que deron sobre este tema dixeron que as perdas medias eran do 41 %. Por certo, deberían aplicarse o conto tamén e corrixir as perdas que hai nos sistemas de abastecemento que xestiona Augas de Galicia —por exemplo no de Eiras, que abastece toda a área metropolitana de Vigo e que ten perdas do 40 %—. ¿Que van facer vostedes? ¿Van facer auditoría dese sistema, van corrixir todas as perdas que ten para mellorar o abastecemento nesta área? Teñen tamén que asumir os deberes que están na propia lei, por certo.

Pois ben, a realidade é que isto o que pon de manifesto é un fracaso estrepitoso da política hidráulica de Augas de Galiza, da Xunta de Galiza, en todos estes trece anos. E a pregunta que lles facemos é: despois de trece anos gobernando, ¿vostedes non teñen ningunha responsabilidade nesta materia? Porque vostedes parece que «pasaban por aquí», como na canción de Aute.



A realidade deste tema é que é unha cuestión moi complexa, que hai que asumir que é unha cuestión moi difícil que require un esforzo moi grande de tipo técnico, de tipo tecnolóxico, de tipo orzamentario, de xestión de todas as administracións e na que hai que chegar a grandes acordos. Non vale a imposición, non valen os parches, non vale a improvisación. E por iso nós lles propuxemos aquí no pleno de setembro un pacto de país, un pacto pola auga para poñerse en serio a resolver todos estes problemas. ¿E saben o que fixeron vostedes? Votaron en contra de que houbera un grande acordo de país pola auga. Está todo dito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Bará, falou vostede da depuradora de Pontevedra, que a ten que xestionar a Xunta de Galicia pola incompetencia do goberno local de Pontevedra. Pero ademais dixo vostede que fora para protexer a Ence. Non, mire, desde o Goberno de Galicia e desde o Grupo Parlamentario Popular non queremos protexer a Ence, o que queremos protexer son os postos de traballo que ten Ence e que vostedes, desde o Bloque Nacionalista Galego, queren destruír. (*Aplausos.*) Iso é o que queremos protexer desde o Goberno de Galicia e desde o grupo maioritario desta Cámara, desde o Grupo Popular.

Señorías, inicio a miña intervención facendo unha afirmación que sei que á señora Rodríguez Rumbo non lle gusta nada que lembremos pero que é necesario facela no día de hoxe. A competencia no saneamento e no abastecemento de auga é cen por cento municipal. Non sei de onde sacou o señor Bará aquí competencias para todos menos para o goberno local de Pontevedra, ao cal pertenceu e que ademais privatizou a auga precisamente sendo concelleiro. ¡Mire que casualidade!, precisamente sendo vostede concelleiro.

Son, en consecuencia, os concellos, as administracións locais, as responsables da xestión das redes de abastecemento e de garantir a auga aos seus veciños. Esta afirmación non é un capricho deste deputado que fala. Así o establece a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, unha norma plenamente vixente e que, que saibamos, non se modificou.

Dito isto tamén é certo que a Xunta está a facer un esforzo inxente para apoiar os concellos —de xeito especial aqueles máis pequenos— no exercicio desta competencia municipal; apoio que presta a través de Augas de Galicia, entidade pública que depende da Consellería de Infraestruturas. E a pesar de que a situación sería a corresponsabilidade das distintas administracións na xestión da auga —isto é, acadar unha implicación conxunta das deputacións provinciais, do Goberno central e da Xunta de Galicia en colaboración cos concellos—, a realidade é moi diferente. A realidade é que está a ser fundamentalmente a Xunta de Galicia a única administración que vén prestando apoio aos concellos nesta materia. Ou, dito doutro modo, só a Xunta de Galicia presta aos municipios axuda técnica na elaboración de proxectos hidráulicos e financeira no financiamento dos contratos e das obras precisas en materia de augas.



Polo tanto, nesta iniciativa, señora Rodríguez Rumbo, botamos en falta un maior compromiso do Partido Socialista cos concellos galegos, tendo en conta, ademais, que hoxe cogo-bernan vostedes en tres das catro deputacións, e que na Administración central tamén gobernan vostedes, os socialistas. Son responsabilidades de goberno que teñen. Pero, claro, resulta moi sinxelo, señorías, poñer deberes á Xunta e non adquirir o mesmo compromiso desde as administracións nas que vostedes gobernan ou vostedes xestionan; ou nas que des-gobernan —se falamos do Goberno central, como comprenderán, é moito máis desgoberno que goberno—.

E partindo desta falta de colaboración e de vontade municipalista, a iniciativa que vostedes propoñen hoxe é incompleta, está coxa. Si, e non podemos aceptar... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, vostede vai ter un turno de réplica. Non se poña vostede nerviosa, que a vexo a vostede moi nerviosa ultimamente desde o escano. *(Murmurios.)* No día de onte, vostede chamáballe a atención a este grupo porque dicía que a interrompían, e agora resulta que no día de hoxe —que pasou un día nada máis— é vostede a que me está interrompendo a min, que estou no uso da apalabra. *(Aplausos.)*

Fíxense ata que grao chega a colaboración da Xunta en materia hidráulica que en municipios como Viveiro ou como Vigo, onde o Partido Socialista goberna, non son os seus alcaldes capaces de xestionar as depuradoras ou de facer fronte en solitario ás obras de reparación das redes de abastecemento e de saneamento municipal. O mesmo acontece en concellos onde goberna o Bloque Nacionalista Galego. Podemos falar de Ribadeo, que vostede coñece ben, ou podemos falar de Pontevedra, que coñece ben o señor Bará. Tampouco ningún destes concellos as xestionan.

En segundo lugar, tamén vostede parece esquecer que o territorio de Galicia se distribúe en catro demarcacións hidrográficas e que a Xunta só ten competencias sobre a de Galicia-costa. E vostedes non fan ningunha mención á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que supoño que tamén terá que implicarse neste asunto. Supoño que non queren molestar o señor Quiroga, porque a saber a que sensibilidade do Partido Socialista pertence. Entón, ao mellor vostede non o quere molestar.

En terceiro lugar, como vostede recoñece na súa iniciativa, a Xunta habilitou axudas aos concellos para optimizar a xestión da auga, para elaborar os plans municipais fronte á seca, para a instalación de caudalímetros e para a realización de auditorías nas redes de abastecemento municipais. Nalgunha destas liñas de axuda non se esgotou o orzamento consignado por falta de solicitudes. Polo tanto, tamén ten que existir unha sensibilidade maior dos concellos galegos e apostar por investir na mellora de redes hidráulicas dos seus municipios.

En resumo, no que atinxe especificamente ao abastecemento de auga, dado que é unha competencia municipal, son os concellos os que deben actuar para resolver as deficiencias detectadas e acometer as melloras necesarias. E, de non dispoñer de recursos necesarios para facelo, son tamén os concellos os que teñen que acadar as axudas doutras administracións, xa sexa a nivel autonómico, xa sexa a nivel provincial ou xa sexa a nivel estatal. E a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que acaba de entrar en vigor, é unha ferramenta



ideal para este cometido. Moitos concellos non fan os seus deberes pese a contar coa axuda da Xunta de Galicia. E non se trata de botar balóns fóra. Observen o que dicía nunha entrevista nun xornal o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, o señor Quiroga, José Antonio Quiroga —que ademais foi membro desta Cámara no pasado—. Decía: «Avisamos en febrero, pero los ayuntamientos no tomaron medidas contra la sequía hasta el verano. Hace ya meses avisamos a los ayuntamientos, que tienen la responsabilidad en este asunto, la responsabilidad es de los ayuntamientos».

E, respecto á súa autoemenda, demostra un total descoñecemento sobre a actividade desenvolvida por Augas de Galicia. Se queren dispoñer dunha relación de investimentos, non teñen máis que consultar o DOG, o portal de contratos de Galicia ou os documentos de execución orzamentaria. Non creo que os funcionarios e a Xunta de Galicia estean ao seu servizo para facerlles a vostedes o seu traballo, é dicir, para facerlles a vostedes as tarefas de oposición que teñen que facer vostedes.

Eu xa sei, señorías, que vostedes non poden dar moitos exemplos, porque os mellores exemplos están onde vostedes teñen responsabilidade de goberno —chámese Ribadeo, chámese Vigo, chámese Pontevedra...—. E aí quen ten que xestionar as depuradoras e quen ten que xestionar a auga, neste caso, é a Xunta de Galicia pola incompetencia deses gobernos municipais. Polo cal, no tema da auga, leccións do Partido Socialista e leccións do Bloque Nacionalista Galego, ningunha, ¡ningunha! Porque, onde teñen a oportunidade, non o fan. E a execución dos fondos destinados a obras hidráulicas desenvólvense dun xeito escalonado segundo se van pagando as certificacións das obras, señor Bará. Como son obras moi cuantiosas, con elevado investimento en depuradoras e emisarios, o prazo de execución é plurianual, que iso é o que evita vostede. Pero o grao de execución final é moito máis elevado do que vostede acaba de dicir. Polo cal, o que lles pedimos aos representantes do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará —que vostede tampouco é o máis idóneo para dar leccións sobre a auga—, é que non fagan vostedes trampas. Digo que non é o máis idóneo porque, sendo vostede concelleiro, o Concello de Pontevedra privatizou a auga. E, se quere, sácolle a acta do que dicía vostede naquel momento. Pero iso será noutra ocasión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Pecha a autora da proposición non de lei, dona Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

E grazas, señor Bará, polo seu apoio.

Perdóenme, porque vou empezar un pouco polo señor Balseiro. É que, se non, o tempo é tan curto que non me vai dar tempo a todo.

Mire, señor Balseiro, se a competencia, o abastecemento e saneamento é municipal e o teñen que asumir os concellos, pois as competencias das escolas infantís, do servizo de axuda no



fogar, dos servizos sociais, de industria, de promoción do emprego son da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) ¡Que o asuman dunha vez, que o asuman dunha vez!, ¡que fagan esa listaxe de cales son as competencias impropias que están atendendo os concellos fronte á súa incapacidade, á incapacidade da Xunta de Galicia, que, ademais, cada vez carga máis os concellos.

E, miren, tamén poden probar con outra cousa. Increméntenlles o Fondo de Cooperación Local. Hai uns días trouxemos unha iniciativa e vostede votou en contra. Increméntenllelo e verán como terán máis fondos para poder facerse cargo dese abastecemento, dese saneamento, desa depuración. Non pode vostede vir aquí e facer un discurso hipócrita, porque sabe que o que está dicindo non é máis que hipocrisía política. Axuden os concellos como os teñen que axudar. Déanlles máis financiamento e verán como atenden as súas competencias. E, por certo, quítenlles as que son súas para que a eles tamén lles queden máis recursos para atender as que son propias.

Mire, vostede viña aquí a dicir unha serie de emendas... ¡Ah!, por certo, cando lle estaba falando dende alí, non estaba interrompendo, simplemente lle dicía que, como vostede dixo que era unha iniciativa coxa, fixera unha emenda *in voce*, que lla aceptabamos. Aínda o pode facer, aínda podemos. Temos tempo antes da votación. Seguramente que o BNG tamén estará de acordo e aceptámoslla. Fagan unha emenda, faga unha emenda que mellore esta que lles traemos aquí, pero non voten en contra. Porque sabe que o único que estamos pedindo é que todas as administracións —e na nosa iniciativa poñemos «todas as administracións», non eludimos ningunha, ¡ningunha!— se poñan ao carón para poder desenvolver ese fito, ese obxectivo do que falaba a señora conselleira cando estivemos debatendo a Lei de mellora do ciclo integral da auga. Fágano, que o coordine a Xunta de Galicia, que para iso está, para iso está, para coordinar e para poder traballar a favor de todas e todos os galegos.

Mire, a Xunta de Galicia non pode ser un espectador, ten que ser un actor activo, levan trece anos gobernando. E a auga, que era un dereito antes, hai trece anos, é un dereito agora, é un ben esencial para a cidadanía e un ben esencial para a actividade económica. E ¿que fixeron vostedes en trece anos máis que aprobar dúas leis —unha no 2010, outra no 2019—? Fan que fan. Vostedes aproban, aproban e aproban. No papel está contido, pero, na realidade, ¿cal é a realidade no día de hoxe? A propia conselleira dicía aquí que a realidade no día de hoxe é que hai moitísimo por facer. Pero a Xunta de Galicia mira coma se fose un espectador pasivo e non tivese ningunha competencia nin ningunha responsabilidade no que está acontecendo.

Nós hoxe —insisto— traemos esta iniciativa para que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e poña en activo todas esas leis que aproban. Insistímoslles en que fagan este plan estratéxico que lles pedimos os socialistas, un plan transparente. Eu xa sei que a transparencia para vostedes é algo raro. ¡Pero poden empezar, poden empezar! Despois de trece anos gobernando poden empezar por facer un plan transparente onde aparezan as datas, o financiamento e quen pon ese financiamento, e tamén os concellos onde se vai facer; porque isto tamén é importante, porque parece que vostedes cando saen aquí non coñecen a planta municipal que temos en Galicia, parece que a descoñecen. Pois, mire, señor Balseiro, mire, temos 118 concellos que teñen menos de 2.000 habitantes, e, se imos a menos de 5.000, temos 201. ¿Sabe canto é isto?, ¿sabe canto é isto?, ¿201? ¿Sábeo, verdade? Seguramente estes



201 concellos con menos de 5.000 habitantes non poden facer fronte aos custos que supón o abastecemento, a distribución e o saneamento das augas para poder cumprir con esa Lei do ciclo integral da auga.

Mire, señor Balseiro, eu o que temo, o medo que temos os socialistas —e seguro que toda a cidadanía se realmente visen este debate e coñecesen a realidade—, é que vostedes sigan facendo como fan habitualmente. Mire, eu voulle amosar un «quesito» —xa sei que non lles gusta pero a min dáme igual— do número de convenios de Augas de Galicia de 2017 a 2021. ¿Viu aquí? *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento.)* Mire, a ver se teño porque aquí a totalidade. Pois, mire, son 117 concellos, 177 é o total. Pero, mire, 82 son do Partido Popular, 27 do PSdeG, 1 do BNG e 7 de outros. Mire, señor Balseiro, para facer o noso traballo, traballamos. Porque, mire, facer isto ¿sabe o que me supón? Ter que mirar os DOG todos os días e ver cando se publican os convenios de colaboración que fai cada unha das consellerías —neste caso Augas de Galicia—. E asegúrolle que os teño un por un dende o 2017. Aquí está reflectido. Pero hai outro tipo de documentación que a Consellería e a Xunta de Galicia ten obrigación de entregarnos, porque, para facer o noso traballo —que o facemos dignamente—, e para ter todos os datos e poder debater aquí en igualdade de condicións, necesitamos coñecelos. E a Xunta de Galicia, unha vez máis, é opaca. Intenta que os deputados e deputadas da oposición non teñamos esa información porque seguramente lle sacariamos moito máis as cores, ¡moito máis! *(Aplausos.)* Polo tanto, miren, aproben esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa remato, señora presidenta. Insisto, non é máis que unha iniciativa de mínimos, simplemente que poñan cantidades, datas e concellos. Fágano. E, ademais, se teñen unha proposta, estou segura de que o señor Bará tamén a aprobará e sacaremos de aquí unha iniciativa aprobada por unanimidade que beneficiará a todos os concellos galegos, e, polo tanto, a toda a nosa cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(Pide a palabra o señor Bará Torres.)

Si, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Solicito a palabra por inexactitudes do deputado do Partido Popular en referencia á miña persoa.

Como o señor portavoz do Partido Popular, o señor Balseiro, non ten información correcta —debéronlle dar mal os datos—, quero acalarlle que quen privatizou o servizo da auga en Pontevedra foi o goberno do Partido Popular do señor Pedrosa no ano 1997. *(Murmurios.)* E o que fixo o goberno do Partido Popular en Madrid despois, no ano 2012, foi facer unha lei para que fose practicamente imposible a xestión directa dos servizos privatizados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(Pide a palabra o señor Balseiro Orol.)

¿Para que pide a palabra, señor Balseiro?

O señor BALSEIRO OROL: Señora presidenta, entendo que abriu o debate o señor Bará. *(Protestas.) (Fortes murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vamos ver...

O señor BALSEIRO OROL: Si, si, si, entendo que abriu o debate o señor Bará.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Xustifíqueo.

O señor BALSEIRO OROL: A única inexactitude que hai é a que acaba de dicir o señor Bará. El quéreo desviar cunha lei, e o que fixeron foi unha privatización no Concello de Pontevedra sendo el concelleiro. *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Bueno, agora ten que respectar os turnos. Claro, é que ao final, unhas veces toca dar e outras encaixar, e xa sabe.

Imos ao punto 5 das proposicións non de lei, unha proposición do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 euros poidan facer fronte aos gastos do inicio do curso

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidenta.

Onte asistiamos a un debate que eu sospeito que argumentalmente vai ter certos nexos, certas coincidencias, co debate que estamos a ter agora e que, dalgún xeito, evidenciaron tres ideas que eu creo que é xusto traer hoxe aquí porque, dalgún xeito, van axudarnos a contextualizar e a termos o marco a respecto do que estamos a falar.



A primeira destas ideas eu creo que é que o Partido Popular é capaz de subir a esta tribuna e dicir que a universidade privada de Abanca é gratis, que lles saíu gratis aos galegos, que non nos custou nin un peso. ¡Foron 9.000 millóns de euros, señor Rodeiro, os dedicados a rescatar esta entidade!, (*Aplausos.*) unha entidade que hoxe, como gran contribución a este país, fai que os alumnos que se matriculen paguen 10.000 euros/ano por un título de máster e 6.000 euros/ano por un título de grao.

A segunda das ideas que se introduciron aquí é que, para o Partido Popular, un pelotazo fiscal de 34 millóns de euros para os ricos é algo xusto e solidario, mais a gratuidade universal dos libros de texto é algo inxusto e insolidario.

E a terceira —que eu creo que tamén se evidenciou— é que para o Partido Popular un sistema universal de préstamo de libros de texto que resultaba un millón de euros máis barato e que fornecía de libros a todo o alumnado era un dispendio insolidario, e que, pola contra, financiar centros que segregan por sexo, centros aos que durante o goberno do Bipartito se lles tratou de reverter os seus concertos e que Núñez Feijóo renovou como primeira medida cando chegou á Xunta no ano 2009, sei que é para o Partido Popular xusto e solidario.

Polo tanto, eu creo que nese marco temos que agradecerlle ao señor Rodeiro que por unha vez si viñese traer aquí pois unha certa transparencia, unha transparencia en defensa dos intereses dos de sempre. Pero creo que tamén é xusto mencionar que calquera persoa que saia do palco VIP e poña os pés na terra se decata de que a realidade que estamos a vivir hoxe na comunidade educativa, a realidade que estamos a vivir nas aulas, merece ser atendida noutros termos.

E, polo tanto, a reflexión que nós tratamos de levar adiante con esta iniciativa non é outra que a seguinte: ¿existe a día de hoxe unha realidade obxectiva pola situación económica que estamos a padecer que fai que as familias, que están iniciando o curso escolar, teñan unha situación económica absolutamente dramática e que en moitos casos vai requirir un esforzo extraordinario da Administración?, ¿as familias deste país, ante o inicio de curso, precisan axudas para os gastos que implica, si ou non? Este é o debate que estamos a ter. E, polo tanto, nós, para abordar este debate a partir do marco que debuxou onte o Partido Popular, cremos que moi pouca esperanza se vai poder ter para que en vinte e catro horas haxa unha eclosión de solidariedade e de sensibilidade para con estas familias, pero si cremos que é importante poñer enriba da mesa datos da realidade que están a vivir as familias fronte á realidade que aquí vén defender o Partido Popular.

Primeiros datos: as familias —dato que está saíndo habitualmente nesta tribuna— están a asistir neste inicio de curso a unha suba de prezos absolutamente disparatada, estamos moi por riba da media do Estado, o que nos sitúa nunha inflación de arredor do 11 %. Cada familia que empeza o curso escolar —dato da OCU— ten que facer fronte neste inicio de curso a unha media por alumno de 1.250 euros para que os seus fillos poidan exercer o seu dereito á educación —nun país cos salarios e as pensións máis baixas do Estado—.

No que ten a ver coas axudas que se están implementado por parte da Administración, a metade do alumnado non está a recibir ningún tipo de axuda por parte da Xunta de Galiza.



Iso se falamos do ensino obrigatorio, pero se facemos unha referencia ao ensino non universitario, 8 de cada 10 alumnos non reciben ningún tipo de axuda nun país cunha taxa de risco de pobreza e exclusión social do 25 % —700.000 persoas, un cuarto da poboación deste país, señor Rodeiro—. Se imos a calquera patio de colexio e seleccionamos dez alumnos, sabemos que de dous cuxos pais teñen a sorte de traballar, a pesar de traballar, son pobres. E vemos, se imos a calquera aula, se ollamos o que temos diante, que a metade do alumnado que temos nesa aula vai ter dificultades ou dificultades moi serias para chegar á fin de mes.

Esta, señores do Partido Popular, máis alá do seu relato, máis alá das súas prioridades, é a realidade que están a debuxar as estatísticas oficiais, mais, sobre todo —eu creo que é o máis importante—, é a realidade que pode percibir con absoluta claridade calquera persoa que se enfronte a entrar nun instituto, nun colexio, que se enfronte ao que é a realidade, ao día a día, da vida académica. E, ante isto, ¿que facemos?, ¿facemos coma se aquí non pasase nada?, ¿negámolo?, ¿foi o Bipartito?, ¿Putin?

Mais nun contexto no que se están a producir nestes días as reunións dos titores e as familias nos centros de ensino, a realidade da que se fala é precisamente esta; do que se está a falar é de como neste inicio de curso se fai para que unha familia monoparental poida pagar 500 euros de alugueiro, 100 de gasolina, 60 de teléfono, 100 de luz, seguros, cestas da compra... E, ademais, sendo conscientes de que teñen o mal vicio de —tamén en setembro e outubro— alimentarse. ¿Como se fai para que neste contexto teñan que asumir 1.250 euros de gasto medio por alumno neste inicio de curso? E, polo tanto, ante esta situación o que estamos a propoñer é simplemente medidas por parte da Administración que permitan paliar, bolsas extraordinarias para aquelas familias que teñan rendas per cápita inferiores aos 12.000 euros e que lles permitan afrontar estes contextos que vimos de describir —e que son realidades, digamos, absolutamente obxectivas e avaladas mesmo por datos da propia Xunta de Galiza—. ¿Que facemos para que o impacto desta situación sexa o menor posíbel?

E, polo tanto, o que toca preguntarse, o que temos que abordar, é se, nun contexto de suba de prezos, as dificultades e o impacto do principio de curso vai ser igual para aquelas familias que gañan 1.000 euros ao mes que para aquelas que gañan 5.000 e como por parte dunha administración educativa sensible e sensibilizada coas necesidades daquelas persoas que máis o necesitan se lle vai poñer, cando menos, solución para que esta situación se palíe.

Dicimos isto porque a alternativa pois é resignarnos a asumir como normal que este país poida permitirse renunciar a uns ingresos de 34 millóns de euros ao eximir impostos aos millonarios e que, pola contra, se nos veña aquí a dicir que non podemos permitirnol nos implementar gratuidade universal para os libros de texto ou que non podemos permitirnol nos implementar e habilitar bolsas extraordinarias para aquelas familias que o necesitan. (Aplausos.) O que non podemos aceptar como normal é que neste país se nos negue a maior, que se continúe a financiar centros clasistas e elitistas, e que, polo tanto, se nos continúe, no mesmo debate, a negar a posibilidade simplemente destas axudas. E o mesmo acontece, como dicíamos, señor Rodeiro, con como neste país se establecen as prioridades dos gobernos, e se a prioridade é rescatar a banca ou a prioridade é rescatar aquelas familias que nun contexto como o que temos están a padecer situacións insostibles, que se evidencian para



calquera persoa que queira asistir a un claustro, calquera persoa que queira asistir a unha reunión de pais. Porque son os debates que están agora mesmo enriba da mesa.

Polo tanto, o debate que aquí propoñemos —as axudas para este inicio de curso, estas bolsas extraordinarias— é tamén un debate de prioridades. E o que pretendemos é que o grupo que sostén o Goberno nos deixe claro se nas súas prioridades vai estar continuar a situarse ao lado do señor Escotet, se vai continuar a situarse ao lado dos millónarios deste país, ou se dunha vez por todas vai entender que a realidade deste país se fai cada día máis dura para as familias, que se fai cada día máis dura para a comunidade educativa, e vai situarse a carón dos que o precisan, das clases populares e da comunidade educativa, que están nunha situación absolutamente límite.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Lourenzo.

É a quenda agora para os restantes grupos políticos.

Polo Partido Socialista, ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi bo día a todas e todos.

O contexto inflacionista con encarecemento das materias primas e a enerxía, que derivou nesa suba xeneralizada en todos os ámbitos dos prezos, hai que ter en conta que non é un horizonte nin unha realidade que teña visos de se solucionar no curto prazo. Hai que lembrar tamén que aquí, na nosa comunidade, é previo a esta crise que se está a vivir de xeito global. Xa partiamos dunha situación máis delicada de desigualdade se falamos do mercado laboral, se falamos de pensións, se falamos dunha mocidade que, como xa denunciabamos hai un ano, estaba nos niveis máis baixos de emancipación dende que hai rexistros, sufrindo unha precariedade maior que no resto do Estado a nivel laboral, con máis inestabilidade, cun problema tamén para o acceso das familias á vivenda pública —diga o que diga o señor Rueda, ao que convidamos a que bote un ollo ao Rexistro Único de Demandantes de Vivenda— pola ausencia absoluta de políticas públicas.

Toda esta delicada situación —previa, insistimos, a este contexto de crise global—, evidentemente, agora non fixo máis que se agudizar. Neste contexto no que onte coñeciamos, efectivamente, por exemplo, eses datos do Instituto Galego de Estatística que din que é a metade, ja metade!, case cinco de cada dez, os fogares que na nosa comunidade teñen dificultades para chegar á fin de mes, é inxustificable escoitar o conselleiro de Educación —como o vén facendo neste Parlamento— falar de café para todos.

Onte, sen sorpresa, neste contexto o Partido Popular votaba en contra e tombaba a iniciativa deste grupo parlamentario de recuperar —agora máis ca nunca reclamábámolo con énfase— ese sistema de préstamo e de gratuidade dos libros de texto, unha medida que cómpre re-



cordar agora, no debate desta iniciativa, que, de non ter sido eliminada dun plumazo no minuto cero da primeira lexislatura do señor Feijóo, non nos levaría a ter que estar pedindo medidas complementarias, extraordinarias, con esta urxencia, medidas de choque ante este inicio de curso escolar agravado, precisamente, por esta situación.

Ante a ausencia de políticas estruturais durante todos estes anos, vémonos na obriga de ins-
tar a tomar este tipo de medidas de choque, complementarias, extraordinarias, con urxencia, porque, evidentemente, esa esmola que dicíamos onte de 25 euros de axuda complementaria para as rendas máis baixas para materiais e libros de texto anunciada polo señor Rueda, pois desde logo que non abonda, e mesmo semella todo un insulto.

Así que hai dous debates. O de fondo sería ese, o de que, ante a ausencia de políticas estruturais e nunha situación conxuntural de crise como a que estamos vivindo agora, cómpre tomar medidas neste décimo cuarto curso —lembramos— no que as familias galegas se viron na obriga de ter que pagar polos libros de texto e polo material, neste décimo cuarto curso, señoras e señores deputados, no que a maioría das familias galegas tiveron e teñen que pagar libros de texto e material porque só a metade do alumnado galego se beneficia desas axudas e dese sistema, que, como se demostraba onte neste Parlamento, é menos eficiente no económico e máis caro a longo prazo a nivel orzamentario, ademais de que está baseado na desigualdade.

E hoxe toca, efectivamente, falar de medidas complementarias —nós xa anunciamos, evidentemente, o noso voto a favor ante estas medidas excepcionais— pero tamén pedir —porque estamos no momento anual tendo en conta o calendario— sensibilidade nos vindeiros orzamentos autonómicos; porque os prezos da enerxía, da cesta da compra, como dicíamos, e esta problemática derivada, entre outros motivos, da guerra de Ucraína non vai desaparecer a curto prazo. E ese esforzo e ese protagonismo para as políticas públicas que blindan o escudo social a todos os niveis é o camiño que hai que seguir por todas as administracións con feitos.

E precisamente onte o señor Rodeiro instábanos a pronunciarnos sobre o modelo da ministra de Educación. Ao mesmo tempo que tiñamos este debate neste Parlamento coñeciamos o acordo aprobado polo Consello de Ministros do proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. E, se quere, señor Rodeiro, falamos e confrontamos modelos no que atinxe á educación —que é do que estamos a falar precisamente—. E se este ano xa estabamos a falar da partida de bolsas máis alta da historia, o ano que vén esa partida de bolsas aínda se vai incrementar. Vaise bater un novo récord histórico aumentando en 400 millóns de euros as bolsas para todo o estudantado, 400 millóns de euros sobre unha partida que será de preto de 2.500 millóns de euros, o que supón un 16 % máis que este ano.

E botando a vista a atrás, e se quere comparar modelos —porque falabamos de que hai distintos xeitos de facer política máis aló das crises e de medidas excepcionais—, podemos comparar o gasto público en bolsas que se facía no ano 2018. ¿Saben canto aumentou con este novo proxecto de orzamentos do Estado para o vindeiro ano 2023? Un 70 % máis en bolsas con este goberno progresista presidido por Pedro Sánchez, un 70 % máis en bolsas para todo o estudantado con respecto ao ano 2018. E se falamos do gasto público en educa-



ción, haberá aumento con respecto ao ano pasado, no que xa aumentou un 6,6 %, xunto coa sanidade. As dúas partidas nas que máis aumenta o gasto e o investimento de cara ao vindeiro ano son sanidade e educación. Tome nota e falemos, se quere, de modelos. Se falamos do aumento do gasto público en educación por modelos con respecto ao orzamento que había no ano 2018, estamos a falar dun aumento do 62 %.

Pero mentres non chegan eses novos orzamentos, cómpre lembrar tamén que vostedes teñen votado en contra dese real decreto de medidas que, sen ir máis lonxe, no mes de agosto se aprobaba no Consello de Ministros, ese que anunciaba o presidente Pedro Sánchez e que supón —o que lembrabamos onte tamén, xa que falamos de medidas extraordinarias— aumentar 100 euros mensuais para todos aqueles e aquelas beneficiarias na convocatoria de bolsas do curso 2022-2023 nestes meses de setembro a decembro.

Preguntaba tamén o señor Rodeiro por modelos e sacabamos a relucir o caso do Concello de Vigo. Diciamos que, sen ter as competencias, o alcalde da cidade, un socialista, Abel Caballero, pois chegaba aí onde non chega a Xunta de Galicia anunciando eses 205 euros para o conxunto do alumnado do ensino público na cidade de Vigo.

Pero, ben, tal e como diciamos antes, o importante é o partido que xogamos aquí na casa, neste Parlamento, nas competencias propias, que é o que lles importa ás galegas e aos galegos. E ¿que fixeron vostedes neste contexto e nestes anos tamén máis alá de botar balóns fóra? Están os feitos —como diciamos—: votar en contra de cada medida extraordinaria que se vota no Congreso dos Deputados; votar onte en contra, neste Parlamento, da recuperación dese sistema de préstamo universal dos libros de texto; votar a semana pasada, o venres, na Comisión de Educación —e estaba vostede presente—, dunha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista na que se pedían matrículas gratuítas na universidade, e que se aumentase tamén por parte da Xunta de Galicia o esforzo para a partida autonómica nas bolsas para o estudantado nas universidades. Votan en contra.

E é tan ilustrativo que onte o señor Feijóo, o líder do partido nacional e expresidente da Xunta de Galicia, miren, daba e convocaba os medios, e estaba pronunciándose e criticando os vindeiros orzamentos do ano 2023 sen coñecelos. Ao mesmo tempo que a ministra de Facenda, a señora María Jesús Montero, estaba anunciando as liñas básicas do orzamento para o ano 2023 o señor Feijóo estaba criticando eses orzamentos. ¡O rigor, si señor!

Así que, falando das cousas que importan, diciamos que, das familias galegas, 5 de cada 10 non chegan á fin de mes —como establecían onte eses datos do Instituto Galego de Estatística—. E aquí o que temos pois é a eliminación da Tarxeta Básica e ese afán en defender esa baixada inmoral dos impostos ás grandes rendas. Son noticias que escoitan espantadas as familias. E por exemplo, non quería deixar de lembrar as familias de Moaña polo que están padecendo arestora moitos nenos e nenas por un servizo de *catering* —que están, por certo, en risco de exclusión social e que son usuarias e usuarios dos comedores—. Mesmo o grupo municipal do Partido Popular se sumou ao resto de grupos para instar a Consellería de Educación e a Xunta de Galicia para que tome cartas urxentemente porque as nenas e nenos de Moaña usuarios do servizo de comedor están pasando fame e comendo alimentos de mala calidade. E nós estamos aquí a discutir e a defender perdoar 34 millóns de euros aos que



máis teñen e votando en contra dun sistema de préstamo de libros —insisto— universal para todas as familias galegas.

Así que nun inicio de curso marcado por estas dificultades económicas, dende logo —como dicíamos onte—, a maior parte das galegas e dos galegos non van entender que sigan nesa política de votar en contra dos intereses dunha maioría que o está a pasar realmente mal.

Pola nosa parte, máis nada. E, como dicía, votaremos a favor desta iniciativa. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Otero.

É a quenda agora para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que, señor Lourenzo, se vostede quere ser serio, se vostede quere ser obxectivo, se vostede quere acreditar hoxe aquí nesta Cámara a súa solvencia, o que ten que facer na segunda intervención é dicirnos en que partida dos orzamentos da Xunta figura unha subvención á universidade privada de Abanca. Ou tamén pode traernos unha comparación do que destinaba o Bipartito a eses colexios que vostede cualifica como clasistas e xa verá como coincide co que se transfire neste momento, porque ao final son as mesmas cantidades.

Mire, ao ensino público asiste hoxe en Galicia, por decisión das propias familias, o 72 % do alumnado, a mesma porcentaxe que cando gobernaban vostedes. Polo tanto, eu creo que convén ser un pouco serio, porque, se caemos na demagogia de sempre, pois, efectivamente, non avanzamos en nada no debate.

Mire, señora Otero, a Xunta de Galicia e os galegos fixeron moito, Galicia fixo moito, pola educación. E, de feito, Galicia é a comunidade autónoma de España máis equitativa e é a máis equitativa tamén dos países da OCDE. E isto acredita, desde logo, unha preocupación da Xunta de Galicia pola educación, pola igualdade de oportunidades e sobre todo por loitar contra esa taxa de abandono escolar. E para blindar que Galicia siga sendo equitativa, o Goberno da Xunta vén de poñer en marcha unha serie de medidas que permiten aforrar un total de 110 millóns de euros ás familias, ás familias que máis o necesitan, señorías.

Pero, mire, vostede fálanos de modelo. Voulle dicir o modelo que está practicando o Estado con Galicia. Ademais é o modelo do que nunca lles escoitamos nada, ningunha reivindicación, nin ao sindicato de cabeceira do BNG nin ao propio BNG. Miren, o sobrecusto da inflación neste curso para o sistema educativo galego representa máis de 23 millóns de euros. ¿Sabe canto aporta o señor Pedro Sánchez? ¡Cero! Pero ademais de non aportar nada, o Ministerio, a través dunha lei, imponnos os novos libros de texto a través dos novos decretos, incrementando aínda máis a carga das familias. ¿Saben canto pon o Partido Socialista do Goberno de España? ¡Cero! Pero é que, ademais, a través dunha lei fallida —que teñen que aprobar outra lei, que é a de formación profesional— imponen por lei —bueno, nós aí estamos de acordo— integrar os profesores técnicos de formación profesional. ¿Sabe canto aporta outra vez o señor Pedro Sánchez —porque se aprobou por lei e, polo tanto, tiñan que



aportar eses fondos—? ¡Pon cero! Custa 2,7 millóns cada ano e non aportan absolutamente nada.

Este é o modelo que temos do señor Pedro Sánchez co sistema educativo de Galicia. Polo tanto, vostedes deberían poñerse do lado dos galegos. Vostedes deberían reivindicarlle ao goberno de Pedro Sánchez que ten que cumprir co que aproba nas súas leis, porque, se non, pois mal imos.

Miren, señorías, eu creo que tampouco debemos caer no erro de pensar que o sistema educativo ten capacidade para solucionar todos os problemas existentes nunha sociedade. Na exposición de motivos desta PNL, señor Lourenzo, fala vostede dos custos enerxéticos, do custo da electricidade, do custo do combustible, do custo da cesta da compra. A ninguén lle escapa que son problemas que están agravados polo señor Sánchez, porque estamos nun momento dunha inflación totalmente desbocada e está deixando abandonadas as familias pola absoluta inacción. A verdade é que non nos estraña nada, porque ultimamente o señor Sánchez se dedica máis ao cine que a atender as necesidades das familias. Pero vostedes teñen a capacidade de poñer todos estes problemas encima da Xunta de Galicia e liberar absolutamente o Goberno do Estado de ningunha responsabilidade.

E, miren, señorías, a nós preocupánnos de verdade as familias con dificultades e por iso o sistema educativo galego adoptou medidas para minimizar os efectos da inflación sobre as familias con rapaces en idade escolar. Galicia leva traballando seriamente, señorías, desde o mesmo momento en que vostedes nos acusaron constantemente de recortes. Traballou ata conseguir un logro histórico, porque é histórico situar Galicia á cabeza do Estado en equidade. E é histórico que Galicia estea situada á cabeza de todos os países da OCDE en equidade. *(Aplausos.)* Isto é histórico, señorías. *(Aplausos.)*

Miren, os rapaces galegos teñen o dobre de posibilidades de maior rendemento académico que os nenos do País Vasco ou de Cataluña estando en contornas socioeconómicas desfavorables. É dicir, que un neno galego con menos recursos económicos ten o dobre de posibilidades de rendemento académico que un neno do País Vasco ou que un neno de Cataluña. E creo que todos debemos estar orgullosos do que leva feito nestes anos o sistema educativo galego grazas a todos, grazas ao profesorado, grazas á Xunta de Galicia, grazas aos investimentos dos galegos etc. Polo tanto, este feito —que é histórico, que nunca se deu no noso sistema educativo— é o que nos fai contar cun sistema educativo que ten unha fortaleza para poder afrontar mellor esta inflación galopante. Porque o noso sistema educativo xa tomou e ten medidas en marcha. E, ademais, a Xunta xa o está paliando con novas medidas para reforzar e apoiar especialmente a quen máis o necesita. Non como vostedes, que queren apoiar os ricos coas súas axudas aos libros de texto. Porque é a proposta que debatemos onte aquí: queren, por un lado, poñerlles un imposto ao patrimonio aos ricos; e, ao mesmo tempo, queren regalarlles os libros aos ricos. Señorías, isto é o que debatemos no día de onte.

E, miren, nestes momentos —como lles dicía antes— a Xunta de Galicia pon en marcha un aforro ás familias de 110 millóns de euros: 28 millóns de euros en axudas a libros de texto, 50 millóns de euros en axudas a comedores escolares, 19 millóns de euros por conxelar as taxas universitarias, 2,6 en materiais dixitais e outros. Son datos que, evidentemente, acre-



ditan que a Xunta se preocupa polas familias e están moi por encima dos 25 millóns de euros que vostedes solicitan hoxe aquí con esta medida, porque se incrementan nun 50 % as axudas aos libros de texto, que benefician o 75 % das familias.

Miren, señorías, en media España no día de hoxe están subindo os comedores escolares. Galicia tenos conxelados. Señorías, non é un tema menor, porque neste curso Galicia reforza a partida dos comedores escolares cun extra de 1,4 millóns de euros para paliar a suba de prezos ás familias. E o servizo de comedor escolar en Galicia está baseado na renda familiar e é un dos sistemas de todo o Estado español máis xustos e asumibles para as familias. A meirande parte dos comedores galegos son xestionados por parte da Xunta —417, que atenden a 6.237 usuarios—. O comedor escolar supón o 50 % do gasto escolar das familias, que son sobre cen euros ao mes. Pois o 80 % dos usuarios teñen o servizo de comedor totalmente gratuíto ou pagando tan só un euro. *(Aplausos.)*

Señora Otero, de verdade que non sei se entendín ben, pero vostede dicía que nos comedores se pasaba fame. De verdade, señora Otero, que me parece lamentable esa afirmación. Pero dígolle máis. Ademais de ser dos máis baratos, a contía que se paga en Galicia —a dos que máis pagan o comedor, que é só o 14 %—, é de 4,5 euros, que é máis barata que na media de España. Pero, ademais, a Xunta mantén convenios de colaboración con 17 concellos en Galicia a través dos que financia 4.802 usuarios de 49 centros públicos, axuda as ANPA para a xestión de 167 comedores e axuda as entidades de atención á diversidade con 15 comedores.

En transporte escolar temos un modelo pioneiro en España polo cal o transporte é ao cen por cento gratuíto, e estamos investindo 120 millóns de euros neste servizo. Isto representa o 21,6 % do gasto do transporte escolar de España cando temos tan só o 5 % da poboación escolar. É dicir, máis de 1 de cada 5 euros investidos en todo o Estado en transporte escolar son galegos, é galego 1 de cada 5 euros que se invisten no Estado. Prestarase servizo a 80.000 alumnos, cun centro máis que o ano pasado e situándonos en 774. Polo tanto, estase facendo un investimento moi importante no transporte.

A estas axudas hai que sumar as anunciadas polo presidente Rueda na comparecencia de orzamentos, como a de incrementar segundo o custo da inflación as axudas sociais. ¿Saben o que significa isto? Isto significa deflatar as axudas, o que o señor Pedro Sánchez nunca fai. Tamén está a equiparación do trato fiscal dos fogares con dous fillos ao das familias numerosas, ou a universalización da gratuidade das escolas infantís para todos os nenos. Son iniciativas que axudan ás familias. O de vostede, evidentemente, é populismo barato, facer propostas incoherentes co único obxectivo de saír nos medios de comunicación e facer propaganda electoral. Nós seguimos coa nosa folla de ruta, que é seguir mellorando o sistema educativo. E unha proba diso é a taxa de abandono escolar, que con vostedes subía un punto de media por ano e co Partido Popular baixa un punto e medio de media por ano. Situábase con vostedes no 26 % e neste momento está no 8 %.

Axudar as familias é investir en educación, porque somos a terceira comunidade de España que máis inviste no sistema educativo. E axudar as familias é ser a comunidade que máis profesores ten con respecto ao seu número de alumnos.

Máis nada, señor presidente. Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Señor Rodeiro, de verdade que eu creo que un señor como o señor Escotet, despois de meterse 9.000 millóns de euros de todos os galegos, non se vai tomar a molestia de buscar partidas nos orzamentos, (*Aplausos.*) pero aínda así, como aínda non lles foi dabondo, aínda teñen que seguir untándoo pagándolle por manter caixeiros no rural. (*Aplausos.*) Aínda hai que seguir untándoo facéndolle unha tramitación vergoñenta, como a que se produciu nesta Cámara, para unha universidade privada que cobra —repito— 10.000 euros por título de máster e 6.000 euros por grao. E iso é o que vostedes están a defender.

E, claro, cando nos fala dos concertos cos centros que segregan por sexo, señor Rodeiro, vostede sabe perfectamente que eses concertos estaban en trámite de ser finiquitados durante o goberno bipartito. Mantivéronse no seu momento porque eran concertos que viñan do goberno de Fraga, porque foi ao que se dedicou o goberno de Fraga, a financiar o ensino privado e a financiar o Opus Dei (*Aplausos.*) —que era os centros cos que se estaban a producir—. E a proba é que, nada máis chegar o señor Feijóo ao Goberno, novamente volveron aparecer estes concertos e novamente os centros que segregan por sexo volveron ter barra libre neste país.

E, claro, vostedes veñen dicirnos que se manteñen os mesmos datos de porcentaxe de alumnado do ensino privado. É certo —coa oscilación da poboación— que andan en torno ao 70 %. Eu agradézolle moito, señor Rodeiro, que nos traia ese dato. Porque o dato que vostede oculta e o que non nos quere traer é o que demostra que vostedes son unha organización política ao servizo dos intereses do ensino privado, porque, mentres hai esas porcentaxes de alumnado, o que acontece é que o ensino público perde mil profesores e o ensino privado incrementa un 7 % o seu profesorado. Polo tanto, empeóranse as condicións no ensino público e mellóranse as condicións no ensino privado. Ese é o seu modelo e, polo tanto, señor Rodeiro, agradézolle a transparencia. Por unha vez non está mal que a traian a esta Cámara.

Pero, claro, xa o que creo que é para nota é que vostede fale de equidade como gran mérito da Xunta de Galiza. E, mire, fíxese que non lle vou traer eu aquí ningunha reflexión, voulle traer o que di o *Estudio de equidad educativa en España, comparación regional a partir de PISA 2015*, de Gabriela Sicilia e Rosa Simancas. O que di ese estudo a respecto da equidade é: «A información de PISA» —coa que vostedes tanto enchen a boca, señores do Partido Popular— «permite realizar unha análise comparativa describindo a realidade, pero non indagando acerca das causas desa realidade».

Claro que, cando os propios estudosos de PISA din que non se pode facer causa desa realidade e vostedes din que é mérito propio, o que están ocultando é o que están a dicir todos os estudosos: que esa cuestión da equidade ten que ver coa dispersión da poboación, que igual que ten cuestións negativas, como na prestación de servizos na sanidade, tenas positivas.



Obviamente non é o mesmo un alumno de Valadares, do extrarradio de Vigo, ou de calquera cidade deste país, que un alumno da Cañada Real. E, polo tanto, iso ten a súa implicación na equidade no sistema educativo. Agora, que vostedes queiran facer diso un mérito propio ou é un descoñecemento de libro da realidade educativa deste país ou simplemente é que vostedes perderon absolutamente a vergoña. (*Murmurios.*)

Señores do Partido Popular, viñan falar da posibilidade destas axudas e dicían que na nosa iniciativa traíamos cuestións como a luz, o combustible, o alugueiro... E nós, por suposto, claro que si, claro que o traemos, porque esta é a realidade na que viven as familias. Se cadra, nos colexios clasistas, elitistas, que vostedes tanto defenden pois non é a realidade que se vive. Pero podémoslles garantir que nos claustros dos centros públicos deste país eses son os problemas que preocupan, os problemas que preocupan á sociedade. E, polo tanto, claro que queremos implementar medidas. Claro, se vostedes veñen aquí a apuntarse tantos que non lles corresponden, a botarlle a culpa a Pedro Sánchez, a dicir que aquí está todo perfectamente, a falar da evolución do abandono escolar —que é paralelo en todo o Estado, que ten que ver coas circunstancias económicas que había naquel entón, pero tamén din que é mérito seu—, insistimos en que hai moi pouco que facer.

Eu teño que dicir, señor Rodeiro, que non agardaba unha éxtase de sensibilidade por parte do Partido Popular á vista dos precedentes. Pero, dende logo, de todo o que vostedes poden presumir a respecto das axudas que implementaron ao principio de curso é dun incremento de 25 euros para as axudas de material, a metade do que custa a entrada do concerto de C. Tangana, señor Rodeiro. Pero, despois, cando teñen que asumir as súas competencias contempladas no artigo 31 do Estatuto de autonomía, vostedes póñense de perfil, bótanlle a culpa a Pedro Sánchez, bótanlle a culpa ao empedrado, ao que sexa, agás asumir as súas responsabilidades.

E despois, seguramente porque non fan o que cómpre facer, o que este país demanda, o que a comunidade educativa demanda, teñen que andar a retirar esas pancartas de recortes das fotografías, aínda que fosen a realidade dun símil futbolístico. (*Aplausos.*) É algo absolutamente comprensíbel que non se queiran facer unha foto con esa pancarta. Xa o dicía miña avoa: «Teñen medo, algo farían». (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-003518).



Emenda de Modificación:

O punto 2º, apartado a) debe substituírse polo seguinte texto:

“a) Impulsar o estudo e a investigación sobre a trata con fins de explotación sexual e a prostitución no marco do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024”

Emenda de Adición:

Débase engadir un novo punto á parte resolutiva co seguinte texto:

“3º.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

a) Faga público o I Plan Camino aprobado o pasado 20 de setembro en Consello de Ministros.

b) De cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que establece o impulso e aprobación dunha Lei Orgánica contra a Trata de seres humanos con fins de explotación sexual.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 41603 (11/PNP-003518).

Emenda de adición

Engadir ao final do primeiro punto o seguinte texto:

“Neste senso, o Parlamento de Galiza, acorda dirixirse aos grupos políticos con representación no Congreso para os instar a incorporar ao texto no proceso de tramitación lexislativa, como mínimo, as seguintes cuestións:

a) Introducir un enfoque de dereitos humanos que persiga o proxeneta e cliente máis que tamén garanta as condicións materiais que permitan as mulleres en contexto de prostitución deixala, incluídas as persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa. Para tal fin, as autoridades públicas competentes deberán artellar os mecanismos necesarios para garantir a cobertura das súas necesidades persoais básicas (ingresos mínimos, vivenda, emprego, regularización administrativa, formación...).

b) Persecución intensa e efectiva da prostitución forzada, con coordinación eficaz dos distintos organismos, corpos e entidades (Policía, Garda Civil, Xulgados, Fiscalía, Inspección de traballo, ONG, etc). Dotación da figura profesional de Traballadora Social e Educadora Social en todas as unidades/equipos de policía que teñan como función a persecución da trata de seres humanos con fins de explotación sexual para prestar asesoramento e atención inmediata ás mulleres en situación de prostitución e ofertar alternativas de urxencia.

c) Dotación orzamentaria suficiente e plurianual para garantir o debido cumprimento e desenvolvemento da lei incluíndo fondos concretos para ás administracións autonómicas en tanto que principais competentes en materia de igualdade e dereitos sociais.”



Emenda de modificación

Engadir na letra c) do segundo punto o seguinte texto:

“Neste senso, a Xunta de Galiza deberá crear unha rede pública de centros de media estadia para o desenvolvemento persoal integral das mulleres en situación de prostitución que decidan deixar de exercela e vítimas de trata con fins de explotación sexual, así como para as súas crianzas ou persoas adultas a cargo. Estes centros deberán garantir o aloxamento, a atención psicolóxica, o apoio social, o apoio educativo/formativo e o apoio laboral necesario para estas mulleres.”

Emenda de adición

Engadir unha nova letra d) no segundo punto co seguinte texto:

“d) Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para lle reclamar o impulso inmediato dunha Lei Orgánica integral de prevención da trata de seres humanos e protección das vítimas que implique, entre outras, a reforma da actual Lei de estranxeiría e o regulamento que a desenvolve, para garantir os dereitos fundamentais das persoas migrantes, tamén das vítimas de trata.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nós, antes de entrar na materia da nosa proposición non de lei e xa que imos falar de mulleres, queremos hoxe dende aquí trasladar a nosa solidariedade coas mulleres iranianas, sometidas a un réxime opresor abominable para o que elas non son máis que seres sen ningún tipo de dereito. Vaia por diante todo o noso apoio ás súas valentes reivindicacións. (Aplausos.)

Temos tamén hoxe que comezar —precisamente por estar falando tamén de mulleres— por solidarizarnos coas familias das dúas mulleres asasinadas a semana pasada no Estado, e doutra, tamén recoñecida, que foi asasinada a mans do seu maltratador —penso que en Madrid—. Para esas familias e para as súas amizades, todo o noso apoio. E, especialmente, queremos tamén trasladar a nosa solidariedade coa familia de Maguette, que foi asasinada brutalmente polo seu maltratador no ano 2018 con 83 puñaladas, ¡83 puñaladas!, diante das súas fillas de 2 e 4 anos. Estas nenas estiveron co corpo da súa nai durante sete horas na súa casa. Onte vimos como a xustiza lle rebaixaba a pena a ese asasino por non quedar suficientemente claro que a perturbación psíquica das nenas se debese a esa brutal situación. Nós preguntamos dende aquí, ademais —e isto é unha pregunta retórica, é un chamamento—: ¿para cando a xustiza con perspectiva de xénero? (Aplausos.)

Ben, e agora si imos xa á nosa proposición non de lei, que tamén fala de mulleres vítimas do machismo, aínda que a materia sexa outra ben distinta. E isto tamén é unha proba dos numerosos tentáculos que ten a violencia machista.



O Grupo Popular e o do BNG o ano pasado queixábanse de que introducíamos o debate sobre a prostitución nunha autoemenda que rexistráramos na nosa iniciativa do 25M, por iso este ano queremos facelo fóra dese contexto. Facémolo por convicción hoxe, por convicción para que haxa debate, un debate necesario, pero tamén aproveitando que o pasado 23 de setembro se conmemoraba, como cada ano, o Día Internacional contra a Explotación Sexual e Trata de Mulleres, Nenas e Nenos.

É importante saber que as mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata de todo o mundo, e que é, ademais, a explotación sexual a forma máis común —8 de cada 10 casos—. Por iso no Grupo Socialista, no Partido Socialista, pensamos e temos claro que prostitución e trata con fins de explotación sexual non se poden dissociar, son dúas caras dunha mesma realidade.

Asustan os datos, os datos asustan. España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo. Case o 40 % dos homes —e estes datos son datos oficiais—, case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais. Pero é que tamén España é un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para ser prostituídas. Por iso non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata, con especial énfase —certo— na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta as mulleres. Porque para as socialistas e os socialistas a liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución.

Tamén hai un ano se falaba neste Pleno —a señora Presas, concretamente— da Comisión non Permanente da Muller, que no ano 2004 trataba monograficamente esta cuestión, a cuestión da prostitución. Pois ben, o ditame aprobado naquela ocasión polos tres grupos que hoxe, ademais, estamos nesta Cámara concluía e dicía textualmente: «Total condena de toda forma de violencia contra as mulleres, incluíndo de maneira especial a prostitución; total condena do tráfico internacional de mulleres e de menores, máis aínda cando ten como fin a explotación sexual —ambos fenómenos constitúen unha violación dos dereitos e liberdades fundamentais—. A prostitución» —dicía ese ditame— «é un xeito de explotación das mulleres, un síntoma máis da desigualdade con respecto ao sexo masculino».

E entre as actuacións que propoñía ese ditame había unha que vai na liña do que hoxe nós solicitamos, que é favorecer o avance nas modificacións lexislativas co obxectivo de evitar situacións de indefensión e de desprotección desas mulleres prostituídas, en especial das mulleres inmigrantes. Falaba en concreto da reforma do Código Penal e falaba tamén en concreto da reforma da Lei de estranxeiría.

Había tamén nese ditame dous votos particulares, un socialista e outro do BNG. O socialista estaba asinado polas compañeiras Margarita Pérez e Natividad González, que naquel momento dicía que «a prostitución supón o recoñecemento de que a satisfacción dos desexos sexuais dos homes está por riba dos desexos e mesmo dos dereitos das mulleres». Dicía tamén que «a posible satisfacción dos desexos sexuais dos demandantes», dos puteiros, «se basea na forte situación de necesidade das mulleres». Dicía que a prostitución é o aproveitamento por unha parte da sociedade, deses puteiros, da situación da necesidade da outra parte, as mulleres prostituídas. E remataba dicindo que «formular que o diñeiro pode com-



prar para a propia satisfacción, aínda que sexa por un tempo limitado, a utilización do corpo doutra persoa atenta contra a dignidade humana».

Ese voto presentaba tamén unha emenda de adición na que se instaba a Xunta de Galicia a que solicitase do Goberno do Estado a tramitación dunha lei que, entre outras cousas, castigase a compra de servizos sexuais, perseguise con toda contundencia o posible tráfico de persoas con fins de explotación sexual, prohibise locais públicos para a compra deses servizos e que dese todo tipo de apoio asistencial, social e económico ás vítimas.

Ou sexa, a postura do PSdeG non mudou en absoluto. (*Aplausos.*) O Partido Socialista é abolicionista. E éo porque —repito— a prostitución é sen dúbida unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres, ademais de que está relacionada directamente coa marxinación, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal. E tamén queremos que quede claro: a prostitución non é un traballo, senón unha práctica inhumana, destrutiva e produto da misoxinia. (*Aplausos.*) O traballo sexual non existe.

A libre elección da prostitución é un mito. As mulleres prostituídas son sempre as máis pobres e as máis vulnerables porque se oito de cada dez —como dixemos antes— vítimas de trata son prostituídas, a argumentación do consentimento dende logo non se sostén. A falacia de que as mulleres se prostitúen porque queren é unha escusa para encubrir a violencia sexual. Falar dos dereitos das mulleres prostituídas en realidade é falar dos dereitos dos proxenetas, dos dereitos dos puteiros. Agora resulta que imos ter que chamar «respectados empresarios» aos proxenetas.

É de todos e todas sabido que o Partido Socialista retirou no Congreso a súa emenda sobre a prostitución para non obstaculizar a aprobación da Lei do si é si, que, por certo, xa considera as vítimas de explotación sexual e de trata con fins de explotacións sexuais como vítimas de violencia machista. Pero lonxe de abandonar, o Partido Socialista continuamos na nosa axenda evolucionista e transformamos esa emenda que retiráramos nunha proposición de lei orgánica que modifica o Código penal, a Lei 10/1995, para prohibir o proxenetismo en todas as súas formas. Esta lei, actualmente en tramitación, logo de que afortunadamente non prosperase a emenda da CUT, que buscaba regular precisamente a prostitución, e que ademais esa tramitación —todo hai que dicilo— contou co apoio dos outros dous grupos desta cámara, tanto do PP como do BNG, busca castigar todo tipo de proxenetismo, a terzaría locativa, que é o lucro por alugar un espazo de prostitución, e tamén multar os puteiros. E hoxe solicitamos para ela, como xa fixeron tamén no Congreso, o apoio desta Cámara.

Ademais, nós queremos que o Goberno galego faga público o primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, que aprobou o pasado 4 de agosto o Consello da Xunta e que presentou incrivelmente ás entidades coas que xa traballara para elaboralo, o que é algo que tampouco entendemos moi ben. Nós coñecemos que houbo un traballo coa Rede Galega contra a Trata, pero descoñecemos o resultado final. Entenderán que a xa dous meses da súa aprobación vai sendo hora de que se faga público, sobre todo tendo en conta que alá vai xa o primeiro ano de vixencia. Preguntámonos se esas medidas que contempla ese plan están calendarizadas e orzadas, porque se o plan aínda non se coñece, aínda entendemos que non se puxo en marcha, dubidamos de que isto sexa así. Este



grupo solicitou ese plan por vía informal, tamén por vía formal e finalmente tivemos que solicitalo polo artigo 9, e, por suposto, seguimos agardando.

Por outra banda, consideramos necesario que para facer máis eficaz ese plan se realice un estudo o máis rigoroso posible sobre a situación da prostitución, a trata e a explotación sexual en Galicia; igual que xa se ten feito, por certo, noutras comunidades autónomas. A nós sorpréndenos que non exista un estudo previo antes de elaborar ese plan.

Por último, e como xa temos solicitado noutras ocasións, apelamos en xenérico a impulsar no ámbito das competencias autonómicas políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e a abolición da prostitución. Estamos certas de que ese plan seguramente o contemplaría, pero como o descoñecemos, como mostra e pido desculpas porque teño a punto de rematar unha proposta de transacción para que se vexa a vontade que hoxe temos aquí o Grupo Socialista de consenso, para chegar a acordo nunha materia coma esta.

¿Cal é o obxectivo final da nosa proposición? E xa remato. Dar os pasos para rematar co sistema prostitucional que existe no noso país. E podemos chamarlle así: sistema, porque a prostitución —repito— é unha das formas máis terribles de violencia sexual que sofren as mulleres, ten a súa orixe na desigualdade de xénero, na situación de subordinación social e tamén laboral das mulleres con respecto aos homes. Ou sexa, ¡desigualdade! Entón, se somos feministas non o podemos consentir.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu vou intentar ser o máis clara posible coa nosa posición e coas achegas que formulamos na emenda que presentamos, e dividirei un pouco a intervención en dúas partes, tamén como a propia iniciativa.

No que ten que ver co primeiro punto, desde o BNG —diciáo tamén agora a señora Díaz— apoiamos por suposto, así foi a votación que fixemos no Congreso, que se tramite esa proposta de lei sobre proxenetismo e contra a explotación sexual. E facémolo cunha posición política moi firme e tamén clara, que é o resultado —e creo que é bo que o digamos— froito dun debate de reflexión interna dentro da organización nos últimos anos, da que temos que sentirnos —digo como militante do BNG— profundamente orgullosa.

E dicimos que esa posición política é firme porque os corpos e a sexualidade das mulleres deben quedar fóra sempre da lóxica do mercado. Non todo é mercadoría, non todo se pode comprar e vender. E no sistema prostitucional converxen ou conflúen patriarcado e capital



como probablemente non o fan en ningún outro ámbito. Nin o pracer nin a sexualidade nin moito menos os corpos das mulleres son obxectos cos que comerciar, espazos que se poidan alugar ou intercambiar por un puñado de billetes.

Mais para abolir a prostitución, que é o obxectivo que perseguimos todas nós, é necesario perseguir e punir a quen pretende apropiarse do corpo e sexualidade das mulleres, pero tamén erradicar as razóns materiais que empurran milleiros de mulleres en todo o planeta a prostituírse como vía para sobrevivir. É así de duro. Non só o machismo e o patriarcado explican a prostitución, que tamén, e por suposto é necesario e diría indispensable para abordar unha realidade tan complexa como a do sistema prostitucional falar de racismo, de clasismo, de explotación, de guerras, de pobreza, de marxinalidade, de necesidade para entendernos, da necesidade material que está detrás dos contextos de prostitución en todo o mundo, tamén en Galiza.

Hai que educar a sociedade, especialmente os homes, por suposto. Pero tamén garantir dereitos ás mulleres que se atopan en contextos de prostitución. Por exemplo, a regularidade administrativa, os papeis fronte ao racismo institucional de lexislacións de estranxeiría como a española, garantir o dereito ao traballo, o dereito a unha vivenda digna, formación, ingresos para poder comer.

Neste senso, gustaríame tamén deixar clara unha cuestión, que recordaba tamén a portavoz do Partido Socialista, así o manifestamos daquela e volvemos dicilo agora desde o BNG: a frivolidade coa que cremos que se está tratando o asunto de implantar unha lexislación abolicionista no Estado español. Lembremos que a proposta de lei do Partido Socialista, para a que hoxe se nos pide a adhesión aos grupos desta Cámara, foi presentada como unha emenda á Lei de liberdade sexual, e agora convértese nunha proposta de lei de apenas catro páxinas.

Eu quero chamar á reflexión colectiva dos grupos desta Cámara, xa que pretender falar ou abordar a prostitución ou o proxenetismo ou falar de implantar unha lexislación abolicionista cunha lei de verdade de catro artigos, que apenas o que nos propón ou formula é unha reforma do Código penal, é frívolo. (*Aplausos.*) E digo por que, e tamén aí entro nas emendas e as propostas que achegamos desde o noso grupo. Non se pode reducir todo só á vía punitiva. E por iso nós quixemos formular, xa estamos traballando no Congreso, que é o onde corresponde, as emendas que se achegarán a esa proposta de lei sobre proxenetismo, pero tamén queríamos traer a este Parlamento, ao que se pide —insisto— a adhesión a esa tramitación, que fagamos ou poidamos achegar propostas á súa tramitación como grupos desta Cámara.

¿Que é o que formulamos tamén —insisto— na nosa emenda e que parte da situación ou da fixación dos dereitos das mulleres que se atopan en situación de prostitución ou en contexto de prostitución, ou que son vítimas de trata con fins de explotación sexual, para garantirles dereitos, ademais desa vía punitiva, que é necesaria, que ninguén discute, que debe estar sempre centrada no proxeneta, no explotador e no cliente, poñemos nós por non poñer directamente *putero*?

Non pode ser só iso. Insisto en que hai que falar de dereitos das mulleres en situación de prostitución e das mulleres ou nenas vítimas de trata. Se non o único que imos facer é in-



tentar tapar o sol cun dedo, arrastrando a situacións de aínda maior vulnerabilidade e exclusión a esas mulleres. Porque a realidade vai seguir aí. Simplemente con perseguir a quen compra ou intenta comprar a sexualidade e os corpos das mulleres non vai facer, por exemplo, que se garantan os dereitos desas mulleres que se ven empurradas por necesidade a prostituírse. E acabaremos non nun club ou nun piso, pero probablemente acabarán nun polígono ou nunha páxina web.

E por aí van as nosas emendas, na liña desa posición política do BNG: horizonte abolicionista, situando no centro das políticas públicas os dereitos das mulleres e a persecución dos explotadores, proxenetas e *puteros*.

¿Que formulamos coa emenda? Apoiar, por suposto, a tramitación da lei que se formula desde o Grupo Socialista, pero dirixirnos aos grupos políticos con representación no Congreso para os instar a incorporar ao texto no proceso de tramitación parlamentaria no Congreso, como mínimo —formulamos nós—, tres cuestións, que entendemos deberan ser compartidas por todos os grupos desta Cámara:

O primeiro, introducir un enfoque de dereitos humanos que persiga por suposto —insisto— o proxeneta e o *putero*, mais que tamén garanta as condicións materiais que permitan ás mulleres en contexto de prostitución deixala, incluídas as persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa. Para tal fin, deben ser as autoridades públicas competentes, a empezar polo propio Estado, as que teñen que artellar os mecanismos necesarios para garantir a cobertura desas necesidades persoais básicas, ou sexa, ingresos para poder vivir, para poder comer, o dereito a unha vivenda digna, o dereito ao traballo ou á regularización administrativa das que se atopen en situación de ilegalidade.

A persecución, por suposto, intensa e efectiva da prostitución forzada. Para iso é necesario coordinar de maneira eficaz os distintos organismos, corpos e entidades, como a Policía, a Garda Civil, os xulgados, a Fiscalía, pero tamén a Inspección de Traballo e as organizacións non gobernamentais que traballan con mulleres en contextos de prostitución.

E o máis importante desde o noso punto de vista, porque está ben garantir dereitos e poñelos sobre o papel nas leis, pero para poder garantir os dereitos que recolleemos nas leis fan falta cartos, fan falta orzamentos que permitan despreparar unha rede de servizos e recursos públicos co que perseguir, por suposto, os proxenetas e os *puteros*, pero tamén que garanta os dereitos a unha vida digna desas mulleres en contextos prostitucionais. Dotación, polo tanto, orzamentaria suficiente e plurianual para garantir o debido cumprimento e desenvolvemento desa lei, incluíndo fondos concretos para a administración que logo ten a competencia de despreparar esa rede, que neste caso son as administracións autonómicas, no noso concreto a Xunta de Galiza, que son as competentes en materia de igualdade e de dereitos sociais; xa non digamos de educación ou sanidade.

Hai que engadir tamén, polo tanto, a esa parte na que nós coincidimos de que hai que publicar ese plan. Cando un tarda tanto en facer público o que ten feito a min éntreme a sospeita de que igual non hai nada feito. Pero, como dicía a señora Díaz, nós coincidimos en que se faga público ese plan e despois que desprepare a Xunta de Galiza recursos públicos



para garantir eses dereitos das mulleres en situación de prostitución, que hoxe quero lembrar dependen única e exclusivamente dunha rede de entidades sociais, as máis delas de carácter relixioso, que é o caso das Oblatas, o caso de Cáritas ou a Comisión Católica Española de Migración, que son quen están sostendo hoxe a rede de apoio, de acollida e de asesoramento das mulleres en situación de prostitución e vítimas de trata.

Hai unha subvención de catrocentos mil euros ou algo máis ao ano, e con iso ventilamos unha realidade tan complexa e tan dura como é a prostitución e a trata de seres humanos con fins de explotación sexual no noso país. Eu creo que é un bo reflexo da dobre moral coa que actuamos o conxunto da sociedade, que eu creo que é unha reflexión para facérnola todas e todos colectivamente, ou sexa, a dobre moral coa que abordamos unha realidade tan complexa como é a prostitución e a trata con fins de explotación sexual.

¿E cales deben ser eses recursos? Para nós o principal é unha rede de acollemento que permita facer unha abordaxe integral das situacións de prostitución e de tratas. ¿Como? Con centros de acollida como os que existen no caso das mulleres vítimas de violencia machista no contexto da parella, por exemplo. Pois esa rede de acollemento pública que debe ser garantida con centros —dicimos nós— de media estadía, que ten que prestar non só esa vivenda, esa alternativa habitacional a estas mulleres, senón, ademais do aloxamento, a atención psicolóxica, o apoio social, o apoio educativo, o apoio formativo, o apoio laboral e tamén o asesoramento legal para mudar a súa situación no caso das mulleres migrantes.

E xa remato cun último punto que nós engadimos, que nos parece ben —insisto— en pedirlle á Xunta, pero tamén hai que reclamarlle moito ao Estado. Primeiro, a celeridade. Porque levamos aquí moitos anos agardando a que se faga unha lei orgánica da trata de seres humanos con fins de explotación sexual. Cónstanos que o Ministerio de Igualdade está traballando nela, pero o que queremos é que se publique xa e dunha vez.

E isto por unha cuestión fundamental, porque non se pode, efectivamente, desligar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual do sistema prostitucional, pero tampouco da política racista absolutamente institucionalizada que temos hoxe; por exemplo, coa lei en materia de estranxeiría, a Lei de estranxeiría e o regulamento que a desenvolve. É necesario que esta lei orgánica que aborde a trata de seres humanos con fins de explotación sexual aborde tamén a reforma da Lei de estranxeiría e o regulamento, porque hoxe —e sábeno as persoas que integran a Comisión de Igualdade de todos os grupos, porque así nolo fan chegar as entidades sociais que traballan con vítimas de trata— o que temos, por exemplo, é que para unha revogación dun proceso de expulsión, vítimas de trata que se atopan en situación de irregularidade administrativa, que a Lei de estranxeiría prevé que se pode revogar a súa deportación, porque se es vítima de trata, aquí o Estado español o que che fai é devolverte para o mesmo país do que saíches vítima desas mafias. E hoxe o que sabemos é que é un proceso non só longo, senón que —é o peor— é discrecional, e que depende a revogación desas deportacións da utilidade que che vexa a Administración xudicial e policial española para as súas propias investigacións, se non é o risco que corren esas mulleres facendo de testemuñas en procesos contra as mafias (*Aplausos.*) Non conleva tampouco que accedan de maneira automática ao permiso de residencia e, polo tanto, tampouco conleva que se lles garanta un posto de traballo.



¿Que acontece? Que moitas acaban outra vez no mesmo círculo prostitucional, se non é no Estado español, nalgún outro país; moitos deles, por certo, da Unión Europea.

Nós —con isto remato— temos a vontade, por suposto, de apoiar, de falar todas as veces que se queira desta cuestión, que é importante, pero tamén é moi complexa. E non se resolve simplemente poñendo que somos abolicionistas nunha lei. Necesita recursos, necesita despregar, sobre todo, unha rede de servizos públicos e poñer no centro a quen é a protagonista, que son as mulleres en contextos de prostitución e as vítimas de trata.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, traen hoxe ao debate unha proposición non de lei que ten dúas propostas. A primeira é que o Parlamento manfeste o seu apoio á tramitación da modificación do Código penal para prohibir o proxenetismo en todas as súas formas. E a segunda insta a Xunta a tres cousas: a realizar un estudo sobre a prostitución, trata e explotación sexual; a facer público e desenvolver o primeiro Plan galego contra a trata, e terceiro impulsar políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e a abolición da prostitución.

Sobre a primeira proposta, señora Díaz, nós xa apoiamos en Madrid a tramitación desta proposición de lei, porque, por diante de calquera consideración, o noso partido apoia a eliminación de calquera forma de violencia contra as mulleres e porque a prostitución é unha forma particularmente grave de violencia.

En Galicia non é unha novidade. Vostede falaba aquí das conclusións do estudo feito pola Comisión non Permanente de Igualdade deste Parlamento no ano 2004, que se materializaron na Lei integral de violencia de xénero de 2007, onde se contempla a trata como unha das formas de violencia de xénero. Pero dende entón ata hoxe a lexislación estatal nin está nin se lle espera.

Vostede falaba da emenda que presentou o Partido Socialista de abolición da prostitución na Lei de liberdade sexual, na do «si é si», e vostede intenta disfrazar a retirada desa emenda como que a converteron nunha proposición de lei. Non, señora Díaz, vostedes retiraron esa emenda para salvar a coalición. Vostedes puxeron o seu interese por manterse na Moncloa por riba do seu compromiso coa abolición da prostitución. Saben que a vostedes non lles apoiaban os seus socios de goberno e por iso a retiraron.

Señorías, dende a modificación do Código penal en 1995, en España despenalizouse o proxenetismo non coactivo e a terzaría locativa. E vivimos, por tanto, a normalización social da prostitución ata desenvolver un nivel de indiferenza e tolerancia inaudito para unha actividade que agocha os rasgos máis crueis da desigualdade, da discriminación e da violencia.



Unha sociedade moderna e comprometida coa igualdade das mulleres non pode fomentar nin favorecer a prostitución, participar activamente no seu desenvolvemento e mesmo lucrarse dela.

En Galicia non hai datos definitivos, pero calcúlase que un noventa por cento das mulleres prostituídas son inmigrantes, e a maioría delas están nunha situación administrativa irregular.

Eu xa lle anuncio, señora Díaz, que nós imos apoiar a súa iniciativa, aínda que nós presentamos unha emenda con dúas cuestións: unha, que vostede di que a Xunta realice ese estudo, e nós dicimos que o impulse, porque ao mellor hai organizacións máis especializadas para realizalo que os técnicos da Xunta; en segundo lugar, nós pedimos que o Estado faga público o Plan Camino, porque non se coñece. Vostede aquí está pedindo que se faga público o primeiro plan galego, pero dende o anuncio do Plan Camino do Estado seguimos sen coñecelo.

Tamén pedimos unha vez máis nesta Cámara, porque xa chegamos a varios acordos por unanimidade para pedilo, que o Estado impulse e aprobe a lei de trata e explotación sexual de mulleres, señora Díaz (*Aplausos.*)

Vostede dicía na súa intervención que esta iniciativa vai na liña dun avance normativo. Eu lamento dicirlle, señora Díaz, que é un avance moi cativo, é un avance moi parcial. Vostedes teñen que modificar a Lei de estranxeiría, vostedes teñen que aprobar a lei de trata. Levan cinco anos de atraso, señora Díaz, porque isto aprobouse no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en decembro de 2017. Vostedes levan no goberno dende xuño de 2018, e non deron nin un só paso. Iso si, moitos anuncios. O señor Pedro Sánchez, constantemente, cando a cousa vai mal, sae e anuncia que vai levar ao Congreso a lei de trata, e non a levou e segue sendo, señora Díaz, por desgraza, unha promesa electoral. Pero un incumprimento máis do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do Partido Socialista, que ten o Pacto de Estado contra a violencia de xénero nun caixón e non desenvolveu nin unha soa medida normativa importante para favorecer as mulleres. Polo tanto, insisto: cinco anos despois, a lei aínda segue sen elaborar, en consecuencia, sen aprobar.

En xaneiro de 2022, o Ministerio do Interior presentou un Plan estratéxico nacional contra a trata e a explotación de seres humanos para 2021–2023. Vostede pedía aquí un estudo. Eu non sei se o Goberno de España fixo un estudo previo a ese plan; se o fixo, a min gustárame que nolo dixera aquí e que nos diga onde está publicado, se é que o hai.

En canto ao plan de trata —insisto— o pasado 20 de setembro presentaron o Plan Camino para dar alternativas económicas, laborais e sociais a vítimas de trata, e aínda, señora Díaz, non as coñecemos.

Outra medida do Pacto do Estado que está incumprida, a 77: «Encargar a la Federación Española de Municipios y Provincias un estudio jurídico sobre las reformas que deberían implementarse, en el ámbito de las ordenanzas municipales, para acabar con la tolerancia y permisividad hacia la publicidad de servicios sexuales que facilitan actuaciones delictivas». Polo que sabemos, aínda está sen facer. ¿Que fai o presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, señora Díaz? Á parte de poñer luces, eu creo que é importante tamén que se poña a traballar neste tema.



Nós, señora Díaz, celebramos que o Partido Socialista moderase a súa euforia inicial de cando propuxeron como medida estrela a prohibición da prostitución, que casualmente coincidiu con aquel 40º Congreso Federal do PSOE, no que a señora Carmen Calvo dixo aquilo de «non podemos abolir a prostitución e manter como número tres ao señor Ábalos». Un mes despois dese 40º congreso, vostede mesma presentou unha autoemenda (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cunha solicitude ao Goberno de España para impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución; así, sen máis, sen propoñer medidas de transición de carácter social que hai que adoptar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Están aí dicindo que vostede mencionou a unha persoa...

A señora PRADO DEL RÍO: Non, non, eu mencionei unha información periodística. Está publicado nos medios de comunicación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois en medios de comunicación, como o que fan vostedes tamén (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ... Eu, señor presidente, despois córreme o tempo...

O señor PRESIDENTE: Tranquila, non se preocupe por iso.

A señora PRADO DEL RÍO: Simplemente fixen referencia a unha cuestión que está publicada nos medios de comunicación; é unha frase. Eu sinto que lles moleste tanto. Só dixen unha frase. ¡Vostedes teñen a pel moi fina! (*Murmurios.*) Vostedes están aquí todo o día dicindo frases e cousas que están publicadas, e nós temos que calar. E parécelles mal que eu diga unha frase que está publicada nun medio de comunicación.

Ben, vou ao tema porque é moito máis importante que todo iso, e se vostedes queren defender ao señor Ábalos, deféndano, ¡alá vostedes!

Miren: un mes despois —dicía eu—, co gallo do 25 de novembro, vostede mesma, señora Díaz, presentaba esa autoemenda cunha solicitude ao Goberno de España, que dicía: «*Impulsar un marco normativo orientado a la abolición de la prostitución*». Así, sen máis, sen propoñer nin medidas de transición de carácter social, que hai que adoptar para non deixar desprotexidas milleiros de mulleres que exercen a prostitución. E polo que vemos os socialistas seguen na mesma senda de modificar. Hoxe pídennos modificar o Código penal, abolir a prostitución, pero esquecer todas esas mulleres vítimas de trata e explotación sexual que exercen a prostitución. Eu coincido coa señora Rodil.

Señora Díaz, non frivolicen con este tema. Isto é algo máis que o relato que dicía onte o seu compañeiro, isto é algo máis que un titular, isto é algo máis que sacar un puñado de votos para dicir que estamos en contra da prostitución. Pídolle que pense nos milleiros de mulleres que están sendo explotadas e que están sufrindo na prostitución, que ao día seguinte de aprobar o Código penal quedan fóra de todo o sistema de protección. Pídolle que pense nesas mulleres, señora Díaz. (*Aplausos.*)

Señorías, a Xunta de Galicia ten demostrado ao longo das últimas décadas un claro compromiso na loita con todas as expresións que adopta a violencia contra as mulleres, entre as que se atopa a explotación con fins sexuais. Isto non é de agora, pois dende o ano 2010, co



Protocolo de actuación institucional sobre a adaptación de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, en colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia, na actualidade ese primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual conta con cincuenta e nove medidas, das cales o 61 % están deseñadas en colaboración coas organizacións especializadas, que se agrupan na Rede Galega contra a Trata. E o Goberno galego busca con esta planificación do primeiro instrumento nesta materia con dotación orzamentaria articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata e contribuír á súa erradicación, xa que unha sociedade xusta e democrática non pode tolerar a persistencia da violencia sexual e das situacións de explotacións.

Pois ben, esta sería a folla de ruta da Administración autonómica para loitar contra a trata sexual e a prostitución, reforzando os mecanismos para a súa prevención e para articular unha mellor intervención cos distintos axentes.

Señora Díaz, ademais ten medidas de prevención, sensibilización, medidas de formación e elaboración de materiais para profesionais sanitarios. E este plan tamén vai en consonancia co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e co VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades 2022-2027. Estase elaborando tamén unha guía de trata, froito do traballo que se está facendo no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. E hai axudas para a atención integral das vítimas de trata. Pero tamén hai outra cuestión, e é que como son consideradas vítimas de violencia de xénero pois tamén poden acceder á axuda económica mensual para todas as vítimas de violencia de xénero e a todos os recursos de apoio xurídico, psicolóxico, social e de apoio á inserción laboral, entre outros.

Isto, por desgraza, señora Díaz, en España non é posible, porque na lei estatal non se considera violencia de xénero á explotación sexual e ás mulleres vítimas de trata. ¿Para cando esa modificación normativa, señora Díaz?, ¿para cando unha lei integral de explotación sexual e de trata?, ¿para cando ese paquete normativo importante que resolvería moitísimos problemas? Porque os plans están feitos sen ter unha norma superior que ampare eses plans. E estamos traballando eu creo, señora Díaz, dun xeito anormal; o normal sería ter primeiro a lei e logo os plans. Non pode ser que o Estado aprobe un plan sen ter previamente unha lexislación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, eu remato, señor presidente, pedíndolle ao Partido Socialista que, por favor, non frivolicie con este tema. É un asunto de moitísimo calado, que vai máis aló de abolir a prostitución. Pensen en todas esas mulleres vítimas de trata que ao día seguinte de entrar en vigor a modificación do Código penal quedan totalmente desprotexidas e ao albur das mafias que trafican con elas. Por unha vez, píddolles que poñan por diante do relato e do titular fácil o drama que se esconde detrás de cada unha das mulleres que exercen a prostitución.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Díaz.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señora Prado, ¡o que hai que escoitar! Non vou entrar nin nas súas mentiras nin no descrédito, que tamén podería, pois casos temos. Non vou entrar niso. Nós, dende logo, temos moita máis educación e, sobre todo, moita máis dignidade. (*Aplausos.*) Eu prégoille que retire as palabras ditas antes ou se non que me ensine aquí o medio de comunicación no que se publicou iso. (*Aplausos.*) E mire ben a ver se vostede vai ter un problema de comprensión lectora. (*Aplausos.*) En fin, coas súas declaracións descualifícase vostede soa e xa non fai falta que diga nada máis.

Señora Rodil, nós coincidimos en que son moitas as causas da prostitución, pero en todas subxace a misoxinia e o machismo. E coincidimos tamén en que é necesario e moito máis, e por iso agora explicarei por que imos aceptar parte das emendas, e propoño unha proposta de transacción, que lamento moitísimo —como digo— non tela feito antes, pero non me chegou o tempo.

E non é frivolidade o que nós plantexamos. Ademais, ata ofende que se fale de que o Partido Socialista trata con frivolidade esta cuestión. Esta modificación do Código penal que propoñemos é ir dando pasos. Nós tamén cremos —e así o facemos dende aquí e tamén en Madrid, no Congreso— que é urxente esa aprobación xa desa lei contra a trata. Sabemos que xa hai un documento base elaborado, e entón nós tamén dende aquí pedimos premura e celeridade para que esa lei... Porque, efectivamente, non é só a vía punitiva a que vai solucionar esta cuestión, senón que ten que ir acompañada de moitos outros recursos.

Para iso existe ese primeiro Plan Camino, que se aprobaba hai dez días —non hai dous meses, dez días— e que está dotado con máis de douscentos millóns de euros. E que este si sabemos —porque do outro plan, do plan galego non o sabemos, pero deste si— que si propoñon medidas habitacionais, recursos residenciais e de asistencia psicolóxica e tamén recursos sociolaborais.

Ben, recórdolles tamén ademais que a experiencia sueca foi un pouco por aí, comezou tamén sobre todo coa vía punitiva unida a outras medidas loxicamente igual de necesarias e paralelas, e foi un éxito.

Señora Prado, nós retiramos a emenda no Congreso para salvar a lei. E miren se era tanto o noso compromiso que inmediatamente presentamos esa emenda como unha proposición de lei.

Sobre o pacto de Estado, señora Prado, tamén lle digo que grazas a iso o Goberno galego desenvolve medidas de violencia de xénero. (*Aplausos.*) ¿Que pasaría se non existise ese pacto de Estado? (*Aplausos.*) Xa me dirá vostede noutra ocasión que teñamos cantos cartos do orzamento propio dedica a Xunta de Galicia á loita contra a violencia de xénero. Orzamento propio, dígamo vostede.



¿E de que frivolidade tamén falan vostedes cando non publican ese plan, que non sabemos? E tamén vexo que no Bloque Nacionalista Galego teñen as mesmas sospeitas de que quizais non exista porque non se coñece. Nin as entidades que o outro día asistiron á presentación dese plan —que, por certo, xa elaboraran elas— saíron de alí cun documento na man. Entón, dígame vostede onde está ese plan.

Ben, agora vou pasar xa a explicar as emendas denegadas e un pouco a proposta que facemos nós de transacción. Espero ser breve.

Nós non aceptamos a primeira emenda de modificación do Partido Popular porque non cremos que haxa que impulsar nada, cremos que hai que facelo. Non temos ningún problema con que isto se faga, que este estudo se realice no marco dese plan. Pero, claro, entenda vostede que se non coñecemos o plan, se non sabemos nin se existe, non podemos asumir iso. Nós o que queremos é que se realice ese estudo, esa diagnose previa, nada máis. Pode ser no marco do plan, pode ser no marco que vostedes queiran, pode ser unha entidade a que o realice, pero que sexa un estudo rigoroso.

Si imos aceptar a emenda de adición. Nós tamén por coherencia, señora Prado, queremos que tamén se faga público ese primeiro Plan Camino, aprobado o pasado 20 de setembro. Por certo, del non só sabemos algunhas das medidas, senón que tamén sabemos que se vai orzar con máis de douscentos millóns de euros. Pero lembramos: o Plan Camino acábase de aprobar hai dez días e o plan da Xunta hai máis de dous meses.

E tamén, por suposto, dar cumprimento á medida 257 do pacto de Estado para esa lei —como acabo de dicir—, a lei orgánica contra a trata. Pensamos que hai que aprobala xa. Tamén dixemos que se está traballando niso.

Só unha cuestión acerca do BNG —e xa non me dá tempo a facer nada máis—: nós queremos só explicar someramente que a primeira emenda de adición non a imos incluír onde suxiren. Non porque non creamos que ten sentido o que propoñen, senón porque o Código penal non admite esa literatura nin ese regulamento. Propoñemos adicionala a ese punto que admitimos da lei orgánica contra a trata, con algún cambio na súa formulación. Por suposto, ten que ir dotada orzamentariamente con partidas específicas para as comunidades autónomas.

Pero, señora Rodil, isto para nós é unha liña vermella, pois nós non aceptamos iso da «prostitución forzada», non aceptamos falar de «prostitución forzada». E estráñanos ademais ese termo que empregan. Vostedes falaban de «frivolidade», e nós ao mellor tamén temos que falar un pouco de incoherencia do BNG. ¿Que é «prostitución forzada»? Se partimos de que a prostitución é violencia, e así o aprobabamos os tres grupos da Cámara no ano 2004, ¿como é que falan de «prostitución forzada»? ¿Se a violencia é forzada? ¿Ou a que non é forzada non é violencia? Non o entendemos moi ben, porque ¿que significa ser forzada?, ¿que haxa detrás un proxeneta ou que haxa detrás unha situación de vulnerabilidade? Non o comprendemos. Para nós esa é unha liña vermella. Se suprimimos a palabra «forzada» non temos absolutamente ningún problema.



E, xa o dixen, sobre a rede de centros de media estadia para estas mulleres tamén propoñemos outra redacción, porque consideramos que o que debe haber son máis recursos, residenciais tamén, residenciais e de todo tipo. Pero centros *ad hoc* para elas pensamos que non, porque sería unha maneira case de revitimizalas. Non sei se o famoso o plan galego ou eses centros vinte e catro horas, que tampouco sabemos se estarán este ano —sospeitamos que tampouco contemplan algo semellante—, o que entendemos que vostedes solicitan.

En definitiva, nós o que queremos é avanzar na erradicación da trata e da prostitución porque só así poderemos ser realmente un país igualitario e digno da democracia na que vivimos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora DÍAZ VARELA: E agora mesmo pasareilles esta transacción para ver se nesta media hora podemos acordar algo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*O señor Álvarez Martínez pide o uso da palabra.*)

Señor Álvarez, ¿para que quere a palabra?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor presidente, con base no establecido no artigo 76.3 do Regulamento desta Cámara, considero que unha afirmación, en concreto, que fixo a señora Prado atenta contra a dignidade deste grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Eu, señor Álvarez, aquí estou un pouco collido. A min non me gustou o que escoitei, pero ela faise eco de algo que se recolle nun medio de comunicación. (*Protestas.*) Si, si, si. (*Protestas.*) Si. (*Protestas.*) Si porque eu insistinlle niso e dixo que ela recollía o que dixo un medio de comunicación. (*Murmurios.*) Aí é onde eu estou collido. (*Murmurios.*) Eu non podo actuar sobre algo... (*Interrupcións.*) Non, si, ela dixo iso; se non é así, dámoslle a palabra a ela para que o diga. (*Protestas.*) Si, si. (*Protestas.*) Non, non... (*Murmurios.*) Quero dicir que isto que se recolle... (*Murmurios.*) Vexamos: hai que respectar isto, porque eu tamén pasei por situacións desas onde a un amigo meu político se lle falou de algo que recollía un medio de comunicación, e eu tívenme que amarrar á silla porque iso non era certo. Entón, aquí hai para todos. Eu o que quero dicir que se se fai uso dun medio de comunicación eu aquí estou collido.

A min o que me gustaría é que a señora Prado nos ratificara cal é o medio de comunicación ou que... (*Protestas.*) Si, si, (*Murmurios.*) Bueno, eu entendo que vostede... (*Murmurios.*) A min non me gustou o que aquí se falou, é certo, que ademais fala dunha persoa en concreto. Non me gustou. ¿Por que llo vou dicir? Son absolutamente claro nisto. Agora ben, estou —digamos— capado para poder actuar nesta situación. (*Murmurios.*)

(*O señor Álvarez Martínez pide o uso da palabra.*)



Si, señor Álvarez.

Déanlle voz ao escano.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Con todo o respecto, señor presidente. Se o feito de que calquera afirmación de calquera tipo sobre calquera persoa apareza en «calquera» —e resalto o de calquera— medio de comunicación se vai converter nunha patente de curso para que calquera de nós poidamos dicir calquera... (*Protestas.*) (*Interrupcións.*) ¡Por favor! (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*)

¡Silencio! (*Murmurios.*) Silencio. (*Murmurios.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: A ver, modérense un pouquiño e déixenme polo menos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...facer uso do turno da palabra que me está concedendo o señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, está no uso da palabra o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Despois falamos de respecto. Eu estou sendo creo que considerablemente respectuoso.

Soamente digo que, con independencia da solvencia dese medio de comunicación, equiparar unha persoa —Ábalos, neste caso— coa defensa da prostitución dentro dun debate parlamentario sobre un tema tan grave, tan sensible e que a todos nos doe, paréceme francamente un traspaso de toda canta liña de sensatez mínima hai a nivel parlamentario. (*Aplausos.*) ¡É así de claro! (*Aplausos.*)

E se me permite, señor presidente, (*Aplausos.*) aínda que admito que poida vostede pedirle que retire o termo, isto é unha auténtica burrada, jé unha auténtica burrada! Polo tanto, pediríalle, señora Prado, que retire ou que permita que se retire do *Diario de Sesións* esta afirmación que fixo vostede. Máis que nada para que non nos avergoñemos todos os parlamentarios e parlamentarias deste Parlamento de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Señora Prado, primeiro, eu voulle preguntar, dado que o grupo se sente aludido e atenta á súa dignidade, se vostede estaría disposta a retirar iso.

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.



Gustaríame explicalo...

O señor PRESIDENTE: Ben, e, se é posible, tamén retiralo. Pero explíqueo.

A señora PRADO DEL RÍO: Se me permite explicalo, igual que el fixo a súa explicación.

En primeiro lugar, esta deputada que lles fala leva nesta Cámara dende o ano 2009. Dende o ano 2012 saíron publicadas sobre a miña persoa en moitos sitios, que non eran nin nos medios de comunicación —como vostede di—, cousas que non estaban avaladas en ningún documento máis que nun sumario que era segredo e con frases absolutamente descontextualizadas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: E esta deputada tivo que sufrir o acoso e derribo de moitos membros desas bancadas. (*Murmurios.*) Por tanto, a min leccións do que sae publicado nos medios de comunicación, ¡cero, señor Álvarez!, (*Murmurios.*) ¡cero! (*Aplausos.*), ¡cero! (*Aplausos.*)

Dito isto. Efectivamente, eu puiden traer outras cousas que non trouxen: «*El gasto en burdeles que ensombrece la campaña de Díaz*», «*El PP recuerda que el PSOE gastó el dinero de los andaluces en prostitutas*»... (*Protestas.*) (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Pero non, non, eu dixen unha frase que sae publicada nun medio de comunicación que lles pode gustar máis ou menos, que di: «*Las razones de la caída de Ábalos. Carmen Calvo dio la voz de alarma: “No podemos abolir la prostitución y mantenerlo como número tres”*»... (*Protestas.*) Foi o que dixen. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: «*La supuesta relación de Ábalos con la prostitución, el detonante que terminó con él*». (*Protestas.*) Eu voulle pasar estes documentos ao señor presidente para que llos faga chegar por se non os coñece. (*Murmurios.*)

O señor Ábalos ten presentado unha conciliación xudicial por este tema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...Por tanto, creo que esta deputada non dixo nada que non estivera publicado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Agora, tamén vou dicir unha cousa. Se lles molestou, eu retiro o que dixen, señor presidente.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Non vou facer como fixeron eles...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Queda retirado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que cando a min me dicían cousas non as retiraban. (*Murmurios.*) Eu si que o vou retirar. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Queda retirada a expresión.

E eu pregaríalles a todos vostedes que sexan conscientes de como utilizan vostedes a linguaxe parlamentaria. (*Protestas.*) A todos. (*Murmurios.*) Perdón, estoume referindo a todos os deputados e deputadas. Sexan conscientes de como se utiliza isto. Nada máis. Eu non me meto noutra profundidade.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha única autoemenda.

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír, exclusivamente, o encabezamento da parte resolutiva (mantendo o resto do contido da proposta de acordo) polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que incorpore, na súa axenda lexislativa e no programa de traballo para a presidencia española do Consello da UE de 2023, os seguintes elementos de especial interese para Galicia, e a dirixirse nos mesmos termos ás Cortes Xerais, no marco do relatorio constituído o pasado 20 de setembro na Comisión Mixta para a Unión Europea, para participar na preparación da presidencia española do Consello da Unión Europea durante o segundo semestre de 2023»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señorías, bo día.



Como é ben sabido, no segundo semestre do ano 2023, entre o día 1 de agosto e o 31 de decembro, España vai presidir o Consello da Unión Europea. Saben que a Unión Europea está formada por 27 estados, polo tanto, é unha ocasión que acontece normalmente cada trece anos e medio e, polo tanto, é unha ocasión importante para o noso país.

Como saben, ademais, o Consello da Unión Europea é un órgano decisorio esencial dentro do entramado institucional da Unión Europea, o que aproba os actos lexislativos normalmente a proposta da Comisión co debate previo no Parlamento e de acordo co Parlamento. E, certamente, todos sabemos que a Presidencia do Consello da Unión Europea, como marca a propia normativa comunitaria, debe de facerse sendo un intermediario recto e imparcial; que, ademais, está condicionado polo feito de que o Tratado de Lisboa xa fixo fixos e permanentes ao presidente do Consello da Unión Europea, que preside os consellos dos xefes de Estado e de Goberno, e tamén ao presidente do Consello de Asuntos Exteriores, neste caso, o belga Charles Michel e o español Josep Borrell.

Pese a isto, o que tamén é certo —e como é natural— é que cada estado membro normalmente ten a posibilidade —e normalmente aproveita esa posibilidade— e o poder que lle dá a Presidencia para impulsar determinados asuntos que son de interese nacional para o país que preside de turno a Unión Europea.

O poder venlle dado fundamentalmente pola axenda. A Presidencia do Consello da Unión fixa os calendarios das reunións, fixa as ordes do día, o cal lle permite incluír algúns temas e excluír outros, propón emendas transaccionais, propón, convoca e dirixe reunións informais. De tal maneira que cada presidencia marca dalgunha maneira as políticas que se adoptan na Unión Europea.

Por exemplo, durante o recente mandato francés, un país tradicionalmente máis proteccionista, a política comunitaria tendeu a ser máis proteccionista. Sen embargo, agora hai unha expectativa dun ciclo máis aperturista coas presidencias de Chequia e Finlandia. E con relación a España tamén unha perspectiva de mellorar moito a relación con Latinoamérica e con Hispanoamérica, coa ratificación dos tratados con México e máis con Chile, e avanzar —que está parado precisamente, entre outras cousas, pola misión francesa— no propio MERCOSUR.

En definitiva, estamos ante unha oportunidade única para impulsar prioridades políticas. E esa é a razón —máis que clara— pola que as Cortes Xerais, a través da Comisión Mixta para a Unión Europea, que é o órgano de relación do Goberno coas Cortes para explicar as decisións e pedir opinión ás Cortes sobre a política europea, crearon en xullo, a raíz dunha iniciativa —por certo— do Grupo Parlamentario Popular, que foi aprobada no debate do estado da Nación, unha ponencia para participar na preparación da Presidencia española do Consello da Unión.

Esa ponencia, ademais —di a norma que a constitúe—, terá que rematar os seus traballos antes do 31 de marzo de 2023, de aí —por certo— que fixeramos a autoemenda que dirixe a nosa proposta e o noso acordo non só ao Goberno de España, senón tamén a esa comisión da que forman parte —por certo— algúns deputados e senadores de orixe galega.



Quero tamén facer dúas consideracións que creo que son importantes neste momento. O primeiro é que a Unión Europea ten como un dos seus principios constitucionais esenciais o principio de subsidiariedade, que o que pretende basicamente é garantir a participación nas decisións que se adoptan na Unión Europea dos poderes non só estatais, que son os actores centrais da construción europea, senón tamén de todos os entes subcentrais: os länder, as comunidades autónomas e mesmo, tamén, os concellos.

E a segunda cuestión que quixera recordar nestes momentos é a clara vocación europeísta de Galicia, que vai moito máis alá do cultural e que, evidentemente, ten moito que ver co mecanismo elixido no seu día nos Tratados de Roma para poñer en marcha unha mellor Unión Europea.

Como todos sabemos —e é un dato que moitas veces esquecemos—, hai un cálculo feito de que aproximadamente 2/3 da normativa socioeconómica máis relevante que se aplica en Galicia ten a súa fonte xurídica nas institucións comunitarias, primeira cuestión. E a segunda e evidente tamén é que non se pode entender o proceso de converxencia en renda dispoñible, en renda per cápita, en paridade de poder de compra, que tivemos en Galicia nos últimos anos, desde o ano 1986, se non temos en conta as cantidades inxentes de recursos que a Unión Europea facilitou a Galicia.

Un cálculo rápido no que sumamos todos os fondos recibidos polos programas rexionalizados Feder, Fondo Social Europeo, Feoga, IFOC, os programas plurirrexionais, o Fondo de Cohesión e as iniciativas comunitarias de cooperación territorial daríanos un investimento en infraestruturas de todo tipo, así como en axudas ao emprego, á innovación, ao desenvolvemento, etc., de máis de trinta e dous mil millóns de euros —unha cifra realmente impresionante—, dos que non se teñen en conta ou non se computan os que virán polos fondos *Next Generation* ou polo Mecanismo de recuperación e resiliencia, que non podemos calcular, entre outras cousas, porque non sabemos canto lle vai corresponder a Galicia do total atribuído ao Estado español.

Motivos dabondo coincidindo co novo impulso á construción europea derivado do Brexit, das decisións adoptadas despois da pandemia e, finalmente, pola invasión de Ucraína, para que Galicia faga chegar as súas prioridades ao Goberno de España e á Ponencia das Cortes Xerais pensando, por suposto, no interese de Galicia, pero tamén no conxunto do interese de España e no conxunto do interese europeo.

Deste xeito, temos incluído dez prioridades para trasladarlles ao Goberno de España e á Ponencia do Congreso, que van sobre, en primeiro lugar, a xestión descentralizada dos fondos *Next Generation*–Unión Europea e que se atendan as prioridades en PERTE feitas desde Galicia, en especial a da automoción polo vehículo eléctrico.

En segundo lugar, en relación coa pesca, a política pesqueira debe ter en conta —e estámolo a vivir estes días de forma especial— as necesidades das comunidades costeiras e europeas, facéndose mención tamén á pesca de fondo.

En terceiro lugar, sobre a política agraria común que debe axustarse ás realidades plurais. Evidentemente, o medio rural galego non ten nada que ver co de Castela ou de Andalucía. E



tamén, por suposto, priorizar a loita contra o lume nestes momentos e impulsar o Centro integral de loita contra os lumes forestais en Toén, Ourense.

En cuarto lugar, respecto ao turismo, incluír o Camiño de Santiago na nova Axenda Europea para a Cultura e tamén demandar a creación dunha Casa de Europa en Santiago de Compostela, do mesmo xeito que se creara unha Casa de América en Madrid, a Casa de África en Canarias ou a Casa de Asia en Barcelona.

En quinto lugar, no ámbito da enerxía, pedir unha transición ordenada que respecte o medio ambiente e apoiar ás industrias electrointensivas. Facer ou demandar que os prezos da enerxía non conleven deslocalizacións e, finalmente, que Galicia avance a constituírse nun *hub* do gas que se terá que transformar, máis pronto que tarde, nun *hub* do hidróxeno verde.

En sexto lugar, con respecto aos transportes, hai que aproveitar as sinerxías da eurorrexión garantindo a saída sur de Vigo e a conexión do AVE con Portugal.

En sétimo lugar, integrar a demografía e o despoboamento nos programas de financiamento da Unión Europea.

En oitavo lugar, con respecto á política exterior, reforzar a protección consular por parte de todos os estados membros dos cidadáns de Europa, alí onde se atopen.

E en noveno lugar, no ámbito das relacións exteriores, as relacións con América —ás que xa fixen referencia ratificando os acordos comerciais con Chile e México— e avanzar no MERCOSUR.

E, para terminar, aproveitar o impulso da política europea de defensa para garantir a seguridade marítima internacional, da que tanto nalgunhas ocasións nos temos lembrado, cando algún buque pesqueiro galego foi acosado por piratas en costas lonxe de Europa e, por suposto, aproveitar a capacidade de construción naval militar que ten Galicia cos estaleiros de Ferrol.

Sobre todas estas cuestións, para concluír, a redacción que fixemos desta proposición non de lei tivo en conta os acordos previos acadados nesta Cámara sobre dez temas, dos cales catro aínda non nos pronunciamos. Por exemplo, sobre o ámbito da cultura, sobre o ámbito da demografía, sobre o ámbito da política exterior ou sobre o ámbito das relacións con América e con Latinoamérica.

Sen embargo, sobre os demais fondos sobre pesca, medio rural, enerxía, transportes e defensa en relación coa construción do buque de acción marítima, xa nos temos pronunciado, e ademais con amplo nivel de acordo, sendo case todos unánimes e cando non era practicamente unánime era porque algún grupo se abstiña.

Nós cremos que con esta iniciativa nos adiantamos ao propio traballo da Ponencia creada no Congreso. Fixamos obxectivos a longo prazo e por iso lles pedimos aos grupos da Cámara que apoien estas demandas para que sexan incluídas, na medida do posible, na axenda que



o Goberno de España terá que elaborar no turno de Presidencia que lle corresponde o vindeiro ano 2023.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, menos mal que a urxencia da iniciativa viña motivada polo cumio entre España e Alemaña que se celebra na Coruña hoxe, porque vostede dese cumio non falou absolutamente nada, pese a formar parte do motivo da urxencia da iniciativa. *(Aplausos.)*

A iniciativa ten 29 puntos. Podería dedicar aproximadamente dez segundos a falar sobre cada un deles, pero vou dedicar o tempo escaso que teño a tratar de centrar o debate dunha forma correcta, que creo que vostede non o fixo. Por certo, dado que para Galicia é tan importante ese cumio, ¿como é posible que o presidente da Xunta declinase participar nela?, ¿por que non vai ir se ten tanto que defender? *(Aplausos.)*

Esta iniciativa é oportunista porque só tenta sementar dúbidas e restar importancia ao feito de que o Goberno de España decidise celebrar en Galicia, en concreto na Coruña, un cumio cunha potencia europea como é Alemaña. E en lugar de dar a benvida a esta decisión tenta desmerecela con contidos que nada teñen que ver co contido dos cumios bilaterais en xeral e desta en particular, como vostede —señor Puy— sabe perfectamente.

E é unha cuestión tamén de descoñecemento porque este cumio celébrase en Galicia, pero non é sobre Galicia. De igual modo que outros cumios que se celebraron por gobernos socialistas e populares no Goberno do estado, non foron sobre Canarias, cando se celebraron en Lanzarote, non foron sobre Castela e León cando se celebraron en León, non foron sobre Baleares cando se celebraron en Palma ou non foron sobre Madrid cando se celebraron en Madrid. Polo tanto, creo que demostra unha grave incapacidade para entender que están a falar dos gobernos nacionais para abordar asuntos de carácter estratéxico e de cooperación de alcance nacional.

E a iniciativa leva exclusivamente ao ámbito de Galicia, o que manifesta, en certo modo, —e vaime permitir desde o respecto— ignorancia en torno ao sentido dos contidos e decisións deste tipo de reunións. ¡É unha cuestión de incoherencia!

Cando se celebrou, por exemplo, en Baiona no ano 2015 un cumio bilateral con Mariano Rajoy como presidente entre España e Portugal, resulta que o que se acadou aí foi un acordo de cooperación en materia de defensa que non tiña particular incidencia —como todos sabemos— con Galicia.

E é unha confusión deliberada de tarefas. O cumio pode abordar cuestións estratéxicas relativas á Unión Europea, pero non é unha reunión sobre a Presidencia española da Unión



Europea no segundo semestre do ano 2023. E, polo tanto, cinguir os argumentos á Presidencia española, tal e como fai esta iniciativa parlamentaria, é un exercicio completamente fóra de lugar. E, ademais, —e entrístéceme— é un exercicio sen paragón nin nas comunidades autónomas españolas nin nos länders alemáns. É dicir, ningún länder alemán, ningunha outra comunidade autónoma, presentou unha iniciativa no seu Parlamento como a que vostedes acaban de presentar no Parlamento de Galicia. ¿Por que? Porque o Goberno do Estado decide celebrar ese cumio bilateral en Galicia. E en vez de enorgullecernos, resulta que tratamos de minusvalorar o feito de que se poña Galicia na axenda internacional do Estado. ¡E iso é ben triste! (*Aplausos.*)

Como lle dicía, hai unha excepcionalidade na Xunta de Galicia no programa español e alemán. Pero, ademais, o Goberno español —que é tamén algo que lles molesta e moito— vai poñer a Galicia no foco nese segundo semestre porque se van celebrar consellos de ministros en Vigo, —xa sei que lles molesta moitísimo— na Coruña, ademais doutros representantes da Unión Europea, en cidades como Lugo, como ten anunciado o ministro de Asuntos Exteriores. E xa sei que iso non lles gusta. O que lles gustaría é poder dicir o contrario que é que o Goberno de España ningunea a Galicia e ningún dos consellos de ministros ten lugar na nosa comunidade autónoma. Pero, lamentablemente, para os seus discursos catastrofistas de ninguneo non vai ocorrer así. E xa sei que vostede o sabe e que o ocultou deliberadamente na súa intervención.

Sabe vostede —seguramente, mellor ca min— que hai unha conferencia de asuntos relacionados coa Unión Europea, señor Puy, que é un órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas para articular precisamente a participación nas materias que son da súa competencia e onde se deberían facer estas aportacións. O único que entendo desta iniciativa parlamentaria é darlle cobertura ao que, seguramente, demandará o Goberno da Xunta de Galicia no seo desa conferencia que é onde se teñen que facer.

Queren vostedes marcarlle a axenda ao Goberno do Estado, pero o problema é que esa axenda é máis que coñecida. Os eixos de traballo sobre os que se vai articular a Presidencia do Consello van ser: a transición ecolóxica, a transformación dixital e o pilar social da Unión Europea, algo do que —por certo— diverxe considerablemente a Xunta de Galicia e os seus orzamentos.

E vanse engadir outros asuntos prioritarios e de autonomía estratéxica: a recuperación económica, a seguridade enerxética, así como respostas á crise migratoria, a guerra de Ucraína e a pandemia da covid. Polo tanto, o debate sobre do que se vai centrar e os asuntos que vai impulsar o Goberno do Estado, ademais dos que se inclúan como consecuencia das aportacións das comunidades autónomas no seo desa conferencia e non nos parlamentos autonómicos, van ser: o futuro da Unión Europea, a revisión dos plans de recuperación e resiliencia e gobernanza económica, o Pacto sobre a emigración e asilo, a Axenda social, impulsando un plan de acción do pilar social europeo, en especial sobre a discapacidade, a infancia e a violencia de xénero, o desenvolvemento do mercado interior, con particular fincapé na política de reforzo da industria europea e autonomía estratéxica, completar a Axenda dixital, a Axenda verde, a cohesión territorial, a mocidade e a educación, o papel global da Unión Europea dentro das políticas de reforzo multilateral e comercial, e nese sentido tamén con especial incidencia en América latina.



O que me parece mal é que vostedes veñan con esta iniciativa aquí, a metan por urxencia dicindo que é unha cuestión vinculada co cumio bilateral da Coruña e que non fagan a máis mínima referencia —como non a fixo— ao cumio bilateral da Coruña e que se cinga na súa intervención á Presidencia española. Polo tanto, ¡urxencia a xustiña! Isto tiña urxencia a xustiña, señor Puy, de verdade.

Eu entendo perfectamente que vostedes discrepen ou non lles guste que haxa unha presenza prevalente de Galicia dentro da Presidencia española no segundo semestre do ano que vén da Unión Europea. Iso podo entendelo porque ese discurso —como dicía antes— vitimista de que se nos ningunea e de que non somos ninguén para o Estado, desaparece.

Sabe vostede que o Goberno de España —lles guste ou non lles guste— estivo á vangarda de grandes decisións que se tomaron no seo da Unión Europea para facer fronte á crise da covid-19. E iso tampouco lles gusta porque era moito mellor ter un goberno insolvente ao que vostedes puideran criticar. Non lles gusta que haxa un recoñecemento dentro da propia Unión Europea á solvencia do Goberno do Estado en cuestións de xestión de fondos Next Generation. ¡Tampouco lles gusta, xa o sei!

Vostedes o que querían era un modelo distinto. Vostedes querían unha división conforme á repartición de criterio e de financiamento autonómico. É dicir, deses cento corenta mil millóns... Iso é o que querían, como di a señora Nóvoa. Por suposto que si e despois xa o xestionamos aquí cos nosos criterios, cando saben vostedes precisamente —e se non o saben, estamos nun problema máis serio do que eu pensaba— que a concepción dos propios fondos Next Generation non está deseñada para que sexan transferidos ás comunidades autónomas. Non se está facendo en ningún sitio, pero dá igual. Seguramente, atopará algún medio de comunicación no que figure efectivamente que se están repartindo así. *(Aplausos.)* ¡Estou ben certo!

E remato porque se me está acabando o tempo. Dicía que o recoñecemento do Goberno do Estado a nivel da Unión Europea é evidente e palmario. Hai unha conferencia onde cada un dos gobernos das distintas comunidades autónomas poden facer a súa aportación para as políticas que lles afecten. E iso da competencia exclusiva é algo que saben e obvian deliberadamente.

E, polo tanto, señor Puy, remato porque evidentemente podería facer un resumo de cales foron as principais conclusións doutros cumios bilaterais con Gobernos do señor Rajoy e do señor Aznar, pero non teño tempo.

En resumo, señor Puy, non conte co Grupo Parlamentario Socialista para esta sorte de chanza o sentido de funcionamento das presidencias da Unión europea. ¡Con nós non conte! Conte para que desde o Grupo Parlamentario Socialista, desde o Partido Socialista de Galicia, se lle trasladen ao Goberno de España as apostas estratéxicas que debe facer para Galicia dentro desa presidencia rotatoria. Pero non conte co Grupo Parlamentario Socialista para aprobarlle unha cousa deste tipo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A verdade é que no BNG fixemos unha lectura un pouco diferente desta iniciativa do Partido Popular. Si coincidimos no gatillazo do cumio hispano-alemán que foi o motivo da urxencia desta proposta.

Imos explicar o contexto desta iniciativa para que se entenda por que estamos falando disto neste Parlamento e neste momento. O contexto é o anuncio do Goberno de España de que ía converter o semestre da Presidencia europea, da segunda metade do ano 2023, nunha megacampaña electoral de seis meses, cunha serie de actos e de conferencias sectoriais —vinte e cinco en total— ao longo de todo o Estado; dous deles en Galiza, en Vigo, unha conferencia sectorial sobre pesca, e outra en Santiago, unha reunión do ECOFIN, e despois anunciaron unha terceira en Lugo.

Ante este anuncio, o Partido Popular púxose nervioso e chamaron á Xunta eses maitines onde se reúne o Consello da Xunta en Xénova 13 os luns e dixeron que había que facer a contracampaña, a contrapropaganda. Por iso, estamos falando disto aquí. Esta é a verdadeira razón desta iniciativa que, a verdade, nos parece bastante chapuceira. E creo que están biando moito o nivel.

Sorpréndeme, señor Puy, que vostede veña a defender aquí isto cando están perdendo facultades. Tramitárona con urxencia, ademais, —como xa se dixo— pola inmediatez deste cumio hispano-alemán, cunha proposta de temas que non ten nada que ver con ese cumio e, ademais, non sei se pensaban vostedes que teñen un motorista na porta esperando para levar este acordo traducido ao alemán para a cimeira ou de pomba mensaxeira. ¿Como o van mandar para que chegue a tempo a un cumio que é hoxe e máis mañá?

Vostedes xa se autoemendaron, loxicamente. O luns, á última hora da tarde, déronse conta de que chegaban tarde á cimeira e xa quitaron a referencia ao cumio hispano-alemán da proposta de acordo na exposición de motivos.

E aí tamén meteron —porque a cousa estaba collida con pinzas— que o Goberno da Xunta se dirixa ás Cortes, cousa pouca vista nos acordos deste Parlamento. De feito, moitas veces vetan que se poidan tomar este tipo de acordos desde os servizos da Cámara e que o Goberno da Xunta se dirixa ás Cortes para que estes temas entren tamén nesa comisión creada para a preparación da Presidencia europea.

Pero imos debullar as propostas que aparecen neste documento, moitas das cales —por certo— eludiu o señor Puy na súa exposición.

A primeira, fai referencia á repartición de fondos europeos Next Generation. O problema é que esta cuestión, a Presidencia europea da Unión, non pode agardar ata dentro de seis meses. Este tema é de máxima urxencia e hai que resolvelo xa. Hai que tomar decisións xa, non pode agardar. E o que nos chama a atención é que vostedes propoñen aquí que estes fondos teñen



que repercutir no tecido produtivo galego, en especial nas pemes, que é xusto todo o contrario do que a Xunta fai cando tramita os proxectos, que están pensados para favorecer os intereses das grandes empresas, das grandes multinacionais, das empresas amigas e dos millónarios para os que goberna o Partido Popular, con absoluta opacidade, ademais, como fan vostedes con estes proxectos. Polo tanto, ¿que nos están pedindo aquí? (*Aplausos.*)

Segundo asunto: a pesca. Piden vostedes incluír un posicionamento sobre a prohibición da pesca de fondo no programa do semestre europeo do 2023 da Presidencia. Pero, se este é un asunto de agora. ¡Non pode agardar ao ano 2023! Temos que tomar agora as decisións, que é un asunto que lle afecta ao país, a moitas comarcas do país e a máis de catro mil postos de traballo do país. Polo tanto, ¿como poden metelo nun programa da Presidencia europea dentro dun ano? ¡Isto non ten pés nin cabeza!

O apartado sobre Medio Rural. Inclúen aquí vostedes un mantra, tamén do Partido Popular, o logo. O logo ten que ser un asunto prioritario no semestre europeo da Presidencia europea española, segundo este documento que presenta o Partido Popular. O que é urxente é que vostedes presenten o censo do logo que teñen agochado, que é fundamental para poder ter acceso a fondos para financiar as actividades gandeiro-extensivas no país. ¡Deixen de agochar o censo do logo que leva feito moitos meses!

Cuarto: en canto a cultura. Escoltaron aquí o Xacobeo —eu, de vostedes, non lle daría ideas ao Goberno central, non vaia ser que lla tomen por boa e que se dediquen a facer unha megaprogramación—. E sobre a Casa Europa. En Santiago xa hai unha Casa Europa —que eu saiba— que terá outras funcións, pero existe unha Casa Europa. ¿Queren crear outra? Por certo, noutras comunidades xa teñen Casa Europa coas funcións que vostedes lle queren atribuír aquí.

A prioridade —que saibamos nós e hai posta sobre a mesa unha petición— é crear en Galiza, en Santiago de Compostela, a casa da lusofonía, que vostedes vetaron reiteradamente e non queren impulsar. Esa si que sería unha medida e unha prioridade, non tampouco para a Presidencia, senón xa para desenvolver agora.

En canto aos transportes —fan vostedes tamén tema estrela desa Presidencia—, o tren Vigo-Porto. O tren Vigo-Porto tampouco se pode adiar ata o ano que vén. Hai que tomar decisións xa e acordos do Goberno do Estado que digan cando e como se vai financiar este proxecto. E temos aí a volta a cimeira ibérica en Viana do Castelo que vai ser unha boa oportunidade para pronunciarse sobre esta materia e non agardar tampouco ata o ano que vén.

En canto á enerxía. Falan vostedes da defensa dun modelo de transición enerxética garantista, sustentable e respectuoso co medio ambiente. ¡Isto si que é para nota! ¿Como se atreven vostedes? Tendo en conta que lle acaba de caer a última sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulando unha suspensión cautelar do parque eólico. E van xa unha morea delas: despois de Corme, despois das Sasdónigas, despois do Iribio, agora a suspensión cautelar do parque do Campelo, das portas xiratorias de Bea Mato de Greenalia... —por certo, suspensión cautelar por tramitación (*Aplausos.*) non garantindo dereitos e tamén por que é unha fragmentación como unha catedral— Aínda haberá máis que falar deste tema.



Xa para rematar, vostedes fan unha referencia á política exterior, ás relacións con América, e aí nada máis e nada menos que lle fan unha emenda á totalidade; eméndanlle a plana ao seu presidente fundador Manuel Fraga Iribarne —como se sabe— nas relacións con Cuba.

Eu penso que o que pon de manifesto este tema é que o PP está un pouco botado ao monte, porque hai que recordar que o 14 de xullo deste ano tomaron un acordo. Léolles o titular: «PSOE y PP pactan el aumento del gasto militar y la preparación de la presidencia de la UE. Acuerdan preparación en comisiones correspondientes del Congreso la presidencia española de la UE».

Eu creo que vostedes teñen unha especie de Tinder político co Partido Socialista e que activan de vez en cando ese logaritmo do amor e que cando convén ou cando lles mandan o poñen en marcha; aínda que tamén teñen outro Tinder político, máis preferente, co señor Abascal. Isto do poliamor, ás veces, é difícil de xestionar en política, pero alá vostedes.

O máis preocupante para min desta PNL é que evidencia unha absoluta descoordinación entre o Grupo Parlamentario do Partido Popular e o Goberno da Xunta. O señor Gamallo —que eu saiba é o director xeral de Relacións coa Unión Europea— asistiu o pasado 29 de xullo á Conferencia para asuntos relacionados coa UE —a CARUE— en Leioa, no País Vasco, e puxo unha publicación no Instagram moi entusiasta dicindo que estaba encantado de participar na reunión. Léolles o titular da Xunta: “A Xunta participa na preparación da presidencia española da UE. Gamallo anuncia a elaboración dun documento que recollerá as principais prioridades de Galicia para remitirle ao Goberno central”. ¿E que pasa? ¿Cando nos van mandar aquí ese documento das prioridades da Xunta para mandarlle ao Goberno central? ¿Ou é que as prioridades da Xunta fainas o Grupo Parlamentario Popular? Terán que traer ao Parlamento un documento.

É dicir, o Goberno anuncia que vai elaborar un documento e que llo vai mandar ao Goberno central, pero non sabemos nada del. Non sei se vostedes saben se é este ou outro, como fixeron co outro documento sobre a política enerxética que lles fixeron o cambiazo. Se fan o mesmo, a ver quen paga eses documentos. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O tema é: visita do señor Diego Calvo a Bruxelas o pasado 20 de setembro. Teño tamén aquí a publicación do Facebook do señor Diego Calvo —por certo, foron os días 20 e 21— e non se reuniu con ningún responsable da Unión Europea. ¡Isto é o nunca visto! Ir a Bruxelas e non reunirse con ningún comisario, con ningún responsable da Unión Europea. Foi visitar a Fundación Galicia Europa, o chiringuito que teñen alí vostedes montado, e despois fixo unha visita ao Parlamento. E digo eu que aparece aquí unha foto (*O señor Bará Torres ensínalles unha imaxe aos membros da Cámara.*) e, polo tanto, debe estar reunido con algunha autoridade da Comisión Europea ou da Unión Europea, pero resulta que non. Está aquí na foto e na visita ao Parlamento coa señora Rosa Estaràs (*O señor Bará Torres ensínalles dúas imaxes aos membros da Cámara.*), que é unha eurodeputada do Partido Popular que fixo de anfitroia e de guía na visita ao Parlamento europeo. Hai que ser un pouco serios e non presumir disto publicándoo nas redes.

E o señor Diego Calvo di: «queremos saber cuáles son los asuntos que interesan al Gobierno de España» porque ao día seguinte reúnese co embaixador «para situar a Galicia dentro de estos asun-



tos y también situar las prioridades de Galicia». E pon: «Pesca, lobo —que non falte o lobo—, fondos europeos, corredor atlántico...»

O que lle quero dicir xa, para rematar, é...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...que non imos apoiar esta iniciativa. Non nos parece serio que traian esta proposta aquí —o lóxico sería que a retirasen— e que traian aquí o documento do Goberno para que se debata e, en todo caso, para que se chegue aos acordos correspondentes. Non conten con nós para isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Recoñezo certa frustración porque parece que nesta Cámara é practicamente imposible ter un debate sosegado sobre temas de fondo a longo prazo e coa luz longa porque todo se malinterpreta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Álvarez, xa me sorprendeu, pero se agora me interrompe mentres falo, xa non o recoñezo. Imos intentar manter a calma.

Eu o que digo é que vostedes fixeron aquí interpretacións bastantes kafkianas e moi prexuízosas sobre o obxectivo desta iniciativa. Eu recoñezo que a intervención do portavoz do Partido Socialista decepcionoume un pouco, mentres que a do señor Bará non porque a do señor Bará nunca falla, nunca decepciona. Xa sabemos o que nos vai dicir. Polo tanto, non me sorprendeu en absoluto.

Pero o que me chama a atención —xa está o señor Bará interrompendo, tampouco iso é raro— é que vostedes non escoitan ás veces. Porque incluso me reprochou que eu non tivera en conta algo que dixen na miña exposición, pero é que nin sequera leron a emenda, porque a emenda expresamente non fala do cumio. Eu non mencionei o cumio. Falen da protección dos mísiles de España e non do rearmamento da industria naval española de Ferrol. Cada un elixe o que fala.

Pero, en todo caso, non é mala coincidencia que se debata sobre o que Galicia pensa que se debe facer na presidencia da Unión Europea cando lle corresponde a España no momento en que o presidente está aí co alemán —por certo, moi benvidos— e á que, desgraciadamente, convidaron ao presidente da Xunta o luns pola mañá.

O señor Bará queixábase de que a emenda chegou o luns e de que chegaba moi tarde para debatela o mércores. Xa me dirá vostede que é urxente e que non é urxente.



En todo caso, o que vostedes fan é votar en contra do que nós estimamos que debe integrar parte dunha axenda europea e que afecta a sectores tan importantes como a pesca, onde se reproducen acordos unánimes desta Cámara ou, por exemplo, sobre os fondos europeos.

En canto aos fondos europeos —que teñen unha transcendencia moi importante—, o outro día o conselleiro informou que están sen autorizar un de cada catro euros dos fondos asignados e que hai un risco importante de perdelos. Nós cremos que é un momento bo para que, entre outras cousas, se estea a falar —non sei se vostede o sabe— de pedir unha prórroga para a execución destes fondos, porque España non vai chegar e imos perder os cartos. Ademais, o primeiro tramo é o que é gratis e o segundo é onde que hai que devolver intereses e tipos de xuro que soben. Polo tanto, eu creo que dicir que isto non é oportuno nesta Cámara non deixa de ter a súa graza, por non falar da PAC e doutras cuestións que creo que van aí.

Certamente, eu coincido co señor Bará en que sería bo ter unha casa da lusofonía. É unha pena que non o emendaran porque —xa lle digo— teríámolo incluído na emenda, aínda que vostedes votaran en contra. Non pasa nada.

O que me chama a atención e que o señor Bará fale de Tinder político entre o PP e o PSOE. Imos ver, se falamos destas cousas, o Bloque é moi promiscuo, porque ten relacións en Cataluña con dous, con ERC e coa CUP (*Aplausos.*), e no País Vasco con Bildu. ¡Esas son as relacións! Pero cando toca casar, sempre casan co PSOE. (*Aplausos.*) E vostede segue casado co PSOE e divertíndose coa CUP, indo alí pedir a independencia. E eles aturan —supoño que é porque o necesitan— que vostedes sigan tindereando por aí. (*Aplausos.*)

Señora Álvarez, eu creo que unha comunidade autónoma, a través da ponencia creada na Comisión da Unión Europea, lle faga saber ao seu Goberno o que cre que debe formar parte da axenda é algo razoable. E vostede dime que isto non o fan os länders. É que os länders están xa directamente representados no *Bundesland* e fixan a política europea, a presidencia correspondente do Goberno, no *Bundesland*.

En España, desgrazadamente, isto non ocorre. Hai esta ponencia onde hai algún senador ou congresista... ¿Que mal lle fai que lle fagamos chegar o que opina Galicia sobre o tema da pesca, sobre o tema da PAC, sobre o tema dos fondos, e sobre todo o que acabo de dicir, por exemplo, das relacións con hispanoamérica?

Imos ver, o señor Bará díxome que non falara de todo o que ía na proposición de lei e é certo. Non falei de todo. Primeiro, por ánimo construtivo e segundo porque é moi longa e require certo esforzo preparar a exposición en dez minutos.

Pero, tamén esqueceu que non mencionei outra cousa e é que pedimos que a política exterior europea promociione a democracia en América, por exemplo, en países como Cuba ou Venezuela. Son cousas que vostede tampouco mencionou e que comprendo que preferira non mencionar e que o leven a votar que non a esta iniciativa. (*Aplausos.*)

Simplemente, remato lamentando que vostedes non apoiem esta iniciativa que, en todo caso, chegará onde ten que chegar que é á presidencia do Goberno e á ponencia do Congreso, onde



estou seguro de que moitos deputados e senadores a atenderán con moito máis interese que vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos as proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de iniciativa popular de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010.

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, de 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D.^a Marta Nóvoa Iglesias, sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados e deputadas máis, sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con en-



fermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento.

Votación da proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D.^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga.**

Votación da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Matilde Rodríguez Rumbo e dous deputados e deputadas máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso.**

Votación da proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Lourenzo Sobral e dous deputados e deputadas máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D.^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.

Manifestou a señora Díaz que non aceptaba a emenda de modificación do Grupo Parlamentario Popular, pero si a de engádega.

(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Ah! Propuxo unha transacción. Vale. Se hai unha transacción... *(Pausa.)* ¿Coñecen a transacción todos os grupos?

(A señora Prado del Río pide o uso da palabra.)

¿Si?, ¿señora Prado?

Déanlle voz ao escano.

A señora PRADO DEL RÍO: Queríamos votar por separado o punto 2.4.

O señor PRESIDENTE: Queren votar por separado o 2.4. ¿Acepta vostede, señora...? Si.

Votamos, en primeiro lugar, o punto 2.4.

Votación do punto 2.4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 2.4, por iniciativa de D.^a Noa Susana Díaz Varela e tres deputados/as máis, sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobado este texto coa excepción do punto 2.4.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora, por último, a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia.

Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E procedemos agora a substanciar dúas alteracións da orde do día.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: En concreto son dúas preguntas. A alteración da orde do día son dúas preguntas: unha é unha pregunta da señora Mercedes Queixas e outra é unha pregunta do señor Daniel Castro.

Entón, se lles parece, comezamos formulando a pregunta de dona Mercedes Queixas.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas e D. Daniel Pérez López, G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios empregados pola Xunta de Galicia para determinar o prezo do contrato de patrocinio do concerto de Muse

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor Calvo, o Partido Popular deunos este verán outra mostra desa liberdade condicionada á que leva trece anos sometendo o galego, afirmando en Baiona que a nosa lingua non é apta nin válida para o verán, e que ademais programando cultura en «dialecto galego» — como vostedes dixeron— discriminamos os turistas. Unha nova versión dese Partido Popular negacionista da nosa lingua e da nosa cultura, que pensa que quen nos visita non ten por que ter ningunha curiosidade nin interese en coñecer a nosa cultura e que, polo tanto, é sectario e ignorante de seu.



O señor Rueda, como alumno avantaxado da política lingüística do seu xefe de filas —agora en Génova—, segue excluindo a nosa cultura como receptora principal do diñeiro público dos galegos. Primeiro, a Xunta pagou dous millóns e medio de euros a dúas empresas organizadoras do festival O Son do Camiño pola vía de patrocinio; é dicir, sen anuncio público e sen ningunha posibilidade de poderen concorrer outras empresas galegas. Un festival no que, por certo, dun cartel de corenta e cinco propostas musicais só catro son en galego, menos dun 7 %; e, por suposto, en letra ben pequeniña no cartaz, como retrato desa Galiza pequeniña a ollos do Partido Popular. Aínda máis, a Xunta decidiu recuncar e pagar outros dous millóns e medio de euros máis pola mesma vía de patrocinio —un modelo totalmente opaco, carente de transparencia— a unha empresa para organizar un único concerto en Vigo da banda británica Muse. Por suposto, o público galego asistente pagando a maiores a súa entrada; é dicir, pagando dúas veces ese concerto e non como os cincocentos amigos e cadros VIP do Partido Popular que poden ir aos concertos de balde porque xa pagamos os galegos e as galegas a escote. *(Aplausos.)*

Preguntado o presidente Rueda, como responsábel da Axencia de Turismo de Galicia, por esta dilapidación de cartos públicos na maior crise de prezos que estamos a vivir dende hai corenta anos, responde —por suposto, nun medio de comunicación— que se debe a «variables explicables» —literalmente—, aínda que el as descoñece porque non se pode ocupar de levar conta de a onde se dirixen os cartos públicos. ¿Quen o fai entón? —preguntámonos—, ¿quen vela polo diñeiro público dos galegos e galegas?, ¿quen decide gastar dous millóns e medio de euros nun único concerto de Muse?; e, sobre todo, ¿con que criterio? O Partido Popular, en definitiva, gastou cinco millóns de euros en catro días deste verán sen deixar beneficio apenas na industria cultural galega. Polo que parece, para o Partido Popular a cultura en galego pode ir coa música a outra parte.

Acompañando a preocupación dos nosos creadores e creadoras, dos nosos axentes dos sectores culturais galegos, preguntámoslle: ¿que criterio empregou a Xunta para gastar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...no patrocinio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas, señora Queixas.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías, unha vez máis —como é costume todos os mércores— asistimos no Pleno do Parlamento a un espectáculo que fai o Bloque Nacionalista Galego. Vén a demostrar un día máis,



un pleno máis, a súa xacobeofobia porque é incapaz de entender o éxito do Xacobeo e non pode vivir nin soportar que o Xacobeo saia ben. *(Aplausos.)*

Cando vostedes fan este tipo de críticas, a verdade é que o que están facendo é atacar todas as persoas que foron ao concerto, os miles de persoas que durante este verán asistiron a todos e cada un dos concertos, os centos de miles que desfrutaron desa programación. A min gustaríame saber que é o que lles molesta nesta ocasión. Creo que o que lles molesta é que saian ben as cousas. Vostedes poden seguir con esta matraca porque levan así corenta anos, hai pouco que estiveron de cumpreanos; por nós poden seguir outros corenta anos igual, no mesmo sitio —non nos vai preocupar nada máis—, no frontón, que é onde saben estar.

Di vostede que este tipo de concertos non ten ningunha repercusión. Non, equivócase vostede, e se non pregunte, pero pregúntelle aos seus alcaldes, onde gobernan vostedes nas cidades, por que queren que o Xacobeo volva facer programación dos seus concertos nas cidades. Porque vostedes veñen aquí ao plenario e veñen a dicir que a programación da Xunta de Galicia do Xacobeo non vale para nada, que exclúe a non sei canta xente e a non sei cantos sectores. Pero, fíxese, en Lugo —onde gobernan vostedes a parte de festas— xa se fixeron concertos do Xacobeo e agora para o San Froilán pídenlle ao Xacobeo que propoña máis concertos para o San Froilán. Debe de ser que non teñen o mesmo criterio que vostede. Pero en Pontevedra —a súa cidade de referencia—, onde a alcaldía é súa, fixéronse concertos do Xacobeo este ano. ¿E que é o que quere Pontevedra? Seguir facendo concertos do Xacobeo. ¡Ai! Pois parece que ao alcalde de Pontevedra lle gustan os concertos do Xacobeo. Polo tanto, vostedes veñen a facer aquí un exercicio de hipocrísia máxima. Veñen a dicir unha cousa aquí pero nos concellos onde están gobernando veñen a dicir exactamente a contraria. *(Aplausos.)*

Mire, con este concerto deuse a posibilidade de que Balaídos —un recinto que levaba pechado moitísimos anos a grandes concertos— puidese entrar de novo nos escenarios dos grandes concertos. Deuse a posibilidade de que viñera un gran grupo internacional a facer un concerto en Galicia e en Vigo, claro que si. E tivo unha repercusión, un investimento económico, digamos que o retorno do investimento, máximo. E ese retorno do investimento, que vostedes falan que é mínimo; non, é máximo. Unha ocupación hoteleira máxima e un retorno no sector servizos da cidade enorme. Debería vostede de preguntar en Vigo ao sector servizos se están contentos con este tipo de actuacións ou non, probablemente cambiaría de opinión. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor Calvo, cando queira falar do significado histórico do Xacobeo documéntese, poña día e hora e aquí estarei preparada para debater. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

A pregunta que eu lle facía era moi doada e moi directa: ¿que criterio empregou a Xunta para decidir gastar dous millóns e medio de euros nun único concerto da banda británica Muse



en Vigo? Esa era a pregunta á que vostede só soubo responder co silencio, o silencio evasivo e delatador. Seguramente o mesmo que xustifica que desde o 23 de setembro eu aínda non teña recibido o expediente deste concerto, que solicitei ao amparo do artigo 9 do Regulamento deste Parlamento. *(Aplausos.)*

A resposta implícita é que vostedes só seguen a defender unha política de turistificación cultural arbitraria, falta de transparencia, arribista e negacionista da lingua e da literatura galega.

Fala vostede de retornos millonarios por contratos publicitarios. Dígame onde está, ¿onde está ese informe? Porque os que si coñecemos son os informes que reiteradamente se levan feito co amparo da Agadic, nin máis nin menos, da marca dos festivais de Galiza; eses si sabemos exactamente a ciencia certa cal é o retorno económico, e sobre todo sostíbel, de todos eses festivais que están aglutinados sobre esa marca. Vostede aínda non é capaz de poñer enriba da mesa un informe que xustifique iso do que fala. *(Aplausos.)*

O único criterio que subxace —e que, evidentemente, non se atreve a recoñecer— é a defensa do Partido Popular dunha cultura elitista; á custa, iso si, de dilapidar os cartos públicos sen ningún tipo de fiscalización. As cifras cantan, gastaron vostedes do diñeiro dos galegos e galegas cinco millóns de euros para tres empresas —nin sequera as tres galegas—, cinco millóns de euros para corenta e seis formacións musicais, apenas catro galegas. ¿A quen están a favorecer? ¿Para quen traballa a Xunta? Desde logo, para o rico e diverso sistema cultural galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta. Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Faltoulle dicir que os de Muse son amigos nosos. *(Risos.)* Non os coñezo, pero faltoulle dicir só iso.

Mire, a Xunta cumpre, señoría, aínda que a vostedes non lles guste admitilo. Cumpre cos galegos, cumpre con Vigo e tamén coa transparencia.

Di vostede que non hai ningún informe de fiscalización. Xa llo expliquei —e, se non, pode preguntarlle a algún compañeiro seu—, os contratos de patrocinio son os indicados para facer este tipo de concertos, pero non son da Xunta de Galicia, señoría, son de todas as administracións, incluído onde gobernan vostedes porque son contratos en exclusiva que só se poden contratar cun promotor que ten os dereitos. E vostede debería de saber iso.



¿Que é o que lle molesta? Vostedes pasaron aquí moitos días dicindo que non había programación do Xacobeo. E cando hai grandes eventos do Xacobeo veñen criticar os grandes eventos do Xacobeo porque din que foron caros. Pois, efectivamente, o de Muse podía ser un pouco máis barato; pero o sistema que impuxeron no estadio de Balaídos, acoutando a cabida, pois fixo que fora máis caro, efectivamente. Se poñen ese mesmo criterio nos concertos de Castrelos, non entraba ninguén. Pero non pasa nada, a Xunta podía seguir adiante ou eliminar a programación, nós seguimos adiante. Creo que foi un gran concerto. ¿Sabe o que lles fastidia? O que lles fastidia é que en todos os medios de comunicación ao día seguinte houbera titulares coma este: Faro de Vigo, «*El rock británico pisa fuerte sobre el césped de Balaídos. La banda presentó su mejor versión con un apoteósico show de Matt Bellamy*». Supoño que será o artista, porque non o coñezo (Risos.) Non cho sei, non cho sei. Non é amigo, non é amigo... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non é amigo.

Faro de Vigo: «*Balaídos templo de la música dos décadas después*». Isto ao Bloque fastídalles moito, fastídalles moito, ¡home! (Aplausos.) Templo da música dúas décadas despois. Moito, moito, ¿a que si?

La Voz de Galicia, «*Muse, la realeza del rock británico, hizo temblar Balaídos en una noche histórica*». Isto leno os dos Bloque... y se ponen nerviosos.

Atlántico Diario: «*Colas desde primera hora y público de hasta 15 países*». —Isto leno os do Bloque y se ponen nerviosos—. «*El regreso de los grandes conciertos al estadio municipal de Balaídos dos décadas después generó una gran expectación. La histeria de Muse ganó Balaídos*».

¿Onde está o problema, señoría? ¿Onde está o problema?

O Xacobeo dous anos seguidos de programación de todo tipo, por todo o país, chegando a todo tipo de concellos. Os concellos do PSOE, os concellos do Bloque piden que haxa máis actuacións do Xacobeo. Repártense por todo o territorio e, sen embargo, o Bloque ten unha teima e é que non pode co Xacobeo. Igual pensa vostede que os de Muse son afiliados do PP. Pois non, non o son. Son de fóra, non os coñecemos de nada. (Murmurios.) Sen embargo, foi un gran concerto e é un gran acerto. Oxalá ese tipo de concertos se poidan repetir, non en Vigo, que tamén, en todos os sitios de Galicia. Estou seguro de que haberá moita xente que queira ir e, probablemente, se se pon vostede á entrada o poderá comprobar.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o proceso de adxudicación das pantallas do plan Abalar

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Bo día, case tarde xa, conselleiro.

Imos ver se temos algunha resposta neste momento, a ver se toca a lotería.



Ultimamente, o Goberno do Partido Popular, como se acaba de ver agora, está obsesionado con xerar dúbidas sobre a súa transparencia, ben sexa ocultando sistematicamente a documentación a este Parlamento ou, como o caso que motiva esta pregunta, tendo que explicar onde están as 5.500 pantallas dixitais para o ensino que están esperando nos centros educativos de todo o noso país.

E para iso imos facer un pequeno repaso. A Xunta licitou a contratación de 5.500 pantallas dixitais interactivas de máxima calidade por un importe de nada menos que 15 millóns de euros. A data de resolución do contrato é o 4 de novembro de 2021. Pero, co curso 2022-2023 xa bastante ben empezado, non hai nin unha soa desas 5.500 pantallas dixitais á disposición do profesorado e do alumnado. Nin unha soa, nin a primeira, e mira que xa vai case un ano.

É máis, a información da que dispón este grupo parlamentar é que hai problemas na subministración do modelo da pantalla que foi valorado coa máxima puntuación polos técnicos da Amtega. De tal xeito que a empresa gañadora do contrato pretende cambiar ese modelo por unha pantalla de peor calidade. E esta non é unha valoración que faga eu, que faga o Bloque Nacionalista Galego. Esta é unha valoración que fan os propios técnicos e técnicas da Amtega nun informe.

E a cuestión é que as 5.500 pantallas dixitais educativas, dun contrato que foi resolto o 4 de novembro de 2021, é dicir, hai case un ano, non están instaladas nos centros educativos. E no BNG dámos por facer oposición e saber por que. É un estraño costume que temos, ¿non?

Entón imos facer unha serie de preguntas que a ver se cae o gordo e responden algunha. A primeira é onde, que onde están esas 5.500 pantallas dixitais contratadas por 15 millóns de euros.

A segunda é cando. Cando ten previsto o Goberno do Partido Popular que os profesores e alumnos dispoñan destas pantallas dixitais. ¿Canto máis van ter que esperar? A ver se poden poñer unha data.

A terceira é cal. Que cal é a razón pola que un ano despois de adxudicar o contrato non estea instalada nin unha soa desas pantallas. Cinco mil cincocentas, cero instaladas.

E a cuarta é que se o Goberno do Partido Popular pode garantir que o profesorado e o alumnado van ter unhas pantallas de calidade e non se vai dar o cambio por outro modelo de peor calidade, como advirten os propios técnicos e técnicas da Amtega.

E, de novo, teñen aquí unha nova oportunidade de aportar algo de luz a toda esta escuridade que os rodea, como se acaba de ver hai cinco minutíños, e agardo que, para variar, a aproveiten. A ver que pasa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.



Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):
Si.

Bo día, señoría.

Pregúntame vostede pola valoración que fai o Goberno galego sobre as presuntas irregularidades sobre un proceso de adxudicación de pantallas dixitais para o ensino galego.

Respecto desta cuestión, o primeiro que quero deixar claro é que non existe ningunha adxudicación irregular, e isto no sentido exacto dos seus termos. É dicir, non existe adxudicación porque o que se realizou foi un contrato marco, polo tanto ten que haber agora un contrato derivado que encargue o fornecemento desas pantallas. E, en segundo lugar, non existe ningunha irregularidade no procedemento de adxudicación, porque este foi un procedemento coas máximas garantías e un contrato público aberto, sometido á lexislación e a normativa harmonizada da Unión Europea, publicado no *Diario Oficial da Unión Europea*, aprobado polo Consello da Xunta pola súa contía e con fiscalización previa plena da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e informe da Asesoría Xurídica da Comunidade Autónoma. Entón, no que atinxe un pouco ás súas suxestións, non cabe falar aquí en modo ningún de adxudicación nin moito menos de adxudicación irregular.

Neste momento a Xunta de Galicia aínda non realizou ningunha compra destes equipos, xa que, como de seguro vostede sabe, o único que ten asignado a Amtega é, como dicía antes, un acordo marco. No momento de formalizar un contrato derivado, que si implica un compromiso de compra, a Amtega velará por que o equipamento a subministrar se adecúe aos requisitos e condicións ofertados pola empresa seleccionada.

Por tanto, señoría, cómpre falar cun pouco máis de rigor sobre este asunto para non alarmar os cidadáns e a sociedade, e a comunidade docente.

En primeiro lugar, quereda sinalar que a Amtega seleccionou unha empresa concreta dentro dun lote, o Lote 1, Subministración de paneis interactivos do acordo marco de subministración sucesiva de instalación de kit de aula dixital para centros educativos na execución do proxecto Abalar. Como dicía vostede por valor de 14,75 millóns de euros. Non existe constancia nesta Administración de incumprimento ningún por parte do adxudicatario. E reitírolle que esta adxudicación aínda non ten comprometido ningún gasto, posto que non se ten formalizado ningún contrato derivado.

En segundo lugar, non é certo que exista ningún conflito xudicial que atinxa á propia Amtega, polo que cómpre ser rigoroso co que ocorre, que é un conflito entre un fornecedor e os seus socios concorrentes a un proceso de licitación pública. Por tanto, non existen irregularidades no procedemento, senón un problema privado entre as dúas empresas, no que unha delas, que nin participa como licitador no expediente nin ostenta a condición de subcontratista ou adxudicataria, se empeña en trasladar un problema teórico á propia Amtega.



Respondendo un pouco aos prazos, os prazos ofertados, os prazos de fornecemento deses paneis dixitais realizaranse segundo estaba planificado e programado no primeiro trimestre...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...do ano 2023.

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Ben, conselleiro, como soe dicirse *excusatio non petita, accusatio manifesta*, porque eu non dixen «irregularidades» en ningún momento, jeh! Entón, ¿por que me fala agora de irregularidades? É bastante estraño. Pero ao final, despois desta resposta con moita burocracia e demais trámites administrativos, o que pasa é que tanto o alumnado como o profesorado están en 2022, co curso de 2022-2023 empezado, e están sen as pantallas. Entón é iso ao que ten que responder a Xunta de Galiza, ¿non? E, sobre todo, outra pregunta, ¿o PP está en disposición de asegurar que vai primar o interese xeral e non o particular de ningunha empresa? Porque non vaia ser que as pantallas, ademais de chegar tarde, mal e a rastro —que non nos dixeron cando van chegar—, ademais, sexan de peor calidade. Porque iso é o que di o informe da Amtega. Entón... (*Aplausos.*)

Ademais aquí ole bastante mal, porque xornais afíns ao Bloque Nacionalista Galego como todo o mundo coñece, como é *La Voz de Galicia*, din que «*La firma que iba a suministrar las pantallas del plan Abalar denuncia irregularidades*» —agora si— «*en el concurso*». Entón, aquí hai algo que hai que explicar, e penso que a súa non-resposta di bastante.

Faleille de cando, de cal, de como, e ao final non respondeu a nada. O interese do Bloque Nacionalista Galego é que o alumnado e o profesorado teñan as pantallas canto antes e que teñan a calidade que se contratou. E vostede aquí vén a intentar zafarse do marrón, que eu entendo que pode ser moi difícil, pero non nos vén dicir nada de por que os técnicos e as técnicas da Amtega nos din que aquí pode haber un cambio dunhas pantallas de peor calidade.

Sorte na segunda resposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Peche da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):
Si, grazas, presidente.

Grazas, señoría.

Eu o que tentei responder foi tamén tendo en conta o teor da súa pregunta por escrito, se muda a súa pregunta entenda vostede que un cando prepara con seriedade a resposta ás súas preguntas, pode ser que fale de algo ao que non se refería inicialmente. *(Aplausos.)*

En todo caso, para rematar o tema quería reiterar que a Amtega está tomando as medidas para garantir que a adxudicataria cumpra coas súas obrigas adquiridas na sinatura do acordo marco.

Os técnicos da Amtega analizaron unha primeira solicitude de cambio de equipamento e rexeitárona por non mellorar o ofertado na proposta orixinal. E non lle caiba dúbida de que se a proposta definitiva, cando se faga a encomenda concreta, non cumpre exactamente ou mellora a oferta realizada polo adxudicatario, será rexeitada.

Quero clarear que isto non conleva ningún retraso nin inconveniente no proceso, xa que non paraliza a capacidade da Amtega para formalizar un derivado cando sexa conveniente.

A Amtega neste caso e a Xunta de Galicia están a seguir escrupulosamente coa axuda da Aseoría Fiscal, todos os preceptos da lei de contratos e non existe a máis mínima dúbida sobre a regularidade do proceso, en relación coas irregularidades ás que vostede fai referencia. Ademais, dado que, como xa indiquei, non se ten formalizado ningún contrato derivado dela, tampouco hai ningún incumprimento por parte do adxudicatario que poida ser obxecto de ningún tipo de reproche ou penalización no día de hoxe pola propia Administración autonómica.

Por suposto, señoría, garántolle que esta Administración velará por que a prestación que constitúe o obxecto dos contratos derivados se poida tramitar e se realicen conforme aos requisitos establecidos. Como lle dicía, cumpriremos co prazo do primeiro trimestre do ano 2023, subministraranse equipos para máis de catorce mil aulas, que darán servizo á inmensa maioría, entre o ano 2023 e 2025, das aulas de primaria e de secundaria dos colexios públicos da Comunidade Autónoma, do que se beneficiarán máis de cento cincuenta mil alumnos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspéndese a sesión ata as 16.00, catro da tarde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, a ver se me confundín, jeh! ¿Onde pon 16.30? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A ver, eu teño 16.00. Eu teño 16.00, jeh! E o que teño eu é o que manda, jeh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 16.00, transparencia. Total transparencia.



Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Imos co punto quinto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso da economía circular en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señora conselleira.

Hoxe traemos aquí unha interpelación moi transversal; de feito, eu dubidei ata o último momento de que consellería me respondería. Ao final, dubidaba entre Industria, Traballo ou Medio Ambiente pola transversalidade desta iniciativa. E ademais, como os membros da oposición tampouco sabemos previamente os oradores —á diferenza do Goberno, do grupo maioritario, que si ten coñecemento deles—, pois tiveron esa dúbida ata o final.

Pero o desta interpelación dicía que era un tema transversal, e ademais de moita relevancia, e poderíamos dicir que incluso desta materia, desta área, depende ata o futuro do noso planeta, e creo que non é unha exaxeración. Hai uns meses lin un libro que se titulaba *Colapso*, de Jared Diamond, que falaba de diferentes situacións de colapso. Unha delas era o que vivira a poboación da illa de Pascua cando chegaron alí os holandeses. A poboación Rapa Nui que alí vivía esgotara todos os seus recursos naturais e existía unha deforestación total destas illas. Atopábanse, polo tanto, nunha situación de colapso porque, sen recursos naturais, non tiñan onde vivir. Eu, ao ler o libro, preguntábame que estarían a pensar as persoas que cortaron as últimas árbores? Pois, ben, dicía ao inicio que, ao final, nós, a poboación, dende hai moitos anos, dende a Revolución Industrial, estamos a esgotar os recursos e a vincular, sobre todo, o crecemento económico ao uso dos recursos, e como non o desacoplemos iso, pois as consecuencias van ser fatais. Consumimos moitos recursos. Dicían que desbotamos o 80 % do que consumimos; no caso da alimentación, o 31 % dos alimentos. E hai uns días saía un informe que dicía que cada persoa en España tiraba ao ano 30 quilos de alimentos. Ante estas cifras, o Goberno do Estado está a traballar nunha nova lei que regule este desperdicio para poder darlle unha saída. E as consecuencias deste uso abusivo dos recursos pois todos as coñecemos, polo menos na teoría: que son a desaparición dos hábitats naturais, a desertificación e o quentamento global. Dicían os expertos que, como non mudemos isto, de cara ao 2100 subirá a temperatura da terra uns cinco graos.

Neste escenario a Unión Europea xa no ano 2015 se viu obrigada a reconsiderar este modelo económico imperante. E, nun consenso cos diferentes países membros, levou a cabo ou replantexouse este modelo de produción e modifícalo cara a un modelo que puidese garantir un crecemento moito máis sostible e un uso dos recursos naturais dunha maneira máis racional e eficiente. Isto denominárono «plan de acción para a economía circular», e baixo o



lema «pechar o círculo» contiñan varias propostas legislativas en relación cos residuos, cos depósitos en vertedoiro e con aumentar a preparación, a reutilización; e ademais, a maiores, un anexo con 54 medidas en diferentes ámbitos, tanto da produción como do consumo, a xestión de residuos, accións sectoriais e incluso o fomento do I+D.

Europa, despois de acadar este acordo no ano 2015 —como dicía— recomendaba aos países membros que cada un aprobara a súa propia regulación, e ademais implementar a estas medidas estas 54 medidas ás que me refería anteriormente. Pero a España de Mariano Rajoy nese momento —como todos sabemos—, coa súa postura negacionista do cambio climático, preferiu pasar deste tema e nada fixo. Bueno, nada, salvo mirar cara a outro lado. E a Lei estatal de residuos, por exemplo, seguía a ser a de 2011 ata este ano 2022, que foi o Goberno de Pedro Sánchez o que aprobou unha nova lei, por certo, adaptada ás exixencias europeas e que o Partido Popular ningunea. E digo que o Partido Popular de Galicia a ningunea porque vostedes, seis meses despois da entrada en vigor desta normativa estatal, que é unha normativa marco, non fixeron ningún tipo de adaptación á normativa galega, que naceu un ano antes, pero xa con vocación de quedar, en breve espazo de tempo, obsoleta.

Entón, ante isto, imos ser nós, os socialistas, os que levemos a cabo unha proposición de lei na que modifiquemos estes aspectos que quedaron superados pola nova normativa estatal e introduzamos, ademais, os plásticos dun só uso dentro da normativa de residuos, porque cremos que é fundamental regular isto. Se vostedes non xestionan, temos que suplilo nós, a oposición.

E non adaptaron esta normativa pero, pola contra, si que se adican a poñer paus nas rodas, e non colaboran tampouco no cumprimento dela nin nos prazos exixidos. E un claro exemplo disto é a convocatoria de axudas para a implantación do contedor marrón. Sacaron a resolución desta convocatoria unha semana antes de que terminara o prazo para implantar nos concellos este contedor marrón. E logo, si, adicáronse a repartir mocións en todos os concellos para que o Goberno ampliase o prazo de implantación; mesmo as trouxeron aquí ao Parlamento. ¿Como se chama iso, señora conselleira? Pois iso chámase comportamento desleal, por utilizar unha linguaxe cordial e moderada, como dixo Feijóo hai uns días dentro do hemiciclo.

Pero non falo só da adaptación desta directiva de residuos senón que tamén tivo que ser un goberno socialista comprometido co medio ambiente o que firmou este pacto por unha economía circular, o que firmou este pacto no ano 2018. Cando chegou ao Goberno era un pacto 2018–2200; e, posteriormente, o primeiro plan de acción de economía circular 2021–2023, que dotou, ademais, dun orzamento de 1.529 millóns de euros e de 116 medidas para poñer en marcha durante todo este tempo.

Tampouco elaborou ningunha estratexia Mariano Rajoy en todos estes anos de goberno, e agora eu espero que igual vostede me diga que non fixo o mesmo a Xunta de Galicia, que si que está comprometida con esta economía circular, pero dígolle eu que non por vontade propia. E non por vontade propia porque unha das recomendacións contidas neste Plan de acción da economía circular era que as comunidades autónomas colaborasen nos seus propios programas para a implantación desta nova forma de produción. E derivado disto foi



cando as diferentes comunidades autónomas aprobaron as súas propias estratexias e, entre elas, a galega —da que falaremos agora—, do ano 2019.

A Estratexia galega de economía circular do ano 2019, na exposición de motivos, na súa parte inicial, definía as liñas programáticas deste novo modelo produtivo e social baseado na economía circular, e dicía que ía desenvolver estas medidas co horizonte 2030. Un documento que, ao meu entender, parte dunha diagnose equivocada, dunha análise distorsionada da realidade galega, en áreas sobre todo tan importantes como é a área da xestión dos residuos. ¿E por que digo isto? Pois dígoo porque comeza facendo unha loanza do sistema Sogama, e o sistema Sogama na realidade é un sistema totalmente afastado desta economía circular, xa que se basea na incineración de residuos e nunha economía de escala que favorece a xeración de máis residuos, en contra dos obxectivos de minimización que existen dende a Unión Europea. Ademais, obvia todas as directivas europeas existentes, que exclúen esta incineración. E no día de hoxe seguimos a ver —e iso si que xa non o invento eu porque son datos oficiais de Sogama, que os teño aquí, os últimos datos oficiais de Sogama— que neste ano 2020 —que son os últimos— seguía a incinerar o 57 % dos residuos que alí entraban. Polo tanto, é increíble que esta estratexia non só loe esta forma de xestionar os residuos, senón que non contemple tampouco en ningún momento ningunha outra alternativa.

Polo que atinxe ás propostas sobre residuos, ademais esta estratexia dicía cousas como «*para romper o modelo tradicional de usar e tirar son imprescindibles os instrumentos económicos aplicados á xestión dos residuos*». Moito mudou a postura do Partido Popular daquela a agora porque falaba do principio de «*quen contamina, paga*», «*quen esgota os recursos, paga*», ou que os gravames de todos os materiais acababan en destinos diferentes á economía circular. E falaba tamén de facer estes tipos impositivos en coherencia co resto do Estado. Agora que vostedes están na senda de pasar a segadora a todo o sistema impositivo, non sei como van aplicar estes principios que contiña esta estratexia de economía circular.

Polo de pronto, hai uns días recibían unha transferencia do tributo sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración, que, tras trece anos sen ningún tipo de transferencia, pois espero que vostedes a aproveiten. E sobre todo espero que vostedes cumpran co manifestado na estratexia no referente tamén á coherencia co Estado.

Pero como a economía circular non é unicamente a xestión de residuos —e non me quero quedar corta—, temos que falar tamén aquí de reutilizar, rediseñar, reparar e dunha palabra moi bonita que é reimaxinar. Galicia ten un potencial de materias primas, un gran potencial, pero para poder garantir este éxito na economía circular fai falla a vontade política deste goberno e eliminar as principais barreiras, que son as tecnolóxicas, as económicas e, sobre todo, a educación. É necesario concienciar e informar a poboación.

Creo que temos agora, co PERTE na economía circular, unha gran oportunidade. É un PERTE que, ademais, fixa axudas de ata 492 millóns de euros e que mobilizará recursos superiores aos 1.200 millóns ata o 2026; un PERTE que, ademais, contribuirá de maneira decisiva aos esforzos do Goberno de España para poder mudar esta forma de produción e alcanzar esa dispoñibilidade de materias primas que estamos a ver que é tan necesaria; e reducirá, polo tanto, a nosa vulnerabilidade ante as crises globais.



Entón, ante esta gran oportunidade de xerar emprego, eu quería preguntarlle, señora conselleira: ¿que proxectos presentou Galicia para acceder a esta convocatoria? Porque as únicas noticias que temos do director do Igape falan da importancia da transversalidade deste PERTE, pero non concretan nada. E tamén quería saber que medidas implementaron ou como colaboraron coas empresas para poder acceder a estas axudas.

Polo de agora nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Castro.

Foi este goberno, o Goberno do Partido Popular, o Goberno galego, o que comezou a aplicar en Galicia non só o concepto, senón a verdadeira economía circular, e faino por convicción, non por obrigación. E fíxese que nos adiantamos aos tempos e ao Goberno central, pero mesmo tamén nos adiantamos nalgúns ámbitos a Europa.

Esta é unha cuestión que está dende hai moito tempo na axenda da Xunta de Galicia, xunto co cambio climático e a loita contra este fenómeno; unha axenda na que levamos sumados xa moitos fitos e que nos sitúa como comunidade pioneira. E non o digo eu, dío Europa, e despois direilles por que. E, entre eses, efectivamente, destacan a aprobación da Estratexia de economía circular 2020-2030; o deseño e posta en marcha da Estratexia de cambio climático e enerxía 2050; así como a redución de emisións de CO₂, medidas dende o ano 1990 nun 35,9 %, sendo a terceira comunidade que máis diminuíu as emisións de CO₂; ou a adhesión de Galicia ao memorándum de entendemento Under2. E non olvidamos tampouco o impulso do Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía, no que xa levamos sumado un total de 285 concellos.

Polo que, señora Castro, somos conscientes de que a economía circular debe ser unha prioridade para todas as administracións. É unha prioridade para o Goberno central, ha de ser unha prioridade para a Xunta de Galicia —e así o vén demostrando— e é unha prioridade para os concellos e tamén para as deputacións.

Ademais, a economía circular tamén está na previsión das empresas, e hai que dicir que en Galicia o están facendo ben. Por suposto, seguimos animando as empresas a sumarse activamente a este modelo, e as que apoiamos tamén polo camiño. Por iso levamos anos tomando medidas e deseñando un marco normativo, o marco normativo máis axeitado e con retos. E cando digo o máis axeitado é que somos conscientes da realidade.



E non lexislamos para seis meses despois, señora Castro, como fai o Goberno central, que obriga os concellos de máis de 5.000 habitantes a ter a recollida selectiva a través do quinto contedor. Porque a pregunta é: ¿quen o está cumprindo? E a resposta é: son moi pouquiños. E a pregunta é: ¿tería que estar esta consellería sancionando? E a resposta é: non imos sancionar, porque sabemos que é imposible levalo a cabo.

Aínda así, somos conscientes de que a economía circular leva aparelados importantes aforros en enerxía, e aí é onde estamos inmersos: beneficios medioambientais, crear postos de traballo a nivel local, xerar novas oportunidades para a integración social... Pero é certo que a implantación do sistema de economía circular non se fai dun día para outro, e por iso empezamos un camiño coa aprobación dunha estratexia, a Estratexia de economía circular, no ano 2019. Polo tanto, levamos tres anos nos que avanzamos, pero tamén é certo que tivemos dous anos cunha pandemia.

Fixemos esta estratexia baseándonos no criterio «multiterritorio», que inclúe políticas xerais que involucran a todos os departamentos da Xunta de Galicia, e nunha diagnose previa e completa sobre as condicións socioeconómicas galegas e o seu estado de situación no reto de implantar a economía circular, tomando, por suposto, como base o plan de acción da Unión Europea e dando forma a un conxunto de propostas nas que participaron distintos axentes, administracións, administracións públicas, empresas e tamén cidadáns. Tiveron un papel fundamental as tres universidades galegas, pero, polo que eu acabo de escoitar, vese que as tres universidades galegas erraron na diagnose, señora Castro, e, polo tanto, fíxose mal esa Estratexia de economía circular, coa que levamos tres anos.

É un intenso traballo, e cun resultado, unha estratexia, que son 60 medidas en 8 eixos diferentes de actuación: é o ecodeseño, son as actividades e modelos de servizo, a educación e a sensibilización, a industria, a produción de alimentos, o urbanismo, a edificación e a obra pública, a produción de alimentos, a xestión do ciclo da auga ou a xestión dos residuos.

¿Que pasou? ¿Que fixemos na xestión dos residuos? Pois eu podería destacar moitas cousas, pero é certo que tamén tivemos que actualizar o marco normativo, porque, co que contabamos, efectivamente, quedaba obsoleto. Estivemos agardando a que o sacara o Goberno central, e sabe vostede que o fixo tarde e a rastras, e que tivemos que ser as comunidades autónomas as primeiras en dar o paso.

Sacamos adiante esa Lei de residuos, e fíxese que aí o PSOE votou en contra. Vese que non houbo directriz de ningún lado e decidiron vostedes dende aquí votar que non; decidiron que Galicia non a necesitaba, ou que estaba totalmente errada a diagnose e os obxectivos que pretendíamos, que non eran outros máis que os obxectivos marcados polas directrices europeas. Saíu adiante, e fíxose nesta Cámara en febreiro do ano 2021.

É unha lei moderna, unha lei que pivota sobre economía circular e que incorpora os maiores estándares presentes nas directrices europeas sobre esta materia, e unha lei pioneira, que que se basea fundamentalmente na redución de plásticos dun só uso e nos desperdicios alimentarios. E quero lembrarlle que esta lei foi recorrida polo Goberno central porque dicía que Galicia se adiantaba. Polo tanto, non sei a quen se debían vostedes. Querían que agar-



dásemos un pouco máis na eliminación das vaixelas dun só uso, e así o tivemos que facer, tivemos que adaptarnos á lei básica, que, por suposto, non era esa a intención de Galicia; Galicia estaba preparada para loitar antes contra o desperdicio alimentario e Galicia tamén estaba preparada para loitar contra os plásticos dun só uso.

Aínda así, seguimos avanzando e avanzamos noutro campo agora mesmo na actualidade, que é o Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030. Está aberto agora mesmo o período de consultas ata o día 10 de novembro. Este documento terá como obxectivo mobilizar un total de 455 millóns de euros para dar un pulo definitivo á economía circular. Sentará, sen dúbida, as liñas estratéxicas para acadar os obxectivos exixidos na normativa vixente. E a isto súmase o traballo realizado polo complexo medioambiental de Sogama, que vostedes se empeñan unha e mil veces en defenestrarlo, pero despois fíxense que chega Europa e di: «este é o modelo». Non son os modelos húmidos-secos, que tamén temos dous en Galicia, só hai cinco en España e non hai ningún en Europa, señora Castro, esa é a realidade.

Pero é que tamén chama a atención que outros deputados que estiveron aquí polo PSOE formen parte da plantilla de Sogama e, cando están na plantilla de Sogama, din que é marabilloso. É dicir, vostedes din unha cousa aquí, pero xusto cando toca estar noutro lado din outra distinta. Pero, oe, cadaquén será recordado por frases históricas ou por vir dicir unha cousa aquí e despois na súa vida privada facer outra ben distinta.

Polo tanto, é un modelo que defendemos, é un modelo de economía circular, é un modelo ao cal están adheridos gran parte dos concellos e é o modelo que menos vai ser gravado por ese imposto ao cal a Xunta de Galicia se opuxo, ao cal a Consellería de Medio Ambiente se opón, que é o imposto que grava a incineración, pero sobre todo o imposto que grava o vertedoiro. Pero non porque non queiramos cumprir, simplemente porque, ao final, este é un imposto encuberto máis do Goberno central, que, por suposto, é unha transferencia que fixeron á Xunta de Galicia para que realice o traballo, pero que terán que empezar a pagar os concellos a partir do 1 de xaneiro, señora Castro. Pero os concellos, ao final, a quen llelo teñen que repercutir é aos cidadáns, a ese cidadán que cobra a risga, ao cidadán que está no paro, a aquel que está na universidade ou a aquel que máis recursos ten. Iso é o que van ter que facer os cidadáns galegos; jollo!, os galegos e os do resto do país.

Nós apoiamos os concellos, non podemos deixar de apoiar os concellos. E cando vostedes din: «é que, fíxese, non quitaron as liñas de axuda», supoño que estarán vostedes de broma, porque é que levamos quitando liñas de axuda para o contedor marrón dende hai tres anos. E dende o ano 2020 ata o de agora foron un total de 14,5 millóns de euros, que permitiron sacar a adiante máis de 305 proxectos, dotando os concellos de puntos limpos móbiles, así como da mellora de recollida separada de biorresiduos e doutro tipo de residuos. É máis, quero dicirlles que agora neste ano, no 2022, convocamos e estamos a piques de resolver tamén axudas dotadas, por exemplo, con 1,7 millóns de euros para a construción de novos puntos limpos e tamén para a adaptación ás novas necesidades dos que xa estaban construídos, ou axudas importantes para a reutilización. E lanzamos, ademais, unha consulta, porque creo que as cousas non se deben de facer dende unha administración e lanzalas así por así aos concellos, porque son concellos distintos que teñen necesidades distintas. De aí



que o que fixemos foi lanzar esa consulta para publicar tamén neste mesmo ano outras axudas por máis de vinte millóns de euros, pero adaptándonos ás necesidades deses concellos para cumprir a senda que nos manda Europa, a senda que manda a Lei de residuos de Galicia e, por suposto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...adaptándonos tamén á senda da Lei de residuos estatais.

Polo de agora, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, dicía vostede que se adiantaron ao Goberno central. ¡Home!, dende o ano 2015 ata o ano 2018 Mariano Rajoy non fixo absolutamente nada en materia de economía circular; era difícil que non se adiantasen vostedes. E, ademais, non foi así, porque no ano 2018 é o pacto do Estado, no momento en que Pedro Sánchez empezou a gobernar en España, e é do ano 2018 a Estratexia galega. Polo tanto, tampouco se adiantaron.

Vostede faciame varias preguntas. E eu preguntolle: ¿por que esa política de brazos caídos durante todo este tempo, se ademais coñecían, dende a Directiva do ano 2018, a realidade da implantación do contedor marrón? ¿Por que esta política de brazos caídos?

Vostede dicía que estabamos a criticar ese informe, esa Estratexia da economía circular que foi redactada tamén polas tres universidades. Non, a realidade non é así. A realidade é que vostedes filtraron ese informe das universidades galegas para adaptalo ao seu modelo de xestión, ao seu modelo Sogama. Entón, nós cremos que é claramente insuficiente e que claramente manifesta —como dicía antes— unha visión distorsionada da realidade galega.

E respecto do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia —que vostede dixo aquí que ía aprobar agora no ano 2023—, eu espero que non quede en papel mollado, como quedou o anterior plan de residuos, onde non cumpriron nin a primeira fase. Para iso tiñan que seguir prorrogándoo, porque queda moito por facer do plan anterior.

Eu dicíalle que en principio creo que coincidimos en que este modelo de crecemento lineal é insostible e que teñen vostedes que traballar en solucións integrais. E, ademais, a economía circular xera negocio, xera oportunidades de negocio e emprego de cantidade e de calidade, e estámolo a ver noutras comunidades autónomas como o País Vasco, onde a economía circular contribúe cun 1,12 % do seu produto interior bruto e xera 18.400 empregos; ou Cata-



luña, que contribúe co 4,6 % e xera 33.000 empregos; ou Aragón, que xera o 2,6 % do emprego deste territorio.

Miren, unha mostra máis —como lles dicía antes— dese escaso compromiso é esa Lei de residuos urbanos de Galicia, esa lei aprobada o ano pasado. Nós claro que votamos en contra desta lei, porque temos un serio compromiso co medio ambiente. Esa é a directiva e esas son as pautas que rexen en todo o PSdeG, por iso votamos en contra.

Nós plantexamos varias emendas. Unha delas foi unha emenda de engádegas, un título novo que regulase estes plásticos dun só uso, pero vostedes rexeitárona escudándose en que iso xa o faría o Estado cando regulase a lei a nivel estatal. Pero a lei a nivel estatal é unha lei marco que non contempla as singularidades do noso territorio. E agora, seis meses despois da aprobación da lei estatal, tampouco a adaptaron á lei galega; polo tanto, seguimos sen regular este tipo de plásticos, que teñen, ademais, un elevado impacto ambiental, derivado do seu abandono. Ao final, o noso mar necesita o compromiso deste goberno na busca de alternativas eficaces para a prevención, a reciclaxe e a valorización destes recursos plásticos.

Dicía eu que temos unha gran oportunidade con este PERTE de economía circular, con eses obxectivos fundamentais de ecodeseño, de mellora da xestión de residuos e dixitalización. Pero tampouco podemos mirar cara a outro lado pola importancia que ten a reciclaxe en relación coas enerxías renovables que se están a implantar no noso territorio, con todos eses aeroxeradores, cos paneis fotovoltaicos ou coas baterías, cando se acaba a súa vida útil —que tamén o contempla este PERTE—. No caso das baterías, permitiría financiar instalacións de tratamento destas baterías para extraer materiais como o litio e darlle unha segunda vida a todos estes materiais.

Señora conselleira, vostede non sei se leu ben esta estratexia, pero non entendo como vostede pode dicir que é totalmente acertada e que cumpriron o que nela se redacta, porque creo que a súa análise é totalmente ineficiente e distorsionada, que lle falta sensibilización social e que lle falta darlle unha volta á xestión dos refugallos. O modelo Sogama, por moito que fale vostede, non é o modelo, que é contrario ao que establecen as directivas europeas.

Polo tanto, Galicia segue paralizada e ancorada nunha xestión ineficaz, e dominada pola incineración e o vertido. É unha falta de coherencia total coa lexislación básica estatal e semella que a Xunta por coherencia entende ir á cola en prevención, reutilización e reciclaxe.

En definitiva, señora conselleira, esta Estratexia galega funciona moi ben como estratexia, pero segue xustificando modelos insustentables como o de Sogama; polo tanto, de circular, ten pouco. Galicia é unha comunidade rica en recursos e temos unha oportunidade. Espero que este goberno non siga indo cara a un lado e acabe na beirarrúa en vez de seguir pola autoestrada.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.



Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señora Castro, a verdade é que, escoitándoa a vostede, calquera diría que Galicia está na situación na que está. Vostedes din que todo está terriblemente mal; e, fíxense, é curioso, mentres vostedes seguen nesa teima de todo mal, a Unión Europea vén de seleccionar esta mesma semana a Galicia para ser das primeiras rexións en participar na misión e adaptación ao cambio climático. ¿E sabe que quere dicir iso? Elixen de modelo a Galicia para que copien o resto das comunidades autónomas. Elixen Europa de modelo a Galicia para que transfira o seu coñecemento. (*Aplausos.*) Hai deputados que botan a man á cabeza en vez de alegrarse, porque lles encantaría que, ao final, Galicia estivese na outra, na cola. Pois fíxense que isto non é así. Ese é un fito que non fai máis que avalar o compromiso que ten a comunidade coa posta en marcha de medidas para acadar unha Galicia cada vez máis neutra, máis verde e máis resiliente. E créanme que non vai ser o único recoñecemento que vai ter Galicia, aínda que lles doa, que acaba de ter outro, onde se fixo unha mención especial a Galicia por ser das mellores rexións na xestión do Pacto de alcaldías. Esa é a realidade, non é outra. E, ademais, deberían de estar contentos vostedes de que fose así e de facer as aportacións necesarias.

A miña pregunta é: ¿que modelo defenden vostedes? Gustaríame saber cal é o modelo que defenden. Sogama resulta que non. ¿Defenden o modelo húmido-seco que puxeron na lei e que era imposible, porque non o ten Europa, e agora, para non ter problemas aquí cos concellos, din: ben, a ver se imos a unha avaliación ambiental e, polo tanto, o permite a Xunta de Galicia? ¿É ese o modelo que queren? ¿Ou que modelo é o que pretenden vostedes?

Independentemente disto, nós seguimos traballando, pero non gravando con impostos, señora Castro. Sería bo que os seus concellos soubesen que é o que defenden, porque vostedes están defendendo que se paguen 30 euros/tonelada polo rechazo. Pois non sei onde van acabar certas plantas; plantas, por exemplo, como a de Nostián, ou plantas como a do Barbanza. Porque, fíxense, o 53,6 % dos residuos de Nostián van a un vertedoiro e van ter que pagar 30 euros por tonelada, e iso vaino ter que pagar a cidadanía que ten este sistema. Ou, por exemplo, no Barbanza, que vai o 62,8 % ao vertedoiro. ¿Que vai ocorrer con iso? Pois os señores do BNG tamén votaron a favor deste imposto. Quen dixo que non a este imposto foi o Partido Popular. En Sogama temos que seguir mellorando, pero ¿saben canto vai? O 25,2 %. Ese é o modelo polo que aposta Galicia fronte a este outro, que grava.

E falando de gravacións. Independentemente diso, un concello, por exemplo, como o de Arzúa, cuns 6.000 habitantes, a partir de xaneiro vai ter que pagar 21.120 euros máis do que viña pagando grazas á xestión que fai o Goberno de Pedro Sánchez, que segue poñendo impostos; impostos dos que parece que ninguén se entera, pero o recibo acaba chegando aos fogares.

Nós continuamos —e facémolo en positivo—, e imos investir 60 millóns de euros a través da Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais. Estamos dotando a Galicia de catro plantas de biorresiduos. Está avanzada a de Cervo, hai que dicilo, e hai outras dúas que están adxudicadas, Verín e Vilanova, xunto coa que xa está operando, que é o caso da de Cerceda. E hai trece instalacións de transferencia que lle van servir de apoio, xa que contarán



con tolvas específicas para transvasar a materia orgánica. E isto para cumprir con todo e para que os concellos que están adheridos a Sogama ningún estea a máis de 50 quilómetros dunha planta de transferencia.

Falando de Sogama, do sistema de compostaxe, hai que dicir que levan repartidos 19.300 composteiros. Están adheridos ao sistema de compostaxe de Sogama 435 entidades, 223 concellos, 183 centros educativos e 23 colectivos sociais.

Hai que seguir afondando na sensibilización e na concienciación. Pero eu tamén lle diría: se queren facer algo por Galicia, díganlle ao Goberno central que ese plan maravilloso de recuperación e resiliencia, onde está o PERTE de economía circular, dispoñendo de 492 millóns euros para toda España, foi aprobado no Consello de Ministros no mes de marzo, e fíxese que aínda non foi convocado. E Sogama —só Sogama— ten un proxecto de 155 millóns de euros. Miren vostedes cal é a diferenza e esa axuda que din que van dar a todos os concellos ou a todas as administracións para o cumprimento de achegarnos ao 50 % de reciclaxe no ano 2025.

Polo tanto, nós seguiremos traballando, seguiremos formando parte de Europa, e ademais estamos moi orgullosos de ter sido elixidos das primeiras comunidades para a misión de adaptación ao cambio climático. Estamos moi orgullosos de ser un referente na coordinación do Pacto de alcaldías. E que o residuo deixe de ser un problema e, ao final, acabe sendo riqueza...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...riqueza verde.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor conselleiro, boa tarde.

Falamos hoxe da xestión económica do Sergas, fundamental para poder desenvolver unha política sanitaria axeitada ou dispoñer deses recursos de maneira axeitada; recursos que en sanidade nunca son suficientes, e sempre poderíamos ter máis.



Hai algunhas cuestións que a nós nos parecen sorprendentes en función do que di o órgano fiscalizador das contas de Galicia, que é o Consello de Contas. Hai informes que se publican e dos que se dá publicidade así, a finais de xullo —unha época sempre moi activa—, para poder estudalos, e que se envían a este Parlamento.

A verdade é que nalgunhas das cousas non é que teñamos dificultades para estudar nós os informes do Consello de Contas, porque hai algunha cuestión que apunta o Consello de Contas na que o propio Consello de Contas ten moita dificultade para facer o control de fiscalización do propio Sergas, porque falan nos seus informes de opacidade e de limitacións, cousa que a min me parecería sempre moi preocupante, pero ese é practicamente só o principio.

Voulle plantexar algunhas dúbidas en tres termos: unha sobre opacidade, outra sobre a contratación, os fondos de contratación, e a outra sobre a xestión dos fondos covid.

En termos de opacidade, voulle ler algunhas citas que di o Informe do Consello de Contas: «A información dispoñible é só de tipo orzamentario» —falando do Sergas— «e non permite presentar o balance da situación nin a conta do resultado económico patrimonial. A carencia dunha contabilidade analítica nos centros tamén supón unha limitación á análise dos principios de economía e eficiencia». Non lle facilitan a información para saber se somos eficientes no Sergas; debe ser que non é importante.

Pero, por facer un resumo, di: «Non foi posible avaliar o control financeiro de ciclo continuo ao non recibirse o plan e as actuacións levadas a cabo no seu desenvolvemento».

¿Que significa isto? Pois basicamente significa que o Sergas non facilita información para que o control financeiro poida ser efectivo. É dicir, que o órgano que fiscaliza as contas de Galicia non é capaz, non ten información suficiente, e o Sergas non lla facilita para avaliar algo así como o 40 % do gasto público da Xunta de Galicia. E isto podería ser sorprendente para unha soa análise. O sorprendente disto é que leva repetíndose anos, anos en que o Consello de Contas vén advertindo que o Sergas non lle facilita a información e que non é posible. E fai chamadas á orde e chamadas á necesidade de cambiar o sistema e de cambiar o nivel de información.

O Consello de Contas, ademais, evidentemente, non ten capacidade executiva nin impositiva sobre sancións, pero si ten a súa capacidade de dar os informes, e vostedes non lle fan caso.

Constátase polo Consello de Contas, ao final, que non hai acceso ás informacións, e algunhas persoas que analizan falan de escuridade absoluta. Para nós é preocupante a opacidade sobre os informes, sobre a capacidade de xestión do Sergas, porque non existen informes de fiscalidade. E nós preguntámonos como pode ser que a Consellería, o órgano que xestiona o 40 % do orzamento da Xunta de Galicia, non ofrezca información. Advirten sistematicamente os órganos oficiais de control de que non ofrece información, e ninguén fai nada. A nós sorpréndenos, e gustaríanos unha explicación.

Xa non lle vou preguntar por casos excepcionais ou fantásticos como as fundacións públicas de investigación. Traballan dentro de espazos do Sergas, fináncianse integramente polo Sergas, pero non aparecen nos orzamentos do Sergas. Non é posible saber que pasa.



Sobre a contratación. A verdade é que podía ser mellor, pero non, sorprendentemente, é bastante peor. Vou dar tres datos —a estas alturas da tarde dar moitos datos sempre é custoso; vouno intentar, porque despois de comer sempre é máis difícil—. Son tres porcentaxes para intentar dar as cousas ben, as tres no mesmo rango. Primeiro, o 83 % é a porcentaxe de contratos que fai o Sergas con respecto a toda a Xunta de Galicia sen publicidade nin concorrencia. O 83 % dos contratos da Xunta de Galicia que se fan sen publicidade fainos o Sergas. Para traducilo de maneira máis clara, isto son aproximadamente 600 millóns de euros que o Sergas contrata sen publicidade e sen concorrencia. ¡O 83 %! —é máis porcentaxe se o damos sen IVE, pero nós somos máis de pagar impostos; entón, preferimos dalos así—. Son 600 millóns de euros; 600 millóns de euros que o Sergas contrata, pero non hai nin publicidade nin concorrencia. É o 83 % dos contratos da Xunta; é dicir, se xestionan o 40 % e o 83 % dos contratos que se fan por método dixital os ten o Sergas, hai un problema, que nós necesitamos saber por que ocorre. Ese é o primeiro dato.

Segundo. O 60 %. ¿Que quere dicir o 60 %? O 60 % son os contratos que teñen prórrogas que non se xustifican. Acaba o contrato, pero séguese pagando á empresa. Non hai explicación de por que se continúa, non hai un novo concurso, non hai unha explicación de excepcionalidade. Non hai ningunha explicación desas, séguese pagando, máis alá da duración estimada, máis alá das prórrogas legais. O 60 % dos contratos cando acaban, que se prorrogan, fanse sen explicación ningunha.

Terceiro dato, o 29 %. O 29 % do gasto en contratación é sinalado polo Consello de Contas —cito literalmente— como irregular e contrario á normativa, ¡o 29 %! O 1 % só sería preocupante, pero o 29 % dos contratos do Sergas é irregular e contrario á normativa, á Lei de contratos do sector público, ¡vamos!

Por tanto, nós queremos unha explicación tamén sobre isto. Hai opacidade e ademais hai varios datos sobre a contratación que evidencian que o Sergas xestiona economicamente dunha maneira bastante opaca e bastante preocupante.

Terceira cuestión. A xestión dos fondos covid. Vostede sabe que isto levou ao intento do noso grupo de que o señor presidente contestara, e é certo que se produciu un efecto bastante curioso: nós faciamos unha pregunta política e o señor presidente defendeuse dunha cuestión legal. Nós non queremos pensar que haxa un problema de legalidade, entendemos que non, supoñemos que non; isto é como *el valor de los soldados*, «*se les supone*». Pero facemos unhas contas que ninguén negou e, por tanto, damos por feito que a Conta xeral da Xunta de Galicia de 2020 está ben, e é que Galicia recibiu en 2020 —non no completo da pandemia, en 2020— algo máis de oitocentos millóns en fondos covid. Digamos que aqueles que foron destinados a Galicia do Fondo extraordinario covid por cuestións sanitarias foron 418. E cando falamos de cuestións sanitarias, queremos dicir que foron destinados baixo criterios sanitarios; en función de numerosos criterios destináronse os fondos. Moitos deses criterios foron unha cuestión sanitaria: as UCI ocupadas, camas, afectados, tipo de poboación..., moitísimos criterios. Con base neses todos eses criterios, 418 millóns chegaron a Galicia. Logo, é certo que houbo unha partida algo maior, dezasete millóns e pico, pero xa nin sequera os computamos nesa parte para facer os números máis redondos. Deses 418, a única explicación que soubemos para un dato que ninguén negou é que 159 deles non foron á sanidade, é que non eran



fondos finalistas; cuestión que nós non preguntamos. O que nós preguntamos é a onde foron —porque a outra parte si que foi á sanidade—, a onde foron 159 millóns de euros que Galicia recibiu en función de criterios sanitarios e que foron para outro lado.

Para poñelo máis fácil, señor conselleiro, recibíunos en función da gravidade que sufría a súa consellería, pero destináronos a funcións doutras conselleiras. A vostede birláronlle 159 millóns de euros na xestión e tivo que facer unha xestión con 159 millóns de euros menos. E nós o que preguntamos non era unha cuestión legal, salvo que ninguén queira responder, que, entón, imos ter que pensar que é unha cuestión legal, pero entendemos que non. O que preguntamos é: ¿que prioridade había moito máis que a sanidade que mereceu que 159 millóns de euros que vostedes recibiron por criterios de emerxencia sanitaria se destinasen a outra cousa? ¿Onde están? ¿Que pasou con eles? ¿En que se gastaron? ¿Que existía nese momento para que vostede, que tiña unha necesidade como xestor da sanidade en investir en persoal, en medios, en recursos e en plans de continxencia, non tivera 159 millóns de euros? Ou o que é o mesmo, vostedes deberon de considerar que vostede xa tiña os fondos suficientes, que a pandemia xa estaba xestionada e, entón: Dediquémolos a outra cousa. Iso si, vostedes pasaron o 2020 e o 2021 enteiro dicindo aquí que non lles daban fondos para xestionar ben a sanidade. «O Estado non nos dá fondos», e logo, cando llelos dá, dedícanos a outra cousa.

¿A que se destinaron? Esta é a pregunta esencial. E é unha pregunta política, non é unha pregunta legal —polo de agora—. ¿A que se destinaron? Preguntámoslle ao Goberno a que destinou eses fondos, porque para nós é moi importante saber cal era a prioridade por enriba da cuestión sanitaria. Por comparar con outras comunidades, que a vostedes lles gusta moito: Valencia gastounos enteiros en sanidade; e Castela-A Mancha, Extremadura, Baleares, Cataluña e ¡Andalucía! —¡se non é unha cuestión de cores!— gastaron todo en función dos criterios sanitarios. Todo o que recibiron en función de criterios sanitarios gastárono en sanidade, o cal parece algo bastante estraño, pero a min paréceme bastante coherente: recibes en función da emerxencia sanitaria, invistes en sanidade.

Vostedes argumentaron —é a única argumentación que temos— que non eran finalistas, e con iso explícanos todo. Entón, preguntamos —e esa era a pregunta orixinal—: ¿a que os destinaron? 159 millóns de euros que recibiu Galicia por unha emerxencia sanitaria, con base en criterios sanitarios, que Galicia exixiu, que Galicia recibiu, e que Galicia logo destinou a outra cousa. ¿A que? Esa é a pregunta.

Polo tanto, son tres cuestións que lle trasladamos. ¿Que pensa da opacidade que sistematicamente repite o Consello de Contas? ¿Como pode explicar tal volume enorme de contratación a dedo dende o Sergas, moito maior que a porcentaxe que lle correspondería por volume económico dentro do conxunto da Xunta? ¿E a onde foron os 159 millóns de euros que con base no criterio da emerxencia sanitaria se recibiron polo parámetro sanitario, porque, para outras cousas, se recibiron outras cantidades? ¿A que se destinaron? E ¿que era máis prioritario en 2020 que afrontar a emerxencia sanitaria?

Esas son as tres cuestións que lle trasladamos e ás que nos gustaría que, por fin, alguén do Goberno nos dese algunha resposta que fose minimamente entendible.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Hoxe vimos aquí falar da fiscalización que o Consello de Contas realiza ao Servizo Galego de Saúde e, en especial, da contratación que leva a cabo. Esa é a interpelación e o texto que teño eu aquí recollido.

O control que realiza o órgano fiscalizador da Consellería de Sanidade e os seus entes leva sendo favorable durante varios anos, e contando sempre co aval da Intervención Xeral da Xunta de Galicia. Punto primeiro, e creo que importante.

O Consello de Contas analiza os distintos aspectos económico-financeiros dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde e realiza as recomendacións que considera oportunas dentro do seu ámbito de competencias.

Neste informe de fiscalización do exercicio de contratación do Sergas 2012-2017 —volvoo incidir 2012-2017—, o Consello de Contas atopou diversos aspectos mellorables, que recomenda modificar para os vindeiros exercicios. Pero, en ningún caso, son eivas de calado que supoñan un problema para o correcto funcionamento da entidade. Isto é o que o informe — polo menos o que eu teño— recolle.

Señoría, ten que ser consciente —e vostede dicíao— de que a Consellería de Sanidade engloba o 40 % do gasto non financeiro da Xunta de Galicia, sendo o departamento co maior volume de orzamentos. Esta é unha boa noticia tamén. ¡Por fin!

Dentro da propia consellería, ademais dos servizos centrais e outros entes, o Sergas é o organismo que capitaliza o groso do orzamento, tanto no ámbito de persoal como no de gastos correntes e de investimento. Para entender esta casuística, debemos ser conscientes de que o alto volume de contratos menores que se levan a cabo no seo do Servizo Galego de Saúde veñen dados polas particularidades que presenta este ente *per se*. Hai que entender que o Sergas é un organismo autónomo de carácter administrativo, é dicir, unha entidade de dereito público, con personalidade xurídica propia, tesourería, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que desenvolve as súas actividades propias da Administración pública en calidade de organización instrumental diferenciada e dependente desta.

Das recomendacións que realiza o Consello de Contas no seu Informe de fiscalización da execución e da contratación do Servizo Galego de Saúde nos exercicios do 2012 ao 2017, establece que en termos globais a execución dos contratos analizados cumpre en todos os seus aspectos significativos coa normativa aplicable. Isto é o que di na páxina 20 —se non me equivoco— e no epígrafe «opinión» o Consello de Contas. A execución dos contratos analizados cumpre en todos os seus aspectos significativos coa normativa aplicable.



Si é certo, como recolle o informe, que se producen prórrogas máis aló da duración máxima permitida, continuando a execución do obxecto dese contrato sen soporte contractual no 59 % dos expedientes revisados —ese 60 % que vostede dicía—.

A este respecto, debo facer varias puntualizacións. A primeira é que, dos 37 expedientes fiscalizados —non de todos, senón dos 37 fiscalizados polo Consello de Contas—, un 20 % corresponde a procedementos negociados por exclusividade, por exemplo, o servizo de flete de transporte para os equipos transplantadores do CHUAC da Coruña ou o software que se instala no hardware do sistema de imaxe médica do propio hospital da Coruña.

Outra porcentaxe elevada destes contratos corresponde á subministración de medicamentos, polo que se produciu a continuidade coas anteriores empresas contratistas, xa que os prezos de adxudicación eran máis vantaxosos que os persistentes nese momento no mercado.

No resto de expedientes tratábase de contratos de servizos que, pola relevancia e especificidade do seu obxecto, viron dilatada a súa tramitación dos procedementos, ben na fase de preparación ou ben na fase de adxudicación —pola interposición dos recursos especiais en materia de contratación—. Nese grupo podemos englobar o contrato do servizo de mantemento e soporte do sistema de xestión de imaxe médica de varios centros do Sergas.

A estas eivas atopadas —que, insisto, son as principais eivas que detecta e que recolle no seu informe o Consello de Contas—, no ámbito da contratación, o Consello de Contas propuxo as seguintes recomendacións para tentar resolvelas, as cales aceptamos, por suposto, e facemos nosas co obxectivo permanente de mellorar o noso labor.

Por unha banda, unha planificación axeitada da súa duración, coa finalidade, efectivamente, de evitar que os contratos se prolonguen máis do xustificado e de limitar desa forma a concorrencia competitiva; limitar o máis posible, en número e importe, debidamente xustificadas, as modificacións contractuais para axustalas á prestación orixinariamente contratada; e potenciar a figura do responsable do contrato, que é á que se lle outorgan as competencias e funcións que lle permitan levar a cabo o control efectivo do pactado.

Así pois, dende a Consellería de Sanidade, tomamos nota destas recomendacións, aínda que cómpre matizar que estas recomendacións se fixeron tendo en conta o período fiscalizado, 2012-2017. Nese período —digo— aínda non entrara en vigor a Lei 9/2017, que, como saben, entrou en vigor o 9 de novembro de 2017, esa Lei de contratos do sector público, norma na que se baseou o Consello de Contas para realizar a súa fiscalización. É dicir, esas prórrogas por interese público recollidas neses contratos non estaban contempladas como tal na norma anterior, a 8 de novembro do 2017, que —repito— o período fiscalizado é do 2012 ao 2017.

Esta normativa, a do 8 de novembro, introduce importantes modificacións en relación cos aspectos sinalados, reforzando a necesidade, efectivamente, de levar a cabo unha adecuada planificación da contratación, limitando os supostos nos que se poden acordar prórrogas por razón de interese público, e incidindo na importancia da figura [...] (*Inintelixible.*) contrato.



Polo tanto, algunhas das recomendacións que o Consello de Contas fixo ao Sergas, no período analizado de 2012-2017, sinalan aspectos que ata ese momento non recollía a lexislación modificada no mesmo ano 2017.

Tamén é importante sinalar que algunhas das obxeccións que fai o Consello de Contas contan co informe favorable da Asesoría Xurídica e, no seu caso, da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, encargada de facer o control concomitante.

Así pois, a conclusión do informe é que a execución dos contratos analizados cumpre en todos os seus aspectos significativos coa normativa aplicable. Tal e como se expón na estatística de contratación pública da Xunta de Galicia, balance do ano 2021, publicada pola Consellería de Facenda e Administración Pública, dos 208.000 expedientes publicados polas consellerías, entidades e Sergas na plataforma de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia, o 75,27 % corresponden ao Sergas. Isto supón 157.174 expedientes cuxo importe de licitación ascendeu a máis de mil millóns de euros, dos que 156.642 son contratos menores, efectivamente, 411 procedementos abertos, 73 negociados sen publicidade, 25 baseados en acordos marco, 15 abertos supersimplificados, 6 abertos simplificados e 2 [...] para innovación.

Na presentación da estatística, apúntase que o elevado número de contratos menores do Sergas vén dado pola farmacia hospitalaria e os consumibles, nos diferentes centros de gasto, neste caso.

No ano 2018 o Consello de Contas emitiu un informe de fiscalización selectiva sobre a farmacia hospitalaria dos exercicios 2014-2016. Nese documento concluíase que as compras directas de produtos farmacéuticos realizadas por cada un dos servizos de farmacia hospitalaria alcanzaban o 96 %, o que viría motivado polas circunstancias especiais que habitualmente concorren no mercado farmacéutico, que non facilitan a libre concorrência e dificultan a utilización dos trámites previstos na normativa reguladora dos contratos do sector público. O dito informe recomenda reforzar o sistema de compras centralizadas para acadar mellores prezos e unha maior eficacia nas adquisicións.

Deixando patentes as particularidades que ten a realización de compras no sector sanitario, atopámonos con mercados cautivos propios ou por mor das características específicas do sector farmacéutico. Neste senso, o Servizo Galego de Saúde tomou a iniciativa e puxo en marcha sistemas de compra centralizadas co obxectivo de alcanzar aforros substanciais.

Nos distintos expedientes de compras centralizadas obsérvase que, se se compara co valor de adxudicación, se pode ver como o aforro suele situarse nun 9 % de media, estimando un importe aforrado de máis de 1,4 millóns de euros ao ano.

Incluso se se observan determinados expedientes, o aforro pode chegar a situarse no 12 % cando hai competencia nas ofertas, chegando no mellor dos casos a un aforro do 29 % por expediente.

O problema disto é que a maior parte das compras de farmacia se dan mediante procesos nos que só concorre unha empresa, unha única empresa, a cal ten a patente de fabricación



e comercialización dese fármaco. Cando se dá esta casuística, xorde o problema de que non hai aforro porque os prezos dos medicamentos están regulados, como ben sabe, polo Ministerio de Sanidade. Polo tanto, non ten sentido a posta en marcha dun procedemento de contratación porque só hai un provedor do dito fármaco.

Pero, se vostede dubida dos datos que lle facilito, podo referirme tamén ao estudo que presentou a Airef no ano 2020; un estudo que foi continuación do *spending review*, gasto hospitalario do Sistema Nacional de Saúde, farmacia e investimento de bens en equipo, no que se analiza, revisa e avalía, entre outros extremos, o gasto farmacéutico hospitalario.

Os resultados deixan patente que nos distintos servizos sanitarios os niveis de contratación non normalizada son moi elevados, e identifican dificultades na xestión e tramitación dos expedientes.

En definitiva, creo que o que estamos a tratar hoxe aquí é unha situación derivada da especificidade do sector sanitario, e máis concretamente, do sector farmacéutico, que, como digo, engloba a maior parte dos contratos directos.

En todo caso, seguimos traballando para, como digo, cumprir esas recomendacións do Consello de Contas, traballando neses modelos de farmacia de compras centralizadas e, por suposto, tratando de que todas as recomendacións que dá o Consello as poidamos facer efectivas.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Vexo que non me falou dos 159 millóns. Curiosa argumentación de que non o pregunto na interpelación. É certo que na interpelación si que pregunto por como valoran vostedes a opacidade que afirma ter o Consello de Contas con respecto ao Sergas, pero diso non me fala. Non me fala dunha cousa porque non está na interpelación —di vostede—, pero das que si están na interpelación tampouco me fala. Co cal, é unha argumentación un pouco curiosa.

Mire, hai algunhas veces que un, por se acaso, prepara que tipo de resposta lle poden ofrecer; supoño que é normal. Eu pensei nunha frase que vostede podía citar do informe. Voulle confesar que pensei que non a ía utilizar vostede, porque ten truco. Vouno explicar. Ademais de que o exercicio sobre a contratación é 2012-2017, efectivamente, porque vostedes non lles dan os datos de despois de 2017 aínda. ¿Non lle parece raro que dende o 2017 non teñamos datos aínda? A nós parécenos sorprendente. (*Aplausos.*) Pero insistiu moito en que era do 2012-2017, non sei se era para dicir: eu non era conselleiro daquela. Iso xa é unha cousa súa. Son os datos que temos, xa nos gustaría ter máis.



Vostede dixo —vou citar literalmente, porque está apuntado—: «A execución dos contratos analizados cumpre en todos os seus aspectos significativos coa normativa aplicable». Citou isto, citou a páxina. Dixo a páxina 20, e é a 16, pero, ben, iso é menor. Sei a que é porque tamén a imprimín. Pero é que esa frase non é completa; non, non é completa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro. Pero olvidouse da parte anterior, que di: «Agás polas excepcións que se poñen de manifesto a continuación, a execución dos fondos...». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, unha non, unha non. A excepción que pon a seguinte é: «...máis alá da duración máxima permitida pola normativa...» —xa non empeza ben— «continuouse coa execución da prestación sen soporte contractual no 59 % dos expedientes». (*Aplausos.*)

Pero di máis cousas: que iso supuxo un 30 % do importe total da mostra. É dicir, agás o seguinte, todo ben. E o seguinte é que o 60 % se fixo mal. Vostede pode quedar con que todo ben: agás todo o que vén despois, o resto ben. E vostede di: O resto ben. Xa, pero o que vén despois é o 60 %.

A ver, non me resisto a preguntarllo. Claro, non... Aí ten... Igual o que lle pasou as frases non lle pasou a anterior, e estalla dando agora. Pero, señor conselleiro, a verdade é que non esperaba que intentase facer isto. Non é a miña especialidade o Consello de Contas. A señora Rodríguez Rumbo asesórame ben nisto, que xa fixo algunha pregunta sobre isto —por certo, con éxito de resposta tibia tamén por parte do Goberno—. En realidade, esta non ma esperaba... Pero, ¡home!, esta polo menos si que a esperei, que vostede me contestase a metade da frase. A verdade é que non cría que ía ser así. Pero ben, en fin, vostede elixiu intentar ver se coaba esa parte. Esa non coou; outras poden ser, esa non coou.

Considera vostede que non son eivas de calado o que sinala o Consello de Contas. Pero estamos falando de que a contratación son máis de 600 millóns de euros. Non lle vou facer moita trampa, son pouco máis de 600 millóns; 600 millóns de euros en contratación. E vostede di: é que este sistema de contratación ten que ver —creo que dixo algo así como— coa especificidade do mercado, do tipo de ámbito.

Vostedes contratan o 83 % do contrato da Xunta, que se fai sen publicidade —faino o Sergas—, e vostede di: isto é pola especificidade do mercado. A vostedes gústalles moito comparar. De feito, algunhas veces compáranse con Baleares, moitas veces. ¿Saben cantos porcentaxe ten Baleares deste tipo de contratación? O 3 %. ¿Di que non? Vale. O 3 %; o Sergas, o 83 %. Hai unha diferenza. E eu creo que vostedes poden ter a opinión que queiran sobre a xestión balear, pero tamén xestionan a sanidade dos cidadáns de Baleares. Hai outros modelos para facelo. Polo tanto, a nós non nos valen as explicacións. Non parece que vostede poida dicir: isto era de antes e, ademais, non é tan importante. Porque, ademais, vostedes alegaron sobre iso, e alegaron cousas moi curiosas. Basicamente, as alegacións ían por tres vías. Unha: aquí iso non pasou —alegaron vostedes—. E o Consello de Contas dilles: miren, é que vostedes din que iso non ocorreu, pero están aí os contratos; e devólvenlles nas alegacións as mesmas referencias. Vostedes xustifican que hai algunhas cousas que moi ben, e o Consello de Contas —que igual, como non veñen tanto ao Parlamento, non se dan conta de que isto é o habitual en vostedes— débese sorprendere e din: ¿pero que me están xustificando? Estánlle contestando en moitas ocasións ás alegacións dicíndolles: estánme vostedes



explicando cousas que non lles pregunto. Se viñesen aquí ás sesións de control, xa verían que isto é o habitual. Pero, en todo caso, o que recibe as alegacións da Xunta no Consello de Contas debe de estar sorprendido dicindo: ¿pero como me están contestando a cousas que non preguntamos? Pero isto é así.

E cítame vostede a Airef. Por certo, a Airef di exactamente o mesmo que dicimos nós sobre a xestión dos fondos covid. E eu preguntolle —sei que vostede non me quere contestar—: ¿vostede non ten esa curiosidade, aínda que só sexa curiosidade persoal, por saber que pasou con 159 millóns de euros que merecía vostede na súa xestión e que alguén dedicou a outra cousa? *(Aplausos.)* ¡Porque non son poucos cartos! En sanidade todo é pouco, porque todo merece máis, pero non son poucos cartos. Son 159 millóns de euros que Galicia recibiu con base en criterios sanitarios e que destinou a outra cousa. ¿Non ten nin sequera curiosidade de saber a onde foron? Nós, si. Estou seguro de que vostede tamén, aínda que entendo que vostede non queira responder, pero, polo menos, que alguén nos dea unha resposta. Se estamos seguros de que foron a algún sitio, poderase xustificar, pero queremos saber a onde, porque, se non nos contestan a onde, empezaremos a pensar que hai algún problema e, de entrada, non pensabamos iso. Pero, claro, se vostede xa non quere responder, nin ninguén, vai haber que empezar a pensar que igual é que non saben a onde os destinaron, aínda que supoño que si porque vostedes sempre saben moi ben a onde destinan os cartos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Presidente.

En primeiro lugar, señor Torrado, supoño que o diría medio de broma. Eu se falo do período 2012-2017 é, como xa dixen hai un momentíño, para destacar que a lei cambiou o 8 de novembro de 2017. Non ten outro sentido xa esa referencia ao tempo.

E digo isto porque tamén lin o informe. A verdade é que, por resumir, non parei no punto específico que vostede di. Eu asumín —e díxeno así— que o principal problema que atopou o Consello de Contas foi o uso da prórroga por interese público. Díxeno, e dixen que, a pesar diso, que é a principal referencia —a única, por certo que di—, di: «Agás pola excepción pola que se pon de manifesto a continuación», e só hai unha —unha excepción na páxina 16—... Despois di: «Sen que afecte a opinión manifestada, cabe destacar...» Pero o maior reparo que pon o Consello de Contas é o uso da prórroga por interese público, que, repito, antes do... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non estaba antes do 8 de novembro do 2017, non estaba contemplado na lei. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, ¿pero é certo ou non é certo? Antes do 8 de novembro do 2017 non estaba desenvolvido. De feito, as recomendacións que nos fai o Consello de Contas son recomendacións para o non uso da prórroga por interese público no marco da normativa que entrou en vigor o 8 de novembro de 2017. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non é que se equivoque. As recomendacións que nos fai son nese con-



texto. E antes do 8 de novembro non había esa norma. É un pequeno matiz que vostede soslaya, evidentemente, pero que eu creo que é importante destacar.

Mire, fala vostede do informe da Airef: «*En España los niveles de contratación del subministro de medicamentos con sujeción a las prescripciones de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre*» —este é un informe do ano 2018, señor Torrado—... Dice que «*en España esa ley presenta datos preocupantes, lo que evidencia que existe un importante recorrido de mejora. Más concretamente en el año 2018 apenas el 31 % de la contratación de medicamentos en hospitales ha sido contratación normalizada. Es decir, que el 70 % se instrumentaba a través de contratos menores y compra directa a los laboratorios*» —ano 2018, Airef—.

Curiosamente máis abaixo fala das comunidades. ¿Sabe canto di que fai Baleares? Un 10 %, señor Torrado. É a última, ja última! Non, non, falamos de contratos menores e de adxudicación directa. Póñame outro exemplo, póñame Cataluña, póñame Murcia, pero non me poña Baleares, que precisamente está á cola; igual ca nós, igual ca nós, tamén llo digo. Vale, pero, entón, non me poña vostede un exemplo de Baleares, que está exactamente igual ca nós.

Dito isto, señor Torrado, imos ás respostas.

Opacidade. Eu animaría a todos os que queiran ler o Informe do Consello de Contas a ver se nalgún sitio topan rastros desa opacidade que vostede di, máis alá de que nós usamos un sistema ACP e o resto da Xunta utiliza o Xumco, e si que é verdade que hai dificultades no formato. Pero a información está absolutamente toda. De feito, vostede falaba das alegacións. Están aí para ver. Nós alegamos, e dixemos toda a nosa información. Nas alegacións informamos moitísimas veces, moitísimas, deses contratos dos que estamos a falar, dos contratos onde realmente temos ese problema de uso da prórroga por interese público. E alegamos na maior parte dos casos que ese informe de prórroga por interese público ten un informe xurídico e que está avalado pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia. Unha cuestión menor. Isto non o fai o directivo nin de servizos centrais nin da área sanitaria, senón que está avalado por ese informe xurídico.

Pero, dito isto —insisto—, claro que queremos corrixir isto. Queremos traballar en poder anticiparnos, queremos traballar en que, cando estamos nun contrato e hai unha alegación por parte dunhas empresas, teñamos unha ferramenta para non ter que recorrer a esas prórrogas do adxudicatario anterior, por suposto que si. Pero, en todo caso, insisto, o informe no que se centra o señor Torrado é no tema do uso da prórroga por interese público de xeito fundamental.

Os fondos covid. Mire, señor Torrado, de verdade, na pregunta, efectivamente, non fala dos fondos covid. Eu voulle dar unha noticia mala: non lle vou falar dos fondos covid, non lle vou falar. Isto é como ao principio: ¿cantos rastrexadores hai? ¡Mire que o intentou, eh!, pero non o conseguiu. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Non o conseguiu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Eu voulle dicir unha cousa para a súa tranquilidade... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, digo que lle vou dicir unha cousa para que estea tranquilo



vostede e, sobre todo, os galegos. Eu, como conselleiro de Sanidade nese período, non tiven ningún problema en ningún momento por non ter os fondos que necesitaba para tratar os galegos e galegas, ¡ningún problema! Iso é o que máis me tranquiliza. Eu non teño a sensación... Todos os cartos que Galicia necesitou antes de que chegasen os fondos covid, que lle recordo que chegaron en xullo do ano 2020, coa compra de equipamento que fixemos, anticipación nos ventiladores, e despois da chegada deses fondos... Nunca este conselleiro tivo ningún problema en darlles aos galegos e galegas a asistencia sanitaria que necesitaban.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Continuamos agora co punto 7º da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a reindustrialización da Mariña lucense

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Benvido, señor Conde.

Industrias Pardiñas, Mon, IPV, Conservas Alonso, Conservas Albo, Vestas, Ecesa, Ecar, Muebles Hermida e un longo etcétera, señor conselleiro. Ese é o goteo constante de peches de empresas na comarca da Mariña lucense. E todo iso coa ameaza do futuro de Alcoa que nos leva sobrevoando aos veciños e ás veciñas da Mariña non dende xuño do ano 2018, senón dende hai moito, moito tempo. Xa desde antes do 2018 levamos con esas manifestacións a favor da continuidade e do futuro dos traballos da empresa de Alcoa. Agora vostede sabe que hai ese acordo cos representantes legais dos traballadores e da empresa para arrincar as cubas en xaneiro de 2024 e aí hai unhas obrigas por parte das administracións públicas, das dúas administracións públicas, da Xunta de Galicia e do Goberno central, que deben de cumprir os seus compromisos para que se poidan arrincar estas cubas no ano 2024.

Isto todo levou a que hai case un ano, en novembro do ano pasado, tivese lugar na Mariña a primeira folga xeral. Sindicatos e veciñanza da Mariña lanzaban de novo un SOS pedindo o apoio e a implicación das administracións públicas, da Xunta de Galicia e tamén do Goberno de España, para ter un presente e tamén ter un futuro na miña comarca.

Entre outras peticións —e vostedes o saben porque tamén se apuraron moito naquel mes de novembro a ir a coller as pancartas á Mariña—, lanzaban a necesidade dun plan de reindustrialización da comarca da Mariña, porque, por moito que se olvide o Partido Popular e a Xunta de Galicia, as competencias exclusivas en política industrial residen aquí, na comunidade autónoma. (*Aplausos.*) Si, co Partido Popular na miña comarca pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. (*Aplausos.*)



Mire, en todo este escenario e con toda esa preocupación que había, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Anunciar e despois traizoar os veciños da Mariña con ese anuncio de que Altri viría para A Mariña. Señor conselleiro, vostede incumpriu un mandato parlamentario asinado aquí por todas as forzas parlamentarias. Anunciaban que Altri ía ir para A Mariña; posteriormente díxéronlle que non á Mariña e que ía ir para Palas de Rei. Anuncio —e digo anuncio—, porque agora a empresa di que ata xuño de 2023 non vai decidir a ubicación desta empresa, cando lle saíu mal a xogada á Xunta de Galicia condicionando a que Pedro Sánchez puxera paus nas rodas a eses fondos Next Generation, e o presidente do Goberno comprometeuse co presidente Rueda a que eses fondos chegarían.

Pero nós o que hoxe preguntamos de novo é: ¿por que non un plan de reindustrialización que é tan necesario para a comarca da Mariña? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Para contestar, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Otero, é certo que cando fala vostede de reindustrialización, eu non sei se o di porque xa dá por feito que o Goberno quere pechar Alcoa, e por iso seguramente vostede pretende falar neste Parlamento de reindustrialización. Nós o que lle podemos trasladar é que, cando nós falamos de reindustrialización na Mariña, queremos dicir que esa reindustrialización pasa necesariamente pola continuidade de Alcoa. (*Aplausos.*) E vexo que o Partido Socialista de Galicia, cando quere falar desa continuidade de Alcoa, intenta evitar onde está a solución para que Alcoa poida reactivar as súas cubas. Porque lle recordo que Alcoa está parada, e está parada porque o Goberno a parou. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señora Otero, seguramente, se quere, falamos de prezo eléctrico e imos aos datos, e seguramente vostede atopará como nestes momentos, no día de hoxe, a industria electrointensiva en España paga oito veces máis o euro/megavatio que as empresas francesas. Esa é a realidade do prezo eléctrico. Polo tanto, cando vostede fala desa reindustrialización, a pregunta que se tería que facer vostede é por que o seu goberno non achega o cen por cento da axuda máxima para compensar os custos indirectos de CO₂. Debería preguntarse por que o Goberno aínda non recuperou o sistema de interrompibilidade, como si recuperaron outros países. E debería de preguntarse por que o seu Goberno non está impulsando os contratos de PPA nestas empresas para que poidan, efectivamente, firmar eses contratos. Polo tanto, seguramente vostede debería de coller a pancarta de reivindicar para Galicia un futuro para Alcoa, (*Aplausos.*) e seguramente, a partir de aí, podería encontrar un futuro para A Mariña.

Señoría, non entendemos por que o Goberno non está aplicando as mesmas medidas correctoras que están aplicando outros países para minimizar o prezo da crise enerxética e tampouco por que o Partido Socialista se está desmarcando de todos os acordos adoptados neste parlamento e pretende quitar o foco en materia de política enerxética.



E fálame vostede de Altri. Mire, señoría, hai dúas realidades. Primeiro, este goberno, este grupo parlamentario cumpriu o acordo deste parlamento, porque sabe que si que intercedemos para que o proxecto de fibras téxtiles quedara na provincia de Lugo, unha vez que a propia empresa descartou a súa localización.

A pregunta que eu lle fago é por que non están apoiando este goberno, a Xunta de Galicia, para que o seu goberno do Partido Socialista lle aporte os fondos europeos a Altri, por que o Partido Socialista de Galicia non está apoiando Altri.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señor conselleiro, eu persoalmente estiven a carón das pancartas antes de xuño de 2018 e despois de xuño de 2018. Polo tanto, leccións, *(Aplausos.)* ningunha nese sentido. Vostedes foron os que viñeron agora, agora apresurados, coller as pancartas, e nós xa estivemos antes, esta deputada que lles fala, persoalmente.

Mire, é que descoñece incluso o funcionamento da factoría de Alcoa. Di que está parada. Ten dúas plantas, alúmina e aluminio, e hai unha que non está parada, señor conselleiro. Polo tanto, non... *(Murmurios.)* Pero ¿vostedes pódennme dicir que están paradas as dúas plantas? *(Murmurios.)* ¡Ah, non, non! Díxoo o conselleiro, revisen as súas verbas. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E mire, señor conselleiro, nós dende logo que non damos por perdida a loita polos traballos e polos postos de emprego que xera Alcoa, e aí está o compromiso do Goberno central.

Pero miren, é que vostedes tamén teñen competencias para garantir a viabilidade e o futuro de Alcoa. Faciliten a tramitación dos parques eólicos necesarios para dar un prezo competitivo de enerxía a Alcoa. ¿Ou iso non é competencia da Xunta de Galicia, señor Conde?

Dicía tamén no tema de Altri que vostedes cumpriran un acordo parlamentario que se levará adiante nesta cámara. Vostedes non o cumpriron, dende logo. Mentíronlles aos veciños e ás veciñas da Mariña unha vez máis, comprometeron que Altri ía ir para A Mariña e despois anunciaron que ía ir para Palas de Rei. Anunciaron —esperemos que de verdade— que queda na nosa provincia, na provincia de Lugo. E, dende logo, o compromiso do Goberno de España foi claro e rotundo nesa reunión que tiveron o presidente do Goberno e o presidente da Xunta de Galicia, que lle dixeron que eses fondos Next Generation chegarían para ese proxecto de Altri. Pero ¿que pasa agora, señor conselleiro? ¿Por que iso non se leva adiante? Esa é a nosa pregunta e téñena que contestar vostedes, porque o compromiso do Goberno central estivo aí nesa reunión.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Señora presidenta.

Señora Otero, se vostede quere falar do futuro da Mariña, da industria da Mariña, isto non consiste en falar máis alto, consiste en falar máis claro. *(Aplausos.)* A partir de aí, señora Otero, hai dúas realidades. En primeiro lugar, o Goberno non está garantindo un marco enerxético en España que permita a viabilidade da industria electrointensiva. E nestes momentos a planta de aluminio de Alcoa está parada, os tres fornos de Ferroglobe están parados e a maioría da industria electrointensiva en España está producindo de forma intermitente, practicamente parada, porque o seu Goberno está impedindo coa súa política enerxética que realmente teña un prezo competitivo para poder manter a súa produción. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

Polo tanto, señora Otero, se vostede quere defender Alcoa, debería defender en primeiro lugar que o Goberno colaborase no desenvolvemento dos proxectos eólicos que nestes momentos se queren impulsar por parte de Alcoa e dos diferentes promotores e debería, seguramente, reivindicar ese marco enerxético que vostede sabe que é xusto o contrario do que están a facer o resto de países europeos.

E fálame vostede de Altri. Pero se aquí hai dúas realidades. Primeira realidade: a Xunta de Galicia nunca anunciou que Altri iría para A Mariña, nunca, nunca. A Xunta de Galicia fixo un compromiso de facer todos os traballos necesarios para que Altri se puidera instalar na provincia de Lugo; ese foi o compromiso; e adquiriu un segundo compromiso: que na medida en que fose posible dende o punto de vista técnico se puidese implantar na Mariña, e vostede sabe que a empresa xa ten trasladado por que realmente non era posible instalarse na Mariña.

O que eu non entendo é por que vostedes non ven que Altri é unha oportunidade para A Mariña. *(Murmurios.)* Deberían falar vostedes co sector forestal, e seguramente sacarían outra conclusión.

En segundo lugar, os fondos europeos. Vostedes hoxe votaron en contra de que se puideran impulsar novos PERTE en Galicia. *(Murmurios.)* A Xunta de Galicia tenlle trasladado ao Goberno que o futuro e os fondos europeos para apoiar un proxecto como Altri pasan por un novo PERTE en materia de bioeconomía. ¿Está vostede disposta a apoiar a Xunta de Galicia para que o seu Goberno poida impulsar un novo PERTE en bioeconomía que permita o desenvolvemento do proxecto de Altri? ¿Si ou non? Aí estará o futuro da Mariña, sen ningún tipo de dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Conde.



Pregunta de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia ante a próxima caducidade, no mes de xaneiro de 2023, dos puntos de conexión á rede eléctrica previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona Matilde Begoña.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Señor conselleiro, os socialistas queremos saber se o Goberno galego vai apostar realmente pola transición enerxética ou se vostedes están a favor dos combustibles fósiles. E, por favor, pídolle que non me volte responder que vostedes xa cumpriron coa redución de emisión de gases de efecto invernadoiro, porque vostede sabe perfectamente que iso é debido aos peches das centrais térmicas de Meirama e das Pontes, peches que vostedes empregan a favor ou en contra segundo lles conveña.

Señor conselleiro, ¿están vostedes de acordo con eliminar gradualmente a nosa dependencia das importacións de gas, petróleo e carbón rusos, ou consideran que esta situación debe continuar?

¿Están vostedes de acordo co despregamento das enerxías renovables como núcleo de transición cara ás enerxías limpas necesarias para acadar os obxectivos do Pacto verde europeo?

Vostede sabe que o pasado 6 de xuño o presidente Rueda, nun acto, nese acto propagandístico do asinamento da Alianza Galega polo Clima, manifestou tres obxectivos: situar Galicia á cabeza das rexións europeas no reto de conseguir a neutralidade climática en 2050, aproveitar a oportunidade dos fondos Next Generation para acadar ese obxectivo e defender a política en enerxía eólica da Xunta de Galicia.

¿Que teñen feito, señor conselleiro, para acadar estes obxectivos? ¿Cal é a estratexia, se é que existe, a desenvolver polo Goberno galego? A nosa dúbida fundamental, señor conselleiro, é saber cal é esa política en enerxía eólica da Xunta de Galicia a que fai referencia o señor Rueda. ¿Vai seguir sendo esa paralización no despregamento eólico, tal e como leva acontecido durante estes trece anos de goberno do expresidente Feijóo?

Porque recórdolle, señor conselleiro, que, en trece anos, de potencia instalada en Galicia foron 776 megavatios, pero é que no ano 2020-2021 foron cero megavatios, e no ano 2022, 50,59 megavatios. Teñen vostedes solicitudes por uns aproximadamente 13.000 megavatios, cando só se pretende levar a cabo eses 2.300 megavatios. ¿Que teñen feito neste tempo? Levan doce anos cos proxectos do concurso eólico de 2010 sen resolver.

Señor conselleiro, sabe que hai uns días a Asociación Eólica de Galicia anunciaba que a nosa Comunidade podería chegar a perder 2.500 millóns de euros en investimentos en eólica,



centos de empregos vinculados ao sector, se a Xunta de Galicia non axiliza ao máximo a tramitación dos expedientes administrativos pendentes, posto que o día 23 de xaneiro caducarán os puntos de conexión previstos para un centenar de proxectos de construción de novos parques eólicos, que sumarán 2.300 megavatios de potencia instalada, polo que os socialistas lle preguntamos: ¿que medidas vai tomar a Xunta de Galicia ante esta situación? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Rumbo.

Para a súa contestación, ten a palabra o señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Rodríguez Rumbo, é sorprendente que o Partido Socialista non queira recoñecer que a Xunta de Galicia leva impulsando durante todos estes últimos anos as enerxías renovables. Eu lamento que vostede utilice os datos dunha forma absolutamente partidaria.

Sabe, por exemplo, que dende o ano 2009 se puxeron en marcha vinte e catro parques, con 508 megavatios en funcionamento. E igual que dicimos datos concretos de posta en marcha de enerxía eólica terrestre, vimos de aprobar recentemente o desenvolvemento dunha plataforma experimental no eido da eólica mariña, igual que estamos impulsando o hidróxeno verde, tramitando unha planta de hidróxeno verde nas Pontes por parte de Reganosa e EDP.

Polo tanto, unha aposta polo hidróxeno, polo biometano, pola eólica mariña, a propia eólica terrestre. Polo tanto, creo que vostedes viven nunha burbulla que non reflicte realmente a realidade que se está impulsando por parte do Goberno.

Eu o que creo que si debería de facer o Partido Socialista é ter un discurso propio e que ese discurso fora pois dun modelo eólico ordenado e garantista e se afastase seguramente de aprobar proxectos sen a declaración de impacto ambiental, como vostedes pretenden impulsar dende Madrid, seguramente tamén apoiando as medidas de axilidade administrativa que non quixeron apoiar tampouco a través da Lei de reactivación económica, ou, por exemplo, apoiando tamén as medidas que se introduciron precisamente para garantir o desenvolvemento ordenado a través da moratoria que está vixente ou a ampliación das distancias dos diferentes parques.

Claro, cando vostede vén aquí como portavoz da Asociación Eólica de Galicia, enténdense moitas cousas, pero realmente nós estamos desenvolvendo un modelo eólico ordenado.

E falando do ministerio, vostede debería de preguntarse por que o seu Goberno non quere arquivar sesenta e cinco parques, que son máis de 5.000 megavatios, que incumpren a normativa galega da Lei de ordenación do territorio. ¿Vostede quere desenvolver 5.000 megavatios fóra do Plan sectorial eólico? ¿Iso é así, señora Rodríguez Rumbo? ¿Cando fala de 13.000 megavatios inclúe estes 5.000? A Xunta de Galicia non. A Xunta de Galicia ten informado negativamente e o seu Goberno non ten arquivado eses proxectos.



E se me fala do problema que xerou o seu Goberno coa aprobación do Real decreto 23/2020, establecendo prazos incumpribles para os promotores, debería de saber ou eu preguntolle se vostede vai apoiar a Xunta de Galicia cando solicite que o Goberno amplíe ese prazo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Conde.

Para réplica, ten a palabra de novo dona Matilde Begoña.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, a verdade é que resulta bastante curioso que diga que levan impulsando as enerxía renovables. Xa lle dei os datos, non os vou repetir, porque xa sabe que o tempo é moi curto.

E, ademais, mire, os proxectos que teñen vostedes pendentes seguen tendo os seus requisitos. ¿Por que non os axilizan? ¿Por que non resolven ou por que non arquivan? Todos eses dos que lle falaba eu, todos eses que están pendentes, son proxectos da Xunta de Galicia, non do Estado, non do Goberno do Estado. Polo tanto, son vostedes..., (*Murmurios.*) si, si, os que teñen que resolver.

Mire, señor conselleiro, levan cinco anos e nove meses que prorrogou o Goberno do Estado para o cumprimento dos principais fitos establecidos para o acceso á rede. Ademais, habilitouse a posibilidade de renuncia, de forma voluntaria, aos permisos de acceso e conexión sen que perderan as garantías aquelas empresas, aqueles proxectos dos que vostedes, a Xunta de Galicia, vían inviables a súa materialización. ¿Por que non o fan? ¿Por que seguen tendo pendentes toda esa cantidade de proxectos?

Mire, señor conselleiro, estamos nun momento clave para a transición enerxética. Hai que deixar o modelo de combustibles fósiles e apostar polas enerxías renovables, para o que Galicia conta coas potencialidades, cun recurso abundante, co coñecemento preciso, coa capacidade e a experiencia necesaria para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción de infraestruturas; todo isto unido á oportunidade histórica e á vacina económica —tal como dicía a señora Nóvoa hoxe pola mañá— dos fondos europeos Next Generation, eses aos que votaron en contra.

Mentres, o que hai na Xunta de Galicia é unha inexistente e caótica política eólica deste goberno, que só leva á inseguridade xurídica dos promotores e ao rexeitamento total da cidadanía, dos concellos, das asociacións ecoloxistas e das organizacións agrarias.

Os socialistas non somos emisores de ninguén, non pretendemos un desenvolvemento indiscriminado, pero tampouco estamos de acordo coa paralización total. Estamos a favor de novos desenvolvementos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rumbo.

(*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas.



(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

É que rematou o seu tempo, señora Rumbo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

(Aplausos.)

Para réplica, señor Conde, ten a palabra.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Ben, queda tan evidente hoxe que o Partido Socialista de Galicia ten cambiado o seu discurso que ata ten que lelo de forma concisa e precisa para que non se trabuque. *(Murmurios.) (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A realidade, señora Rodríguez Rumbo..., *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...se o Partido Socialista de Galicia abandonou... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Por favor. Pero ¡jimos ver! *(Murmurios.)*

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Señora presidenta, vexo que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): A ver se nos tranquilizamos, que estamos rematando xa a sesión plenaria. *(Murmurios.)*

Por favor, non interromper o conselleiro; os dous grupos, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moi ben. Moitas grazas, señora presidenta.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, se o Partido Socialista de Galicia abandonou ese modelo de «stop aos eólicos», que era o que compartían co Bloque Nacionalista Galego, para ser agora o portavoz da barra libre aos eólicos, pois mire, sinxelamente, equivocábanse antes e equívocanse agora. *(Aplausos.)*

E, señora Rodríguez Rumbo, se os promotores eólicos temen perder os permisos de acceso da conexión, que é a súa preocupación, seguramente o primeiro que debería de preguntar é se realmente se están presentando os proxectos viables e positivos para Galicia e sobre todo se se está entregando a documentación en tempo e forma, porque seguramente así tería máis datos para sacar as súas propias conclusións. E, en segundo lugar, tamén seguramente



vostede debería dirixir as súas críticas ao Goberno pola aprobación dese Real decreto 23/2020, que estableceu prazos incumpribles para o desenvolvemento dos proxectos e que sinxelamente nestes momentos o Goberno se está negando a dialogar.

Eu o que lle traslado é que a Xunta de Galicia lle vai solicitar ao Goberno unha nova ampliación para evitar que precisamente caduquen os permisos de acceso de conexión á rede, dando unha solución, polo tanto, ao problema que xerou o propio Goberno. E, polo tanto, a pregunta é se vostedes, o Partido Socialista de Galicia, van apoiar a Xunta de Galicia nesta reivindicación ou non. Xa o veremos no seu momento.

Eu o que si lle podo trasladar é que, dende logo, motivado por este Real decreto 23/2020, vou darlle un dato para que dimensionemos. Dende a aprobación deste real decreto presentáronse 144 novas solicitudes, por 4.100 megavatios. ¿Parécelle a vostede razoable? Seguramente a resposta é que non. E o que lle pregunto é se vostedes van apoiar a Xunta de Galicia ou van seguir apoiando o seu Goberno, que está limitando a capacidade de desenvolvemento do sector eólico.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Catro segundos, catro segundos, catro segundos.

Pasamos ao seguinte punto.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións promovidas polo Goberno galego para resolver a situación xerada polo derrubamento rexistrado na estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra dona Raquel Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira.

Nos últimos meses dúas estradas na provincia de Lugo colapsaron e tiveron que ser cortadas: unha é a A-6, de competencia estatal, que se derrubou en Pedrafita; e outra é no Courel, a LU-651.

O día 20 de marzo do ano pasado, un domingo á tarde, caía de forma repentina e provocaba un socavón de 200 metros de lonxitude e un movemento de terras de 170.000 metros cúbicos, aínda que afortunadamente non houbo que lamentar ningunha desgraza persoal. Nese mesmo momento, ese mesmo domingo pola tarde, os técnicos da súa consellería estiveron



xa presentes no lugar en que houbo o incidente e tomaron tres decisións: derivar o tráfico pola única vía que era posible, que era unha vía provincial que, non obstante, non cumpría a finalidade necesaria; a outra decisión era averiguar as causas dese colapso; e, en terceiro lugar, empezar a traballar xa en alternativas.

Tan só dous días despois vostede mesma reuníase coa alcaldesa, Lola Castro, e daban a coñecer as causas dese sinistro. E tres semanas despois, o día 12 de abril, en sede parlamentaria, o director xeral daba a coñecer xa cal sería a medida alternativa provisional mentres non se buscaba unha solución definitiva. Xa o día 5 de agosto abríase ao tráfico esa nova vía provisional de 700 metros e que cumpre plenamente a súa función, incluso para tráfico pesado, pero unha vía que ademais foi determinante no momento en que houbo os incendios do mes de xuño e que serviu de forma moi importante.

Vostede mesma, outra vez reunida coa alcaldesa o pasado venres, daba a coñecer xa cal vai ser a solución definitiva para solucionar o problema que causou o colapso da LU-651. Vemos unha axilidade e unha transparencia en todo momento, con publicacións no DOG, con publicacións na páxina web, con comparecencias neste parlamento. Pero, aínda así, a oposición neste parlamento, nomeadamente o PSOE, pois laiábase aínda o pasado venres de falta de transparencia e de falta de axilidade; creo que estaban pensando no que estaba pasando na A-6 e non na LU-651.

Por iso, señora conselleira, ¿podería vostede facer unha recompilación do que fixo a Xunta de Galicia na LU-651 dende o pasado 20 de marzo?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría —como dicía vostede—, o pasado 20 de marzo produciuse ese desprendemento na estrada autonómica LU-651, que é a principal vía de acceso dende Folgoso a Quiroga. Foi no punto quilométrico 18, 200 metros que quedaron totalmente inutilizados e que houbo que realizar e reconducir o tráfico polas localidades de Campa e Vidallón, que o certo é que non cumpría realmente a funcionalidade de maneira axeitada para garantir a mobilidade en Folgoso do Courel.

E antes de entrar nas cuestións que realizamos aí en todo momento, dende o primeiro momento, gustaríame realizar dous apuntamentos. En primeiro lugar, afortunadamente, non houbo danos persoais; iso é o máis importante. Pero por suposto que salientar a dilixencia dende o minuto un en todo momento da consellería dando conta das causas do sinistro, do colapso, e dando axilidade a un desvío provisional que, como dicía vostede, é clave nos la-



bores de extinción de incendios, e tamén pois traballando nesa solución definitiva para resolver o tráfico de xeito definitivo.

Que non lle caiba dúbidas á cidadanía; dende logo, actuouse en tempo récord, con total transparencia e tamén en colaboración constante co concello, que puido opinar e lle demos información periódica e constante en todo momento.

As causas do colapso sábense dende o primeiro día, é consecuencia do colapso das galerías subterráneas da canteira de lousa que traballa nas proximidades da estrada. E non dubide que as responsabilidades, cando remate o expediente, se adoptarán e se depurarán. Pero, en calquera caso, o importante, cando hai un problema, é resolvelo, e aí actuamos coa máxima dilixencia en todo momento.

Para restablecer e restituír a circulación, o que fixemos foi, de forma inmediata e inminente, a declaración de emerxencia para iniciar as obras; o 24 de maio iniciáronse as obras de emerxencia e rematamos o 5 de agosto. E, como dicía, é un vial clave para o labor de extinción de incendios.

Barallamos cinco alternativas e, desas cinco alternativas, adoptamos e decidimos a alternativa que é mellor, é a idónea, dende o punto de vista tanto técnico como funcional e ambiental. E, polo tanto, a alternativa definida, 5 millóns de euros. Polo tanto, non puidemos ser máis dilixentes, dialogando co concello dende o minuto un, dando explicacións, traballando nun desvío provisional que está executado e tamén traballando nesa solución definitiva que está decidida e tamén definida.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señora conselleira, seguro que na segunda parte vai ter a oportunidade de explicarnos algo máis sobre esa solución definitiva. Pero eu quería neste momento felicitala a vostede, non só a vostede senón a todo o seu equipo, pola dilixencia, a planificación, a profesionalidade, a transparencia e a solvencia con que actuaron en todo momento.

É unha opinión que é compartida tamén polos veciños, pois en todo este tempo non houbo nin unha soa crítica nin dos veciños nin dos usuarios, a pesar de que esta vía é un punto importantísimo de comunicación de todo o municipio de Folgoso coa comarca de Quiroga e de Lemos, e tamén un punto importante na súa economía, dun municipio que mete por alí boa parte dos turistas e que ten preto de cincocentas camas hoteleiras.

Todo o contrario é o que está a pasar coa solución que se lle está dando por parte do Estado á A-6. A día de hoxe aínda non coñecemos as causas do derrubamento e tampouco se explicou en que consistirá a alternativa funcional de verdade que lle teñen que dar ao tráfico nesa zona. E continuamente son os usuarios os que se están queixando; os últimos, os transpor-



tistas, que mesmo pedían o amparo da Xunta de Galicia, que en todo momento se prestou a colaborar co Goberno central para buscar unha solución. Todo o contrario do que fixo a Deputación no Courel, onde o único que se sabe é que o señor Tomé foi por alí, fixo turismo de catástrofe, sacou unha foto, criticou a Xunta e nunca máis se soubo. É tanto o desinterese e o descoñecemento que ten o PSOE que mesmo o PSOE do Courel, cando presentou a iniciativa sobre esta estrada, puxo mal o número, non sabe como se chama a estrada.

Señora conselleira, grazas unha vez máis pola súa dilixencia. Os veciños do Courel pero tamén de toda Galicia e de todas partes que se achegan alí a facer turismo e tamén a mellorar a economía da zona agradécenllo. E eu pídolle que nos explique un pouco máis, se é posible, sobre esa solución definitiva que vai aplicar a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora non teño o tempo. Non sei, supoño que iría moi ben de tempo.

(Aplausos.)

Ben, pois turno de peche.

Estamos sen reloxo, entón imos tratar de... *(Murmurios.)* Ben, fallou agora e entón imos controlalo desde aquí. Avisarame a vicepresidenta a ver como vai.

Agora, turno de peche da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o certo é que a solución...

O señor PRESIDENTE: Déanlle voz ao escano da conselleira.

Ao mellor fallou o sistema por aí tamén. A ver se hai algo que funciona. Román, a ver se funciona o teu. Dálle aí. *(Risos.) (Murmurios.)* Ethel... *(Murmurios.)* Non, non sei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mira, aí tes, ben, ou aquí. Ou ao mellor aquí, ao mellor desde aquí funciona, non sei, a ver. *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, tampouco. A ver, desde o de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si. Ou desde aquí. ¡Ah! Aí vai. Vaíamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A ver desde aquí ao mellor si... Vaíamos á tribuna, a ver se funciona a tribuna. *(Murmurios.)*

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.



Pois, señorías, a solución escollida para mellorar a estrada e resolver o problema na LU-651 foi entre cinco alternativas. A solución é a máis óptima dende todos os puntos de vista, dende o punto de vista técnico, dende o punto de vista de funcionalidade, dende o punto de vista tamén ambiental. Oitocentos corenta metros dun novo vial cuxa traza estará entre o trazado orixinal e o trazado de emerxencia, cunha pendente máxima do 8 %.

Escollemos —como digo— esa alternativa dentro dunha análise de multicriterios e atendendo ao que só é a opción máis idónea tamén dende o punto de vista técnico, ambiental e funcional, porque tamén se afasta da zona principal onde se produciu o colapso. Entón, eliminamos riscos en canto a posibles oquidades na cámara e nas galerías inferiores da canleira.

Reducimos tamén o movemento de terras, tamén a altura de taludes. Como estamos nun ámbito que é Rede Natura, o criterio ambiental para nós foi un peso moi importante e queríamos reducir as afeccións á contorna. E nese sentido adoptamos esa solución definitiva.

E contrataremos de xeito inmediato xa o proxecto construtivo desta solución. O obxectivo é a mediados do ano que vén xa contar con ese proxecto e cos trámites de información pública, aprobación etcétera. E, polo tanto, licitar a finais do ano que vén esta solución definitiva.

Como digo, declaramos a emerxencia dende o primeiro momento e coa maior axilidade posible, coa maior transparencia tamén posible, demos explicacións das causas, executamos unha solución provisional, que está á disposición dos usuarios, e temos deseñada a solución definitiva da man do concello.

E o certo é que atrasamos as obras que no día de hoxe están executándose na estrada de Ferreira Vella-Seoane como consecuencia de non ter cortado Folgoso do Courel como consecuencia deste colapso.

A solución definitiva —como digo— é a máis idónea. E o certo é que nos gustaría que outras administracións actuaran do mesmo modo cando se producen sinistros similares. Dende logo, aos galegos e a Galicia gustaríalles moito. Nos últimos meses, na provincia de Lugo vimos dous sinistros e dous lamentables incidentes na rede viaria, e gustaríanos a Galicia que no Ministerio de Transportes se seguira o mesmo exemplo que seguiu a Xunta de Galicia. Creo que o que fixo a Xunta de Galicia é un bo exemplo para seguir por parte do Ministerio de Transportes á hora de afrontar o colapso do viaduto. Transparencia sobre as causas, diálogo para respostas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...inmediatas e axilidade nas solucións definitivas.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para dar resposta á comunidade educativa da comarca de Curtis na demanda dun servizo razoable de transporte escolar que cubra as necesidades de bacharelato e formación profesional

O señor PRESIDENTE: Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

O transporte público integrado que procedente de Sobrado dos Monxes pasa por Teixeira para recalar en Curtis non daba para tantos rapaces o primeiro día de curso.

Señor conselleiro, en Teixeira hai un dinamismo laboral e inmigratorio fóra do que é normal no rural na actualidade. Nun goteo constante e continuo están chegando familias que demandan cobertura dos servizos mínimos. Nesta demanda está a educación pública e igualitaria.

Como ben debe saber, as familias hoxe en día teñen que compaxinar o seu horario de traballo coa escolarización e cos estudos dos seus fillos e fillas.

E, como ben debera saber, seguimos coa asignatura pendente, polo menos no rural profundo, da necesidade de transporte para o bacharelato e a FP do ensino non universitario. Si, transporte público e gratuíto para corrixir unha marxinalidade que penaliza a Galicia rural nos rapaces e rapazas que teñen o atrevemento de estudar bacharelato e seguir a residir na aldea. Nesa aldea que teoricamente ten as maravillosas vantaxes fiscais pregoadas aos catro ventos polo expresidente Feixóo, e que non vemos por ningures. Ese transporte que se amaña con apaños e improvisacións de urxencia, ocupando as prazas sobrantes do ensino obrigatorio con taxis, axudas municipais, coches particulares compartidos co risco que conleva etcétera.

Unha realidade que impide a conciliación e que marxina un sector de poboación que se ve apoucado nos seus dereitos cidadáns e que non comprende este retroceso continuado en cómodos prazos.

É moito pedir que os habitantes da aldea de Galicia, Galicia, Galicia teñamos dereito a que os nosos fillos e netas poidan estudar bacharelato sen custos adicionais provocados por habitar un territorio con poboación dispersa. Esa dispersión poboacional que lles permite lavar a cara a vostedes con cifras e estatísticas e presumir de ratio alumnado/profesorado sabendo que menten.

Curtis, Arzúa, Melide son tres polos de oferta, e no medio Sobrado, Vilasantar, Boimorto, Mesía. Dispersos todos e todas, todos e todas nós, porque así nolo demandou este bendito territorio que nos tocou en sorte habitar.



En Teixeira soben arredor de corenta alumnos de bacharelato e FP. E o transporte que vén de Sobrado non lle vén sobrado e non dá para todos. E se sobra algunha praza e hai varios candidatos é o chofer quen escolle quen vai e quen queda.

Seriedade é o que demandamos, seriedade e equidade, dereito a un ensino non universitario gratuito. E poder habitar e vivir un rural disperso a tempo completo sen sentir a necesidade de fixar a nosa residencia na cabeceira da comarca ou na cidade máis próxima. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moi boa tarde, señor presidente.

Señor deputado, eu creo que coincidirá comigo en que Galicia ten un fantástico, moi bo, creo que excelente, e que é un orgullo, servizo de transporte escolar. Creo que, máis alá dalgunha cuestión puntual que poida xurdir, poñer en tea de xuízo un servizo fantástico, que leva funcionando moitísimo tempo, que como vostede ben di posibilitou dende hai xa décadas que o acceso á educación no espazo rural fose nunhas condicións o máis equitativas posible, creo que poñelo en cuestión ou intentar menosvalorar un servizo, que non é poñer en cuestión a acción do Goberno, senón poñer en cuestión un servizo como é o transporte escolar é realmente atrevido.

Creo que a entidade do transporte escolar en Galicia a di unha serie de cifras que lle vou repetir. Mire: en Galicia invístese aproximadamente cento vinte millóns de euros en transporte escolar. Transpórtanse todos os días algo máis de oitenta mil alumnos, que todos os días saen da súa casa e van ao centro escolar e volven.

Hai servizo de transporte escolar en setecentos setenta e catro centros. Hai catorce mil paradas aproximadamente. E hai miles e miles de rutas de transporte escolar polo territorio máis disperso e máis espallado de Galicia, que é o territorio rural galego, onde temos trinta mil entidades singulares de poboación, aproximadamente o cincuenta por cento das entidades de poboación de España.

E temos o cinco por cento aproximadamente do alumnado. Sen embargo, no custo económico do servizo de transporte escolar estamos a falar practicamente dun vinte e dous por cento do conxunto do Estado.

Con estes datos, poñer en cuestión un servizo tan importante para as familias, tan importante para o rural, tan importante para a educación, que posibilitou tantas oportunidades, é realmente unha acción valente.

É posible que haxa algún caso concreto. Sempre os hai, e hai que corrixilos e hai que encauzalos. Este servizo préstase entre dúas consellerías: por unha parte, a propia Consellería de



Educación, o cincuenta por cento aproximadamente e o outro cincuenta por cento a Concellería de Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, que xestiona aproximadamente o cincuenta por cento das rutas e ten un sistema de transporte integrado que posibilita compatibilizar os alumnos neste caso coas persoas.

Creo que é un servizo do cal debemos como galegos e como país estar absolutamente orgullosos, coas eivas e coas problemáticas que ten e que hai que corrixir.

Vostede fala dos alumnos de bacharelato e de FP. Vostede sabe perfectamente que o servizo de transporte escolar está orientado a dar servizo aos alumnos do ensino obrigatorio e a aqueles que residen a máis de dous quilómetros do centro escolar. Esa é a normativa, que leva así moito tempo e é unha normativa que posibilitou o gran servizo que temos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outra rolda despois. Grazas.

(Aplausos.)

Espere que agora non me vai a min aquí este... Hoxe temos isto negro. ¡Vaia por Deus!

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Señor conselleiro, sei do que me fala. E sei tamén que vostedes non fixeron prospección ningunha nin previsión ningunha. E estaban advertidos, porque do centro de FP e bacharelato de Curtis tiñanos advertidos do aumento de matrícula, e téñenos advertidos, e para o ano que vén non o van facer outra vez. E non lle vou falar do transporte nin das carencias do CEIP de Teixeiro, diso falaremos outro día, que teñen que ir rapaces — iso si, fillos de inmigrantes — en taxi a Curtis por non desdobrar, ¿verdade?

De todas esas carencias vostede non me di nada. Vostede faloume aí das marabillas dun plan de transporte. Eu do que lle quero falar é do dereito que teñen os rapaces e as rapazas do rural de poder estudar bacharelato cun transporte digno e gratuíto *(Aplausos.)*; por suposto, faltaría máis. Porque, unha vez máis, estamos en desvantaxe.

E xa está ben de que nos ninguneen e que logo nos pasen por diante dos narices — con perdón, señor presidente — que estamos exentos de non sei cantas cousas. Estamos exentos, si, de non sei cantos servizos. E vostedes tiñan que procurar que o bacharelato e a FP dunha vez sexan algo público e gratuíto. E gratuíto quere dicir que os pais e as nais dos rapaces e das rapazas non teñan que pagar 200 e 300 euros mensuais, e ás veces máis, para pagarlles un transporte aos seus fillos para ir ao bacharelato a Arzúa, a Melide ou a Curtis. *(Aplausos.)* Diso é do que lle falo, señor conselleiro.

Corenta anos de profesión no rural no ensino avalan que teño un coñecemento medianamente claro do que é o transporte, do que é o servizo gratuíto e non gratuíto.

O que lle estamos pedindo son dereitos. A Lei Villar Palasí do ano setenta empezou a regresar hai un tempo con vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señor deputado, eu non desconfío en ningún momento do seu coñecemento, en ningún momento o poño en cuestión. Eu simplemente digo que dá a sensación de que está cuestionando un servizo fundamental para a Galicia rural, tremendamente fundamental, que posibilitou que miles de alumnos, amigos seus, amigos meus, familiares seus, familiares meus, puidesen acudir aos centros educativos públicos.

(O señor Rivas Cruz: ¡É que non poden, señor conselleiro!)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): E vostede sabe perfectamente que hai unha normativa, que nos di que hai... *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, silencio, por favor.

Vostede xa é un deputado veterano. Silencio. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Si, é máis veterano ca min en anos, pero iso non ten nada que ver.

Refírome a que estaba dicindo que estamos a falar dunha normativa que se cumpre de xeito escrupuloso.

E no caso concreto de alumnos de FP e de bacharelato non hai ningún tipo de improvisación cando os alumnos de FP ou bacharelato entran nas rutas, pois hai miles de alumnos de FP e miles de alumnos de bacharelato que utilizan as liñas ordinarias de transporte escolar, moitísimos. Hai unha serie de requisitos que se piden e, se se cumpren, non hai ningún problema. Os requisitos son: prazas vacantes, que non haxa modificación das rutas, que non supoña a creación de novas paradas e que non incremente a duración do traxecto; iso para as rutas de educación. Para as rutas de transportes xestionados pola Dirección Xeral de Mobilidade hai unha tarxeta, a Tarxeta Xente Nova, que posibilita con total dignidade utilizar o transporte público, e non só para ir ao colexio, senón para calquera tipo de actividade por parte da poboación moza.

Vostede plantexa unha situación absolutamente concreta en Curtis. Eu teño aquí os datos. Mire: na zona de Curtis hai rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación e hai rutas de transporte integrado. Aí van os alumnos de Sobrado e de Vilasantar. Por suposto, todos os alumnos que teñen o dereito establecido pola norma non teñen ningún tipo de problema, ¡faltaría máis!



Desde a perspectiva educativa hai tres rutas que van ao IES de Curtis, que transportan a 126 alumnos: 96 de ESO e 30 de bacharelato. Non sei onde hai ese problema tan grande que vostede di. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* E no caso concreto de mobilidade, atopámonos con 455 estudantes: 139 de infantil e primaria e 256 de ESO, e dez de ciclos básicos de FP. E os alumnos de bacharelato teñen a maiores tamén a tarxeta de Xente Nova. Isto é o que se fai e isto é o servizo que existe.

Se vostede, como parece detectarse das súas palabras, o que pretende é que haxa unha dobre adscrición destes territorios respecto dos centros educativos, vostede saberá que iso implica unha reorganización de todo o territorio, pero esa reorganización de todo o territorio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...non ten que ver co transporte, senón que ten que ver basicamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Fernando Pérez Domínguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación do novo centro de saúde de Caldas de Reis

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Fernando Pérez Domínguez, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleiro de Sanidade.

¿Dispón a Consellería de Sanidade no día de hoxe dalgún terreo cedido polo Concello de Caldas de Reis para a construción dun novo centro de saúde? Na actual situación, ¿pode a Xunta de Galicia contratar a licitación da redacción do proxecto para a construción desta infraestrutura sanitaria tan necesaria e demandada en Caldas de Reis?

E agora se me dá tempo explícolle. En Caldas de Reis temos un centro de saúde e un PAC con máis de trinta anos, polo tanto, antigo, e ademais de pequeno tamaño e moi mal situado. O servizo de matrona que utilizaban as mulleres embarazadas do noso concello estívoise dispensando no chan da escola taller municipal. No día de hoxe temos servizos sanitarios prestados en diversos lugares espallados pola vila, ademais está situado nunha zona peonil moi transitada e cada vez que chega unha urxencia existe un risco certo ou probable de atropelo.

Como comprenderá, este problema de espazo foi un inconveniente engadido durante a pandemia da covid.



Cada vez que os nosos veciños preguntan por que non se constrúe un novo centro de saúde, o noso alcalde trata de responsabilizar a Xunta e o Sergas. E a miña pretensión hoxe non é outra que que quede claro de quen é a única responsabilidade pola que en Caldas de Reis non temos un centro sanitario moderno e adecuado. *(Aplausos.)*

Convén que analicemos como chegamos ata este punto. Durante o Goberno bipartito BNG e PSOE na Xunta o noso alcalde non abría a boca, e tan pronto como tomou posesión o presidente Feijóo, entón si, entón tiña présa. Pois ben, no 2019 a Xunta de Galicia do Partido Popular foi o primeiro goberno que dotou unha partida orzamentaria para o novo centro de saúde. E o alcalde en minoría, e co voto en contra de todas as forzas da oposición, decidiu ceder un terreo anegable polo río Umia, perdendo un tempo precioso, posto que ao final os técnicos do Sergas tiveron que rexeitalo. E a partir dese momento, é dicir, do 2012 ao 2019, cesión ningunha.

De repente, chegaron as présas. En setembro do 2019, BNG e PSOE din que xa atoparon unha parcela, que a ceden de forma inmediata; polo tanto, a Xunta ten que construír o centro xa exixindo dotación orzamentaria. Dende o 2019 o Sergas requiriu varias veces por escrito o terreo, indicando que se se lle entregaba se consignaría o orzamento. En varias entrevistas persoais, a Consellería trasladoume a min publicamente e ao alcalde o compromiso inequívoco da Xunta con esta nova construción. E no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, establece esta construción na súa fase I, a máis urxente, con dotación de novos servizos. E pese a iso estamos a ver como en concellos en fase II xa se está redactando o proxecto, e Caldas segue estancada.

Son tan reiteradas como mentira as acusacións realizadas neste Parlamento polas dúas forzas políticas da oposición de que o único responsable das posibles deficiencias do sistema público de saúde é o Goberno da Xunta, así como de que se está a recortar. Pero cando nos encontramos cun caso como o do centro de saúde de Caldas de Reis, vemos a verdadeira cara da mentira, daqueles que xogan a facer política barata coa sanidade pública, e ademais consideran que canto peor vaia, mellor lles irá nos seus retos políticos. Son aqueles que teñen na súa exclusiva man reverter....

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Pérez, efectivamente, o tema polo que vostede me pregunta vén de moi longo e podo dicirle que cando cheguei á consellería, tanto a Dirección Xeral de Recursos Económicos como a propia Xerencia da Área Sanitaria de Santiago transmitíronme a urxencia por renovar esta infraestrutura.



Como vostede ben sinala, o actual centro de saúde de Caldas non ten posibilidade de crecemento, o que está a provocar que teñamos que utilizar varios locais para dar asistencia. Falaba vostede da matrona, pero tamén podemos falar do servizo de Fisioterapia, que se puxo en marcha recentemente, que nos vimos obrigados a instalalo noutras dependencias municipais. É un centro que foi tamén dotado no 2020 con equipamentos, como tres novos electrocardiógrafos ou dous espirómetros, pero a falta de espazo tamén está a dificultar a realización destas técnicas.

Por todo isto, como ben dicía vostede, cando elaboramos o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria no ano 2021 colocamos este centro na fase I, na fase de urxencia, porque probablemente é o centro que máis urxencia ten de contar con novas infraestruturas para adaptarse ao aumento da súa cantidade de servizos.

E criamos que non sería complicado porque despois de todas as peripecias que vostede narrou, efectivamente, no ano 2019 o Sergas informa favorablemente dun terreo. Iso si, facendo referencia á necesidade de mellorar dúas cuestións fundamentais: os accesos e as cuestións relativas ao aparcamento. Polo tanto, en novembro de 2021, cando se aprobou ese Plan de infraestruturas sanitarias, remitiuse unha carta ao concello na que se mostraba a nosa disposición para definir eses matices urbanísticos necesarios. A resposta que recibimos foi nese mesmo mes, un oficio da alcaldía, onde nos trasladaba esa parcela e un plan especial de infraestruturas. Pero a nosa sorpresa foi que ese plan non incorporaba as consideracións que sobre os accesos viarios e sobre as prazas de aparcamento lle trasladamos no ano 2019.

En consecuencia, volvemos reiterar ao concello esa necesidade, un novo documento para resolver eses problemas, e o Concello ata o día de hoxe non respondeu ao Sergas. Pero si é certo que no pasado mes de xullo tramitou ante Urbanismo un documento final do plan para a aprobación definitiva. Esa aprobación está pendente aínda de informes do Goberno central.

Pero para nós o preocupante é que nesa documentación o Concello despacha as alegacións do Sergas sen modificar as propostas de accesos e sen solucionar as necesidades de aparcamento ás que me refería, pretendendo que as prazas se incorporen no soto do centro de saúde, é dicir, que fagamos un párking neste centro de saúde.

En consecuencia, estamos como hai tres anos, e as necesidades que advertimos no 2019 seguen sen estar contempladas. Polo tanto, hai dúas opcións: ou o Concello rectifica ese plan especial ou as demandas que non respondeu no plan terá que contemplalas nun convenio que asine para a construción dese novo centro.

Pero, dende logo, se o Concello non rectifica, non será posible aceptar esa parcela e licitar ese novo proxecto tan necesario.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Pérez Domínguez.



O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Grazas, conselleiro.

Grazas, presidente.

Segundo a súa contestación, podemos ver claramente que os caldenses estamos condenados a sufrir esta carencia, a do novo centro de saúde, por culpa da desidia do Goberno municipal socialista apoiado polo BNG, posto que pese aos ofrecementos da súa consellería só podemos actuar tras a cesión da parcela e estamos ante un tema capital para Caldas de Reis e a nosa comarca. A Consellería brindouse por escrito a axudar nos trámites administrativos que ten que facer o Concello de Caldas de Reis para poder ter os terreos en condición de seren entregados. E incluso chegou a remitir xa un borrador do convenio para ir axilizando. O Goberno da Xunta, a quen se lle acusa de recortar, manifesta pública e reiteradamente o seu compromiso político e orzamentario con esta infraestrutura. E as dúas forzas políticas que se din únicas defensoras da sanidade pública impiden que esta obra se leve a cabo.

O BNG convocou unha manifestación que foi secundada polo PSOE diante deste obsoleto edificio municipal onde se ubica actualmente o centro de saúde. Lémbrome de ver fotos dalgún deputado deste Parlamento sen importarlles que estivésemos en covid, en plena repunta de covid e que estivésemos cun edificio nesas condicións. E ademais, no 2019, ambas as dúas forzas asinaron, sen intentar a unanimidade, a cesión dos terreos que tres anos despois están sen ceder.

Como poden comprobar, unha cousa é predicar e outra dar trigo. (*Aplausos.*) Ademais, é un claro exemplo da importancia real que lles dan á sanidade pública e ás súas instalacións. Lamentablemente, a súa preocupación non é a mellora do sistema, só a utilización como ferramenta de desgaste.

Polo tanto, conselleiro, trasládolle dúas novas preguntas:

Se hoxe dispuxera dos terreos, ¿dispón a súa consellería de partida orzamentaria para iniciar a redacción do proxecto e a posterior construción?

¿Que previsións existen sobre a dotación do novo centro de saúde e que mellora de servizo se prevé incorporar con relación á situación actual?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Domínguez.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Por suposto, señor Pérez, se dispuxeramos da parcela nas condicións requiridas, a vontade da consellería é licitar canto antes ese proxecto, e hai fondos para iso. Non é, dende logo, unha cuestión partidista, como non fai falta especificar. De feito, nesa mesma área sanitaria



hai dous concellos con alcaldes socialistas e nacionalistas, como son Meis e Barro, que figuraban como vostede ben dicía na fase II, e xa temos agora mesmo avanzada a tramitación dos convenios para iniciar canto antes esa licitación porque si completaron os trámites urbanísticos para a cesión dunha parcela nas condicións requiridas.

O noso proxecto para o centro de saúde de Caldas é moi ambicioso, cun plan funcional que temos aprobado agora mesmo. Trátase dun centro moderno con máis de dous mil oitocentos metros cadrados de superficie, onde haberá incrementos de espazos en distintas áreas. Poderíamos ter unha sala específica de técnicas e unha sala polivalente, así como unha consulta tamén para docencia dos residentes de familia que se formaron neste centro. Integrariamos nese mesmo centro tamén a fisioterapia, a área da muller, a consulta da matrona e unha sala de educación sanitaria. Ademais, habilitariamos espazos para incorporar a este novo centro consultas de farmacéutico e atención primaria, consulta de traballo social, unha área bucodental con servizos de odontoloxía e hixienista dental.

Por último, mellorariamos o PAC incrementando os espazos de consulta con salas de tratamento e urxencias, e dotariamos o persoal do centro, que ben o merece, dunha sala de estar e unha sala de xuntas, ademais de incorporar un despacho de coordinación para a xefatura do servizo.

Este é o plan funcional que temos aprobado e este é o proxecto que licitaremos en canto po damos ter a garantía dunha parcela que cumpra — como dicía antes — duns condicionantes que a Xunta non inventou agora, senón que puxo negro sobre branco dende que se ofreceu por primeira vez esa parcela no ano 2019, pero que seguen sen asumirse polo Goberno local.

En consecuencia, agardamos que o Concello de Caldas rectifique, dea resposta ás necesidades de accesibilidade que ten unha infraestrutura destas características, máis se falamos dun PAC ou co tema do acceso, tendo en conta ademais o tema do aparcamento. E se — como digo — cumprira estas características poderíamos transmitir por fin a cesión da parcela e a licitación dese centro tan necesario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D. Martín Seco García e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual do proxecto de aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Seco García, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, hai tres anos que anunciaban en Osmo, no concello de Cenlle, a primeira aldea modelo de Galicia. O seu goberno e o local, presidido entón polo actual delegado da Xunta en Ourense, anunciaban a posta en valor do seu territorio coa aparición dunha empresa que se dedicaría á cría de porco ecolóxico, ovelas, vaca cachena e produción de forraxe. Unha actuación que, ademais da creación dunha franxa secundaria contra o lume, faría que o Concello recibise unha renda polo alugueiro das terras e a posta en actividade agraria do territorio, creando produtos cun selo de calidade e fomentando a demografía na zona.



A realidade é que no día de hoxe daquel proxecto de produción agraria non queda case nada, só recollemos os gastos do concello para a compra de terras e os gastos da súa consellería por vía de contratos menores, xa que vostede é incapaz de levar a cabo actuacións a través de adxudicacións con publicidade e concorrencia competitiva; todo moi en liña co baltarismo ourensán, que utiliza o xeito dixital (*Aplausos.*) nas adxudicacións. E cando me refiro a dixital refírome no sentido máis físico da palabra: 4.800 euros para estacas, 4.800 euros para maia cinexética, 38.000 euros para a súa execución, que sabendo que o contrato menor non pode exceder dos 40.000 euros para obras, a súa consellería, sibilamente, factura por un lado a obra e por outro os materiais.

Tamén vimos como no 2020 vostedes asinaban un convenio co Goberno de Cenlle para re-habilitar tres edificios tradicionais, mercados para un plan piloto de turismo rural. Neste convenio a Xunta comprometéase con 200.000 euros autonómicos para executar no ano 2021. O Goberno local de Cenlle contratou o proxecto para tal fin e licitou a obra. Unha obra que a finais de 2021 foi paralizada polo abandono da empresa concesionaria. Algo que sucedeu, segundo a empresa, por ter que adaptar os terreos e polos elevados custos da súa construción. O incomprendible é que o Goberno do Partido Popular en Cenlle non coñecese o estado dos terreos do seu propio municipio e que a empresa concesionaria fixese a obra cunha oferta que baixaba moito o prezo do establecido no concurso.

O resultado foi que o Concello de Cenlle perdeu os cartos do proxecto e os cartos que tivo que aboar á concesionaria polos traballos que realizaron. Unhas decenas de miles de euros que deixan un furado nas contas municipais dun concello con limitada capacidade orzamentaria, como a maioría dos concellos do noso rural.

Conselleiro, despois do fracaso do proxecto de actividade agraria no 2019 e o turístico no 2021, o Goberno galego contrata agora, e outra vez a dedo, un plan de dinamización da aldea modelo de Osmo por 18.000 euros. E nós preguntamos sobre a planificación, sobre a cal actuaron con anterioridade. E contratan tamén a dedo por máis de dezasete mil euros un proxecto para unha exposición permanente, en liña co despilfarro do Gaiás de Sergude.

Por todo isto, conselleiro, queremos preguntarlle pola situación na que está este proxecto de aldea modelo en Osmo e os efectos sobre o abandono da terra agraria desta actuación que, pese a anunciarse no 2019 e os múltiples cartos públicos enterrados, segue a ser un mero anuncio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín seco.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, eu xa sei que por debaixo desa parafernalia hai un home sensible que —estou seguro— está preocupado polo tema das aldeas modelo e eu tratareillo de explicar. Porque



ademais, participou vostede activamente na elaboración —aínda que logo se abstiveron— da Lei de recuperación da terra agraria de Galiza, que é de maio de 2021 e é a que regula as aldeas modelo.

Detrás do concepto das aldeas modelo está —penso que todos podemos concordar— o tratar de devolverlles as aldeas o papel protagonista que sempre tiveron na ordenación do territorio no rural galego. E o concepto de aldea modelo ten que cumprir catro requirimentos —vou tratar de dicir os que están cumpridos en Osmo e o que nos queda por facer—: teñen que ser aldeas seguras fronte aos incendios forestais, coa xeración de actividade agrogandeira, aldeas con actividade económica rendible e sostible, aldeas rehabilitadas integralmente e aldeas intelixentes. E vou explicar en que estado está Osmo con cada unha destas cuestións.

No que se refire á aldea segura, —non sei exactamente de onde sacou os datos, pero sempre se falou dunha explotación de porco celta en extensivo que ademais abrangue unha parte desas 23 hectáreas— teño que dicir que no incendio que houbo no mes de agosto no municipio de Cenlle, nesa aldea os peches —que o pode ver aquí, señor Seco (*O señor González Vázquez ensínalles unha imaxe aos membros da Cámara*)— pararon o incendio e ademais axudaron ao servizo de prevención. Hai unha entrevista do responsable da brigada que di que «este incendio que arrasou 65,73 hectáreas había que cortarlle a cabeza o lume e puidemos facelo porque había dúas zonas de ancoraxe e unha delas era a aldea modelo de Osmo». Pero é que no Courel, que temos outra aldea en Pobra do Brollón, en Parada de Montes —que tamén está publicado—, foi precisamente o gando que estaba alí, os peches, os que evitaron que arderan as casas e que se puidera defender esa aldea.

Polo tanto, este ano dentro da desgraza que foron os incendios puidemos comprobar que funciona efectivamente as franxas, cousa que por outro lado ten todo o sentido común do mundo. Non é que fose unha invención miña, senón que parece evidente, señorías, que se temos a actividade agrogandeira arredor das aldeas, cando menos, teremos menos maleza e máis protexidas.

No que se refire á aldea con actividade económica sostible, se unha explotación de porco celta galego en extensivo que tamén pode ser ecolóxico non é sostible, a min que me veña a explicar a señoría do Partido Socialista o que é esa sostibilidade.

Hai unha explotación de porco celta con marca propia que está nas feiras —e pódese comprobar— e ademais ten —téñollo que dicir— un produto extraordinario, señor Seco. Se o quere probar, podémolo falar tamén. E o efecto inducido, señorías, foi que se fixo unha casa de turismo rural na aldea modelo de Osmo, que —por certo— me din que está traballando bastante e ben.

Se mo permiten —como son catro aspectos—, na miña quenda de resposta explicareille o que estamos a facer no que se refire á rehabilitación integral de Osmo e o que estamos a facer na súa conceptualización como aldea intelixente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Señor conselleiro, imos pasar do escenario do señor González no rural das marabillas á realidade, señor González Vázquez. Alí hai tres corchos e unha burra. Iso é o que hai, actualmente. *(Risos.) (Aplausos.)*

Dende o noso grupo, non imos criticar a figura das aldeas modelo e moito menos as franxas secundarias, pero pretendemos moitísimo máis co que significa recuperar a terra agraria. Permítame que lle diga que, cunha ínfima superficie agraria a máis de vinte puntos do resto de España e de Europa, a solución non está en desastres como os realizados ata o momento na parroquia de Osmo, tirando ao lixo miles de euros cunha actuación arbitraria e sen planificar o que se converteu nun mero anuncio publicitario —como fixo vostede aquí—, tal e como confirman ademais vostedes cando teñen que facer agora un plan de dinamización.

Señor conselleiro, o concello de Cenlle e o resto dos concellos do rural necesitan servizos que reteñan e capten poboación. ¿De que serve o gasto en museos ou en actuacións turísticas, se vostedes merman a calidade da educación, da nosa sanidade, non se dá resposta ás necesidades de conciliación das familias e o coidado dos nosos maiores e nin tan sequera pelexan porque exista unha entidade bancaria onde poidan facer e levar as súas actividades económicas? *(Aplausos.)*

Señor González Vázquez, xa llo dicía hai case dous anos o alcalde do Partido Popular de Friol, cando cuestionaba as aldeas modelos como catalizador do rural, dicindo que os custos en ensaios —que non se di como se van manter no tempo— serían moi altos e criticaba duramente que a súa consellería, que definía precisamente cunha pandemia do rural, gastase millóns de euros en museos para exhibir o noso rural, cando non hai mellor escaparate que o propio rural galego.

O seu alcalde, conselleiro, reflexionaba se non sería mellor opción fomentar os intercambios de terras, previstos nas leis, e axudar a facer explotacións máis viables e con máis capacidade de crecemento reducindo os custos de produción con parcelas agrupadas e rendibles. E nós dicímoslles que non nos faga caso a nós, que lle faga caso ao seu alcalde e que priorice os investimentos nunha verdadeira política de mobilidade de terras e que os investimentos en aldeas modelo estean ben planificados deixando de actuar baixo criterios arbitrarios e tirando ao lixo miles de euros con museos e actividades ficticias... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Seco, recoméndolle desde a máxima cordialidade que, vostede ademais de dialogar co seu grupo parlamentario, fale cos seus alcaldes e con aqueles que teñen aldea modelo ou



que a están pedindo, como o alcalde de Carballeda de Avia, alcalde de Ames —que, por certo, acaba de falar extraordinariamente ben do proxecto de aldeas modelo—, alcalde do Barco de Valdeorras, que o intentou e xa lle trasladou tamén aos veciños a importancia de ter unha aldea modelo para defenderse fronte aos incendios forestais... Eu diríalle que fale con eles e que se aconselle con eles porque son xente con moito sentido común.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Se me desculpan, por rematar, dicirlle que eran catro aspectos da aldea: falei da aldea segura —e penso que está totalmente acreditado— e falei de aldea con actividade económica, que aí se o que está desenvolvendo a actividade non ten a totalidade das 23 hectáreas da aldea, se vos tede le a lei, sabe que se pode volver a licitar para outro destinatario, pero que temos que garantir esa actividade económica—. Pero, déixeme que fale de aldea con rehabilitación integral. Aquí é onde tivemos precisamente a necesidade porque a lei —repito, que é de maio do ano pasado— di que para entrar na parte urbana da aldea necesitamos o plan de dinamización.

Desde o punto de vista urbanístico, vén a ser como un plan especial que ten que preparar a rehabilitación integral da aldea, porque temos que xogar coa filosofía de que nunha aldea modelo non pode haber nin unha casa deshabitada que ademais estea en ruínas, tendo que rehabilitalas todas. Por iso, decidiuse —aínda que se vai facer o proxecto de dinamización turística— incluílo no plan de dinamización. E xa lle anuncio aquí que un dos pilotos dos plans de dinamización vai ser precisamente Osmo. E o ano que vén sacaremos unha orde de axuda para que as 21 aldeas modelo de Galicia teñan ese plan de dinamización. Por certo, rehabilitación cumprindo estritamente os criterios de máximo respecto á arquitectura tradicional e con utilización na medida do posible de madeira.

E remato coas aldeas intelixentes. O que se busca é garantir nesas aldeas a conectividade dixital, a autosuficiencia enerxética e a implantación de últimas tecnoloxías nas explotacións agrogandeiras. Saben que iniciamos un procedemento de consulta preliminar no mercado que agora vai concluír nunha compra pública de innovación para as solucións tecnolóxicas, as aldeas intelixentes. A vostede pareceralle pouco importante, pero participaron na primeira xornada, señorías, 160 propostas de empresas de todo tipo para cumprimentos ou retos.

Tivemos unha segunda xornada o pasado mes de marzo e este venres —e aproveito para dicirlles que imos invitalos á Comisión 7ª para que veñan a ela— teremos a terceira xornada de apoio ás aldeas intelixentes, con retos tan importantes como pode ser unha plataforma intelixente para a xestión dos servizos no ámbito local ou unha plataforma de trazabilidade para aqueles que estean nas aldeas modelo.

Remato xa, señor presidente. Todos debemos apoiar o feito de devolverlle á aldea en Galicia o seu papel fulcral como o sistema de ordenación do territorio que sempre foi.

Agora ben, esa aldea ten que ser con criterios do século XXI e podendo presumir dela como un modelo a repercutir en calquera outra parte do territorio.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno.

Nada máis, boa tarde a todas e a todos.


Remata a sesión ás seis e vinte e seis minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

